

# Galicia<sup>21</sup>

Journal of Contemporary Galician Studies

Issue L· 2022



*Laurus nobilis L.*

Specimen no.: Herbario SANT 75715 / Determinavit: Karlón López, 2018 / Legit: Karlón López

Date: 15.04.2018 / Place of origin: A Coruña, Chelo (Coirós), Mandeo river / Habitat: Wood by the riverbank  
[https://www.usc.gal/herbario/?SANT\\_75715#/](https://www.usc.gal/herbario/?SANT_75715#/)

---

*Editorial*

**Exploring Galician Culture between the Verbal and the Visual**

David Miranda-Barreiro and Martín Veiga

[www.galicia21journal.org](http://www.galicia21journal.org)

03

---

***A lavandeira de San Simón: a memoria das voces silenciadas***

Eulalia Agrelo-Costas e Isabel Mociño González

05

---

**'Transluçinating' Medieval Galician-Portuguese Love Lyric:**

**Erín Moure's Stitched *Cantigas* in *O Cadoiro***

Harriet Cook

22

---

**Unha poética da dor desde a extimidade na arte verbal e visual  
de Emma Pedreira**

Inma Doval-Porto

38

---

**Intermedialidade e adaptación na banda deseñada galega**

Antonio J. Gil González e Kenya Pineda

55

---

**Territorio inédito: *O puño e a letra* de Yolanda Castaño**

Teresa Seara

76

---

*Guest Article*

**Making the Documentary *Anatomy of a Mermaid* or How to Film  
Subversive Theatre Performances**

Adriana Páramo Pérez

98

---

**Busto Miramontes, Beatriz**

*Un país a la gallega. Galiza no NO-DO franquista*

Iria Ameixeiras Cundíns

117

---

**García Martínez, Pablo**

*Un largo puente de papel: Cultura impresa y humanismo antifascista  
en el exilio de Luís Seoane (1936–1959)*

Helena Buffery

122

---

**Casas, Arturo**

*Procesos da historiografía literaria galega. Para un debate crítico*

Lucia Cernadas

125

---

**Payne, Keith, Lorna Shaughnessy & Martín Veiga (eds.)**

*A Different Eden: Ecopoetry from Ireland and Galicia / Un Edén  
diferente: Ecopoesía de Irlanda e Galicia*

María Xesús Nogueira Pereira e Manuela Palacios González

130

---

**Carballeira, Paula**

*E continuaremos a contar. A narrativa oral como ato de visibilidade  
e sobrevivência*

Antonio Reigosa

135

# *Editorial*

Galician literature has demonstrated a sustained engagement with the visual arts through the centuries. This relationship has adopted many different forms and formats, and has generated fruitful and enriching collaborations. Some outcomes of this interaction include the illuminated manuscripts of the medieval Galician-Portuguese tradition, the close bond of text and artwork in Castelao's oeuvre, the development of a visual sense of identity through Luís Seoane's multifaceted creative endeavours, and more recent cultural manifestations related to the development in Galicia of forms such as comics and video art, installations and performances, blogs and albums, in which the verbal and the visual diversely collide, coexist and coalesce.

This special issue of *Galicia 21. Journal of Contemporary Galician Studies*, entitled 'Text, Image, Archive: Galician Literature and the Visual Arts', examines the rich, varied and ever-evolving relations between Galician literature and the visual arts, which for the purposes of this issue refer to artistic manifestations such as comics, illustration, film and other forms of multimedia engagement. Literature is also understood in an open, inclusive manner to incorporate discussions of the many different connections that are established between verbal and visual aspects within genres such as poetry, drama, comics, fiction and picture books. We are aware that there are multiple other ways in which the visual arts have engaged with Galician literature —and viceversa—, such as photography and calligraphy, so the special issue that we are presenting here has been curated and devised as an introduction to a fascinating field of study, which will undoubtedly be followed by further publications that will continue to explore other dimensions of this subject.

The articles included in this issue provide a space for reflection on a variety of intersemiotic, transmedial practices that result in hybrid texts in which the verbal and the visual actively come together to create new meanings.

This clearly occurs in the case of the picture book, as demonstrated in the article '*A lavandeira de San Simón*: a memoria das voces silenciadas', by Eulalia Agrelo-Costas and Isabel Mociño González, which discusses the hybrid nature of the picture book and traces its recent development in the Galician context. The article provides a close reading of the dialogue between text and illustrations in *A lavandeira de San Simón*, written by Eva Mejuto and illustrated by Bea Gregores, as the first picture book to address such a topical matter as the Spanish Civil War and its aftermath, devoting particular attention to the effects of the war on women and children as some of the most vulnerable members of society within that context.

In her article 'Translucinating' Medieval Galician-Portuguese Love Lyric: Erín Moure's Stitched *Cantigas* in *O Cadoiro*', Harriet Cook examines the visual dimension of Erín Moure's 'transluçines' as they are presented in her collection *O Cadoiro*. The 'transluçines' are Moure's contemporary creative responses to the medieval *cantigas de amor*, which she conceives as the result of a dialogue with the tradition that is often mediated by theories such as Derrida's archive fever. Cook also explores

the visual nature of the ‘transluçines’ as assemblage pieces that reveal the process of their own making.

Inma Doval-Porto’s article ‘Unha poética da dor desde a extimidade na arte verbal e visual de Emma Pedreira’ focuses on one of the most versatile and prolific contemporary writers in Galician, Emma Pedreira. After providing an analysis of her creative trajectory, the article examines Pedreira’s poetry collection *Para saír deste lugar* from a psychoanalytic perspective highlighting the tension between the verbal and visual elements in the book. The article argues that a poetics of extimity is manifested in the collection through a duplicity of voices that are constantly alternating and expressing themselves in paradoxical terms. The links between image and text add different degrees of complexity to other aspects of the book (animal allegories, the fragmented body, etc.) that the article also addresses.

The growing interest in comics in recent years is the focus of the article ‘Intermedialidade e adaptación na banda deseñada galega’, by Antonio J. Gil González and Kenya Pineda. The authors’ engagement with the intermedial relationships between Galician literature and banda deseñada is quite timely, as the study of the intermedial nature of this graphic medium has also gathered momentum in comics studies more generally.

This intermediality and the hybridisation of poetry with comics are, in fact, further developed in Teresa Seara’s article ‘Territorio inédito: *O puño e a letra* de Yolanda Castaño’, which is dedicated to the analysis of the first example of comic poetry in Galician literature: Castaño’s *O puño e a letra*. As well as an analysis of the evolution of the writer’s voice through the years, the article discusses the literary and visual treatment of some of the poet’s main themes: eroticism, feminism, beauty and metapoetry.

Finally, as is the norm in *Galicia 21*, this Issue L also includes a guest article, entitled ‘Making the Documentary *Anatomy of a Mermaid* or How to Film Subversive Theatre Performances’. It is a reflection, by Galician filmmaker Adriana Páramo Pérez, on the process of creation of her documentary *Anatomy of a Mermaid*, which in turn considers Iria Pinheiro’s creative process of her autobiographical documentary theatre play *Anatomía dunha serea*, where she challenges idealised depictions of the pregnant woman by portraying her own experiences of obstetric violence. Inhabiting the intersection between stage performance and film as a site for reflection, the article advances that a subversive gaze is required to portray disruptive practices.

We hope that the contents of this special issue stimulate new ideas about the sometimes complex articulations of the relationship between text and image, between the verbal and the visual.

David Miranda-Barreiro

Martín Veiga

*Editors*

*Article*

# *A lavandeira de San Simón: a memoria das voces silenciadas*

**Eulalia Agrelo-Costas  
Isabel Mociño González**  
Universidade de Vigo

*Keywords*

Galician Picture Books  
Spanish Civil War  
Memory  
Women

*Palabras clave*

Álbum ilustrado galego  
Guerra Civil española  
memoria  
mulleres

*Abstract*

After discussing the complex definition of the picture book given its hybridity, this article briefly traces its evolution in Galicia from its slow emergence in the second half of the 20th Century to the transformation caused by the Pontevedra publishers Kalandraka and oqo. From the vast repertoire of Galician picture books, the article examines *A lavandeira de San Simón*, written by Eva Mejuto and illustrated by Bea Gregores, as it is the first to address the Spanish Civil War. The book is analysed paying particular attention to the relationship established between the text and the illustrations in order to recreate a fiction that echoes the harsh consequences of war, especially among the victims that are always silenced: women and girls. The conclusion points out that emotion and reflection intersect to reassemble the collective memory of the Spanish Civil War from personal and apparently minor stories.

*Resumo*

Despois de referirse á complexa definición do álbum ilustrado dado o seu hibridismo, trázase unha breve evolución do álbum en Galicia desde a súa tímida emerxencia na segunda metade do século XX ata o revulsivo provocado polas editoras pontevedresas Kalandraka e oqo. De entre o amplio repertorio de álbuns galegos, detense en *A lavandeira de San Simón*, escrito por Eva Mejuto e ilustrado por Bea Gregores, debido a que é o primeiro que aborda a Guerra Civil española. Faise un percorrido analítico polas súas diferentes páxinas, atendendo sobre todo ás relacións que se establecen entre o texto e as ilustracións, para recrear unha ficción que se fai eco das duras consecuencias da guerra, especialmente entre as vítimas sempre silenciadas: as mulleres e as nenas. Conclúese que a emoción e a reflexión se entrecruzan para recompoñer a memoria colectiva da Guerra Civil española desde as historias persoais e en minúscula.

A lavandeira de San Simón:  
*a memoria das voces silenciadas*  
Eulalia Agrelo-Costas  
Isabel Mociño González

## 1. Referencias mínimas ao universo do álbum

Os álbuns ilustrados modernos comezan a editarse nos anos sesenta do século XX, debido á revolución das artes gráficas e das técnicas de impresión nun tempo de transformación no eido da comunicación e de emergencia cultural. Dada a súa gran versatilidade, este formato foi explorado desde múltiples perspectivas, polo que a súa caracterización ‘debería estar en continua evolución como lo está el álbum mismo’ (Bosch 2007: 26). Nesta liña sitúase Silva-Díaz (2005), quen sinala a inexistencia de acordo para darlle nome, definir e establecer a súa xenealoxía, aínda que non renuncia a especificar que é ‘un producto (usualmente de 24 ó 32 páginas) en el cual la gran mayoría (casi siempre todas las dobles páginas) contienen ilustraciones’ (Silva-Díaz 2005: 32).

Pola súa parte, Sipe (2001) refírese ao álbum ilustrado como un obxecto artístico, no que todos os seus elementos integradores (texto, ilustracións, cuberta, contracuberta e deseño) achegan unha experiencia estética á persoa receptora. Entre eles, sobresaí a interrelación que orixinan o texto e as ilustracións, a cal contribúe a transformar o significado de ambos e promove unha experiencia máis rica que a simple suma das partes (Nodelman 1988). Outras fontes resaltan a centralidade da imaxe e a súa dimensión material (Kümmerling-Meibauer 2015). Como aclara Larragueta (2021) no seu percorrido histórico do álbum, a súa caracterización vai depender do enfoque: público receptor, particularidades estéticas, códigos empregados, soportes materiais, etc.

No entanto, pode dicirse que o álbum representa unha forma de expresión composta pola interacción dun texto, por veces subxacente, e das ilustracións, sumamente preponderantes, no seo dun soporte libro, caracterizado pola libre organización da dobre páxina, a diversidade de realizacións materiais e a sucesión fluída e coherente das súas páxinas (Van der Linden 2007). Esta superioridade da imaxe, que ha de ocupar máis do 50% do espazo (Dupont-Escarpit 2006, Ramos 2011), fai que o álbum ilustrado sexa visto como ‘arte visual de imágenes secuenciales fijas e impresas’ (Bosch 2007: 41). Cabe remarcar que a ausencia de texto nos álbuns silentes ou sen palabras non erradica a súa condición literaria, porque ‘con texto o sin él, el álbum cuenta una historia, desarrollada en el tiempo, y que suele tener todos los elementos habituales de una narración, aunque, a menudo, estos sean aportados por las imágenes’ (Díaz Armas 2008: 45).

Para Agra e Roig (2007) constitúen magníficos exemplos de ‘artextos’, nos que texto e imaxe establecen unha relación sinérxica (Duran 2009), logrando a súa combinación conxunta un efecto maior (Silva-Díaz 2005). Non obstante, ha de recoñecese que o código visual e o textual manteñen distintos vínculos con implicacións directas na creación do significado da historia: de dependencia (o texto e a imaxe desenvólvense dunha forma unísona dende a redundancia, a adición ou a colaboración), de contradición (a ilustración opone ao texto ou viceversa) e de substitución (ante a ausencia de texto, a linguaxe verbal é proporcionada polo lector) (Díaz Armas 2008).

Ademais do recoñecemento do código visual e textual e das relacións mantidas entre eles como aspectos definidores do álbum ilustrado (Hoster & Gómez 2013), cómpre reparar no resto de elementos peritextuais (Genette 1989), que rodean, introducen e condicionan o texto. O deseño,

A lavandeira de San Simón:  
*a memoria das voces silenciadas*  
Eulalia Agrelo-Costas  
Isabel Mociño González

o formato, a materialidade, o soporte, etc. contribúen tanto á creación de sentido como ao desenvolvemento de competencias orais, lectoras e de escrita (Calvo 2017).

A causa do seu hibridismo, o álbum está próximo ao artefacto, ao xogo e á obra de arte (Ramos 2011), polo que o abano de idade dos seus destinatarios é amplísimo. O lector-espectador pode ser tanto unha persoa adulta cun gran caudal de intertextos (Mendoza 2001), coma unha crianza en formación, á que axudará a tomar parte da propia cultura (Nodelman 1988) e adquirir diversas aprendizaxes desde a escasa competencia literaria dos primeiros anos (Díaz Armas 2008). De aí que Beckett (2012) os integre baixo o sintagma de *crossover picturebooks*, porque son transversais a diferentes xeracións e poden ser lidos por múltiples audiencias.

O seu afastamento dos límites do textocentrismo e o diálogo que mantén entre as súas linguaxes reclaman un lector interactivo, que constrúe os sentidos a partir da súa capacidade para decodificar estas linguaxes e manipular fisicamente o volume (Duran 2005, Ramos 2017a). É, sen dúbida, un dos camiños máis acaídos para formar as primeiras idades no marco da polialfabetización (Cerrillo & Senís 2005) desde a posición dun lector competente que ten autodirección e autocontrol no proceso de lectura (Lluch & Zayas 2015), ademais de ser unha ponte acaída cara ás lecturas canónicas e aquelas xurdidas no ecosistema dixital (Agrelo & Mociño 2019).

Estamos ante unha forma ‘no definida’ (Duran 2007: 209), que carece dun esquema regular e acolle unha diversidade de creacións infinita. Podemos concluír, polo tanto, que, baixo a denominación de álbum ilustrado, *picture book* ou *picturebook*, se alude a un ‘artefacto con potencial suficiente para modificar inercias y desafiar cánones’, sendo cualificado de ‘heterodoxo, camaleónico, híbrido, multimodal, sofisticado, omnívoro o polifónico’ (Consejo 2014: 3-4). Tras décadas de marxinalización, este segmento da edición encamínase cara á lexitimación por vía da investigación e da divulgación (Rodrigues 2017), sendo un dos modos de expresión humana ‘más atractivos, dúctiles y emblemáticos de nuestra época’ (Duran 2007: 38).

## 2. O álbum ilustrado en Galicia

O álbum infantil emerxeu con timidez na Galicia da segunda metade do século xx, debido ás necesidades materiais e aos altos custos do seu proceso editorial. A súa presenza foi puntual e simbólica, pois só se rexistran algúns títulos na editorial Galaxia, Edicións Xerais de Galicia e Sotelo Blanco (Ramos 2011). En concreto, os ‘antecedentes’ do álbum ilustrado sitúanse en tres títulos da colección ‘Desplega-velas’ publicados no ano 1967 (*Polo mar van as sardiñas*, *Unha nova terra* e *Todos os nenos do mundo seremos amigos*), que salientan pola riqueza, versatilidade e relevancia outorgada ás ilustracións dentro dun repertorio limitado a poñerles imaxe a determinados fragmentos das historias, sen darse moita interrelación entre texto e imaxes (Franco-Vázquez, Mesías-Lema & Agra 2016).

O abaratamento dos custos na impresión nun marco tecnolóxico innovador, a demanda de lecturas literarias desde o ensino, o rebulir creativo existente en Galicia e a crecente consideración dada ao labor dos profesionais da ilustración determinaron que se crease un contexto propicio para a irrupción de iniciativas vinculadas co álbum infantil. O seu verdadeiro despegue deuse coa aparición na cidade de Pontevedra do selo

A lavandeira de San Simón:  
*a memoria das voces silenciadas*  
Eulalia Agrelo-Costas

Isabel Mociño González

editorial Kalandraka no ano 1998, da man dun grupo interdisciplinar que procuraba cubrir un baleiro existente neste formato e contribuír á normalización lingüística do galego, aínda que acabou por ser unha iniciativa plurilingüe que publica tamén en castelán, catalán, éuscaro, portugués, italiano e inglés.

A fórmula do seu éxito radicou nas atencións prestadas tanto ás creacións literarias coma ao conxunto dos elementos paratextuais dos seus diferentes álbums, que acubillaron sobre todo reescritas de textos provenientes da tradición, clásicos universais e creacións propias en coleccións como ‘Os contos do trasno’, ‘Demademora’ e ‘Tras os montes’, conformando un catálogo de ‘assinalábel qualidade’ (Ramos 2011: 23). Este labor foi valorado por diferentes recoñecementos, entre os que cómpre citar o I Premio Nacional de Ilustración 1999, que o Ministerio de Educación e Ciencia de España lle concedeu a Óscar Villán por *O coelliño branco*, que tamén foi clasificado como un dos mellores libros para a infancia no ano 2000 polo Banco del Libro de Venezuela, ou o Premio Nacional ao Mellor Labor Editorial Cultural 2012, que concede o Ministerio de Cultura de España.

Por estas razóns, este proxecto foi un auténtico revulsivo no sector editorial en Galicia, ademais de representar un punto de inflexión na historiografía literaria, converténdose no motivo que tomou Roig (2015) para fixar a unidade xeracional ‘Da ilustración á narración e o proxecto Kalandraka’ na súa periodización da literatura infantil galega. Tamén é de salientar a excelente maridaxe entre a linguaxe verbal e icónica nunhas propostas que combinan as emocións, a diversión, a imaxinación, etc., sen perder de vista o enfoque das correntes encamiñadas cara á sustentabilidade, que determinaron que este proxecto editorial de raizame galega tamén tivese repercusión no Estado español e no ámbito internacional.

Cara ao ano 2005, unha parte dos fundadores de Kalandraka encetaron un novo proxecto ao redor do álbum ilustrado baixo o cuño de ‘oQO Editora’, co propósito de seguir pulando pola producción propia e vertebrar un espazo creativo para autores e ilustradores con propostas singulares. Nas súas diferentes coleccións (‘O’, ‘Q’, ‘nanOQOS’, entre outras) reuniu contos marabillosos, lendas de diferentes xeografías, achegas contemporáneas, etc. en volumes editados en galego e outras linguas do ámbito europeo para seguir fomentando a reflexión e a imaxinación desde obras que aglutinan múltiples tendencias artísticas e experiencias (Ramos 2011).

O fenómeno de Kalandraka dispuxo que o sistema editorial galego continuase o ronsel das súas coidadas propostas. Así, selos editoriais existentes ou outros de nova creación inclúían nos seus catálogos un número cada vez máis elevado de álbums ilustrados, que propiciaban a oportunidade de descubrir a obra de artistas provenientes de países cunha ampla tradición neste formato editorial, á vez que se lles despregaba aos ilustradores galegos un campo de expresión do que estiveran privados ata o momento (Franco-Vázquez, Mesías-Lema & Agra 2016) e se iniciaba para o libro galego un incipiente proceso de apertura ao mercado exterior (Bragado 2006).

Alén disto, é de sinalar que a experimentación seguiu estando presente e o álbum ilustrado entrou en diálogo con outras linguaxes e soportes. A modo de exemplo, cómpre citar a colección ‘Sonárbore’ iniciada no ano 2010 por Galaxia, que aproxima a música a través de coidados álbums e textos diversos, entre os que anotamos as versións poéticas de autoras clásicas, como Rosalía de Castro, ata voces contemporáneas, en propostas musicais que arremuínan estilos tan diversos como o rock, soul, rap e outros

A lavandeira de San Simón:  
*a memoria das voces silenciadas*  
Eulalia Agrelo-Costas  
Isabel Mociño González

(Mociño 2015). A esta colección poderían engadirse as iniciativas de OQO, que en ‘OQO Filmes’ trasladou ao formato audiovisual obras da literatura infantil e xuvenil, mentres que en ‘OQO Dixital’ lles deu unha nova dimensión a uns contos que agora poden ser narrados, ilustrados e animados por un lector que pasa a ser concibido como un cocreador e, xa que logo, se revela como un prosumidor (Quain 2002).

### **3. A lavandeira de San Simón**

#### *3.1. Un álbum pionero no sistema cultural galego*

De entre a pluralidade de álbuns que se poderían seleccionar por converterse nun referente do sistema editorial galego, decidimos recalar en *A lavandeira de San Simón* por acadar o fito de ser o primeiro álbum de cuño propio que aborda a Guerra Civil española. Neste sentido, cómpre sinalar que, agás casos illados, o conflito fraticida do 36 entrou no repertorio literario galego dun xeito tardío, sobre todo a causa da forte represión das forzas de poder na posguerra e a longa ditadura. Con todo, a vontade de certas entidades e persoas por recuperar a memoria das vítimas alentou diferentes creacións literarias para levantar o manto de silencio e facer xustiza con todas aquellas persoas que foron castigadas, paseadas, asasinadas ou buscadas refuxio no exilio por mor do seu ideario.

Na literatura galega de adultos, o tema da guerra civil iniciouse coa novela *Non agardei por ningúén* (1957), do exiliado Ramón Valenzuela, aínda que non sería ata a democracia cando se intensificou o número de textos e enfoques sobre este episodio traumático da nosa historia recente. Nestes discursos ficcionais abórdanse as memorias e non a memoria, pois rescatan e exploran memorias parciais, marxinadas e contestatarias, que evidencian a incapacidade de crear unha memoria única e a dimensión caleidoscópica da memoria colectiva (Vilavedra 2011).

Polo que se refire á literatura infantil e xuvenil, a guerra civil, xa fose vivida, lembrada, referida ou aludida (Bertrand de Muñoz 1982), tivo unha aparición aínda más serodia. A primeira obra galega dirixida á mocidade que a tratou dun xeito directo foi *Aqueles anos do Moncho* (1977), de Xosé Neira Vilas. Á chamada tantas veces pronunciada por escritores como Agustín Fernández Paz (Agrelo 2015), foron respondendo sobre todo, a partir dos anos 90, diferentes autores e autoras, como se recolle en diversos traballos de investigación, sistematización e análise da producción literaria infantil e xuvenil galega ao redor desta temática (Agra & Roig 2004, Roig, Lucas & Soto 2008, Roig & Ruzicka 2011, Roig & Ruzicka 2014). Das 35 obras seleccionadas por Roig (2008), case a totalidade pertencen á narrativa de fronteira e nelas sobresae a intención de lembrar, aludir ou referir un pasado aínda recente, para que as xeracións más novas aprendan dos errores, así como para iluminar elementos simbólicos e materiais relevantes para a identificación dunha nación.

Non obstante, os álbuns sobre a Guerra Civil española supoñen un número reducido se os comparamos co amplio repertorio configurado ao redor doutras contendases como foi a Segunda Guerra Mundial (Roig, Soto & Neira 2016, Agrelo 2017). Isto mostra o receo existente ao redor dun tema considerado tabú e a falta de valentía ante o temor de reabrir feridas do século pasado, que seguen, na actualidade, a fracturar a sociedade española. Este parecer é compartido por Planes (2011), quen rexistra 7 álbuns

A lavandeira de San Simón:  
*a memoria das voces silenciadas*  
Eulalia Agrelo-Costas  
Isabel Mociño González

ilustrados sobre esta cuestión: 4 en catalán, 2 en castelán e 1 en ambas as lingua. Desde formas e estilos diferentes, conclúe que nestes álbuns se ficcionalizan as experiencias vividas durante a guerra e a posguerra por unha nenez e mocidade que son espectadores e vítimas dunha barbarie inintelixible. A pertinencia deste tipo de obras evidénciase na cálida recepción de *A lavandeira de San Simón*, que xa chegou á súa terceira edición e foi recoñecida polo Premio Follas Novas (Iniciativa bibliográfica) 2021, ademais de ser incluída na Selección OEPLI 2020 de lecturas orientadas de ‘9 anos en diante’. É esta unha referencia de idade meramente indicativa, pois, como se verá na análise descriptiva desta obra ao redor da memoria en formato álbum, estimamos que temos nas nosas mans unha mostra de *crossover literature* (Beckett 2012) ou literatura de fronteiras.

Desde a dirección de Edicións Xerais de Galicia, primeiro con Manuel Bragado e logo con Fran Alonso, asumiuse o compromiso de apoiar a publicación dun álbum ilustrado ao redor do conflito bélico do 36 e as súas terribles consecuencias entre as vítimas do bando perdedor. O entusiasmo xurdido á volta de *A lavandeira de San Simón* xustifica que a súa aparición non se convertese nun feito ocasional, senón que supuxo a concepción dunha colección pioneira, ‘Pequena memoria’, destinada a facerse eco das voces acaladas, especialmente as das mulleres e as da infancia, sempre ignoradas nas crónicas. Estamos ante unha proposta concibida en clave de país, porque os conflitos rememorados aconteceron nos límites xeográficos de Galicia e os artífices de trasladalos á palabra e á imaxe tamén han de provenir do contexto galego. A rica relación de complementariedade entre estas dúas linguaxes materialízase nun álbum ilustrado que convida o lectorado de todas as idades a reconstruír desde a creatividade fragmentos esquecidos da nosa historia. Isto mesmo sucede na segunda entrega da colección, *A nena lectora* (2021), de Manuel Rivas e Susana Suniaga, que nos traslada á fábrica de tabacos da Coruña, desde onde as mulleres procuraron mellorar as condicións de vida e a lectura se converteu no símbolo deste movemento transformador apagado polo estalido do 36.

A promotora da colección ‘Pequena memoria’ é a súa directora, Eva Mejuto (Sanxenxo, 1975), quen posúe un profundo compromiso coa recuperación da memoria histórica, que acostuma focalizar desde as experiencias e o sentir das mulleres, como o testemuñan as novelas xuvenís *Memoria do silencio* (2019) e *A ladra da biblioteca de Meirás* (2022). Desde a súa faceta como investigadora, tamén pasou unha década revisando os álbuns ilustrados que perspectivizan a historia desde a ollada da infancia para construír a intrahistoria desde a faciana más humana dos conflitos. Os resultados das súas pescudas recolleunos na tese doutoral *Álbum testemuño. Achegar a realidade ás crianças* (2017), na que se detén nesta modalidade discursiva e na súa implantación no Estado español desde 1986 ata 2016. Nela explica que as súas mostras relatan os conflitos desde o enfoque individual e a mirada da infancia, ademais de seren unha canle de aproximación a parte da historia, do pasado recente ou das problemáticas actuais ao redor das guerras, o exilio, a pobreza, os campos de concentración, etc. A pesar de ser frecuentes en Francia ou nos Estados Unidos, estas producións dirixidas ás primeiras idades en Galicia comenzaron a xurdir nos últimos anos, aínda que sen deterse nos conflitos de signo propio.

Para encarar este desafío editorial Eva Mejuto aliouse coa ilustradora Bea Gregores (Vigo, 1995), co propósito de articular un álbum testemuño que tivese como epicentro a crúa represión sucedida en San Simón. Mejuto (s. d.) confesa que a súa aproximación más intensa a este feito se

A lavandeira de San Simón:  
*a memoria das voces silenciadas*  
Eulalia Agrelo-Costas  
Isabel Mociño González

dera a partir dos actos organizados con motivo do Ano da Memoria (2006) e a lectura das entradas ao blog de Luís Bará, *Non des a esquencemento*. Secasí, neste xermolar de *A lavandeira de San Simón* tamén incidiron as historias más persoais, como foi a de Xulio Lima, quen acompañaba a súa nai, Peregrina Outeda, nas visitas ao seu pai, Rafael Lima, ao presidio de San Simón. A isto sumouse a descuberta das ‘lavandeiras’, esas mulleres dos municipios próximos, como o de Redondela, A Portela ou Cesantes, que, animadas pola xenerosidade e guiadas pola súa afouteza, se desprazaban ata a illa para fornecerllas aos presos roupa limpia, alimento e palabras de alento. De entre esa rede anónima, foi quen de poñerlle nome propio a algunha das súas integrantes por medio de colaboracións como as de Anaír Rodríguez, a editora de Xerais implicada na edición deste álbum testemuño, pois a súa bisavoa, Ramona Míguez —coñecida como ‘A Monera’—, xunto coa súa avoa Teresa Otero, eran dúas lavandeiras marcadas pola guerra, que tamén padeceron a experiencia dun home e pai ausente.

### 3.2. Un posible percorrido polas páxinas de *A lavandeira de San Simón*

Nas seguintes liñas farase unha análise descriptiva de *A lavandeira de San Simón* desde os elementos caracterizadores do álbum xa expostos ao inicio deste traballo. A adopción desta perspectiva xustifícase pola pertinencia de deternos no xeito en que os elementos diexéticos, discursivos e paratexuais participan na construción dunha historia que non renuncia ao estético para difundir unha mensaxe de xustiza social.

Dentro do universo dos álbuns infantís, os paratextos (Genette 1989, 2001) son fundamentais na configuración do significado da ficción recreada, pois a través das súas formas e funcións inflúen na reconstrucción da historia mediante os diferentes sentidos. En relación aos que se atopan ao redor do texto no mesmo volume, os peritextos (Genette 2001), detémosen na cuberta e contracuberta de *A lavandeira de San Simón*, que, ao seren despregadas, recollen unha imaxe panorámica dos elementos nucleares da narrativa. Se ao fondo desta cuberta continua se ergue o arquipélago de San Simón como pano de fondo do relato, no recanto derecho sitúase ese elenco de personaxes que emprende unha travesía, física e emocional, cara ao campo de concentración con roupa limpia e comida para os presos. No extremo dunha embarcación movida polo impulso do vento, atópase unha parella de rapaces, que, co seu corpo en pé, anuncian que o seu ollar e sentir trazarán o percorrido desta memoria recobrada.

Estas imaxes, xunto a un sucinto resumo e un fragmento do texto interior, que incitan á lectura, xa avanzan os carreiros desta historia debedora da realidade, que se ensanchan con amplitude nunhas gardas estreitamente anoadas, desde a perspectiva estética e semántica, coa obra concibida como unidade. A garda de inicio contén de base unha carta amarelecida, da que se pode intuir unha caligrafía esvaecida polo tempo, que corresponde a José Mejuto Bernárdez, un mecánico naval con inquietudes políticas e culturais que foi asasinado no mes de xullo de 1937 en San Simón. Esta é unha das trinta e catro cartas depositadas pola familia no ano 2015 na Real Academia Galega, que tamén se poden ler en *Cartas de un condenado a muerte* (2015), de Xesús Alonso Montero. Este documento portador de angustiosas noticias dirixido aos seres queridos actúa como un álbum fotográfico, pois nel insírese unha galería de imaxes que captan unha vista da illa de San Simón desde Cesantes, as lavandeiras na Xunqueira, o barco

A lavandeira de San Simón:  
*a memoria das voces silenciadas*  
Eulalia Agrelo-Costas  
Isabel Mociño González

<sup>1</sup>

Nótese que as páxinas do álbum non están numeradas, polo que as citas tiradas do texto non inclúen esta referencia.

prisión Upo Mendi, as fileiras de anciáns na distribución do rancho, os lanchóns coas visitas... As nove imaxes compoñen un excepcional mosaico que, ademais de iluminar os espazos, os personaxes e os feitos recreados, impregnán de veracidade a ficción trazada pola imaxinación e convidan a indagar sobre as historias que se agochan tras estes retratos.

A dedicatoria ‘Á memoria de Xulio Lima Outeda, o neno desta historia, que morreu en xaneiro deste ano sen chegar a ver o seu libro e coa conta pendente de volver á illa de San Simón’<sup>1</sup> fortalece a unión do tributo creativo deste álbum testemuño con esa realidade bélica que esgazou tantas vidas. Ao longo das súas dobles páxinas, artéllase cada un dos elos desta cadea narrativa, a partir dun texto deitado con estudo coidado sobre unha ilustración, que capta o escenario e os seus elementos substanciais e que procura non quebrar para non afectar a composición icónica. Pola singularidade deste álbum, óptase por unha voz en primeira persoa polo ímpeto e veracidade conferidos aos relatos que oscilan entre o real e o metaficcional, sendo todo peneirado desde a perspectiva desa infancia, vítima directa das accións insensatas das persoas adultas, pero insignificante nas tomas de decisión e obviada nos papeis oficiais que terman da historia.

Esta voz homodixética recibiu o nome de Teresa, despois de que Eva Mejuto descubrixe a historia da avoa de Anaír Rodríguez, aínda que, en realidade, é unha homenaxe a todas esas nenas ás que privaron da liberdade e das arelas propias dos primeiros anos. Desde o espazo íntimo do cuarto de Teresa, establecense as coordenadas espazo-temporais de inicio dun relato que, desde o comezo, apela ao sensorial e ten como leitmotiv a roupa fornecida aos presos da illa: ‘Hoxe é mércores e, coma todos os mércores, a casa recende a roupa limpa, a xabón mesturado con limón e lavanda’. Nese cuarto, no que Teresa mantén os ollos pechados para percibir con maior intensidade o olor da camisa que ten entre as mans, está acompañada por dous elementos recorrentes nas achegas creativas de Mejuto —un gato e un libro—, que reaparecerán ao longo de sucesivas páxinas. A existencia dunha ventá aberta cara a un mar, no que se ve un barco, xa anuncia unha viaxe marcada pola traxedia da guerra, pois a silueta do barco tráenos á lembranza o Upo Mendi estampado nas gardas, que estivo fondeado na enseada de San Simón e albergaba no seu interior case mil presos asturianos, cántabros e vascos en condicións infrahumanas.

Esta retroalimentación constante entre texto e imaxe reitérase nos elos da historia esbozados en cada unha das duplas páxinas. A partir da voz en primeira persoa de Teresa, enfíase todo o relato desde a ollada dunha nena que se define pola súa curiosidade, xenerosidade, valentía e capacidade ensoñadora. Emporiso, para enriquecer o seu testemuño infantil dos feitos vividos, cédelle a palabra a Xulio, quen, quizais por sufrir dun xeito más directo a descarnada experiencia do pai preso, se mostra máis serio e parco en palabras. A intervención verbal de Teresa e de Xulio abre múltiples fírgoas, por medio das cales entrever os terribles episodios que definen todas as guerras (fame, represión, tortura, morte...), aínda que as manifestacións más explícitas desa残酷dade se reflicten nas imaxes. As ilustracións figurativas de formas redondeadas alternan as cores frías e cálidas en función do clima evocado sobre uns fondos moi logrados, que propician a localización, a composición dos escenarios, a fisionomía e indumentaria dos personaxes, a expresión dos rostros, a cinética corporal...

Desde a interpretación infantil, compónense cada un deses episodios anoados á súa experiencia persoal nun contexto de guerra. A descripción dos feitos suxeridos mediante unha, só aparente,inxenuidade contrapone coa

A lavandeira de San Simón:  
*a memoria das voces silenciadas*  
Eulalia Agrelo-Costas  
Isabel Mociño González

conciencia real do que está a suceder, pero que se silencia para non magoar más esas nais marcadas polo sufrimento, como confesa a mesma Teresa: ‘Mamá vai ao río moi cedo, xusto cando nace o sol. Di que ten máis sitio para ela, pero eu sei que é porque hai xente que non a mira ben’. No lugar do río é onde se sitúa a primeira das escenas exteriores, na que a dureza do traballo destas nais queda impresa nun fragmento asentado na reiteración de formas verbais que implican unha acción constante e que tamén intensifican a sonoridade do texto: ‘Fregar, enxaugar, volver fregar, volver enxaugar... Retorcer. Cargala mollada, que pesa áinda máis, para tendela na casa. Despois, pasar o ferro e dobrar’. Esta dureza asemade é plasmada mediante unha cesta de proporcións desmedidas ateigada de roupa branca, que a nai de Teresa carrega con esforzo ante a mirada reprobatoria doutras lavandeiras.

De regreso ao perfil máis íntimo de Teresa, a relación de colaboración entre texto e imaxe transfórmase en asociación, posto que estas dúas linguaxes dialogan nun plano de detalle para recoller as mensaxes que a nena deposita sobre as cunchas dos chocos da empanada feita pola nai para os presos. A letra caligráfica estampada sobre estas cunchas revela a existencia dun pai ausente que provoca gran tristeza na nai e na filla, áinda que o seu ánimo esperanzado invítaa a albergar a posibilidade dun reencontro.

A seguir, a dobre páxina é absorbida por un plano xeral de nai e filla de costas, que observan, desde o porto de Cesantes, o arquipélago de San Simón. Neste punto está o destino da viaxe, áinda que, para non precipitar o que está por acontecer, se engade unha dobre páxina que xoga co movemento para esbozar unha etopea dunha Teresa espelida, crítica e inconformista que está resentida porque a nai non lle deixa ir na buceta de Faustino á illa. Ela anhela unha vida diferente, polo que busca nos coñecementos de dona Ernestina os saberes precisos para embarcar como o pai e dar a volta ao mundo. Entre as súas palabras, escóanse numerosas chamadas ao lector que, por medio das referencias intertextuais, é convidado a cubrir esos silencios evocados polos puntos suspensivos. Así, cando Teresa expón que ‘Aínda lembro cando quedara varado aquel barco enorme diante da illa. As roupas que mamá lavaba daquela estaban ateigadas de piollos... Que fastío!’, vólvese establecer unha estreita conexión co barco prisión Upo Mendi.

Esta quietude suixerida por unha apracible paisaxe de cores ocres e a recorrenzia á lembranza racha co encontro con outras persoas que tamén se dirixen a San Simón, poñéndose o foco do texto e da imaxe en Teresa e nese rapaz que ve por primeira vez, Xulio. É, neste intre, cando tamén se apunta con maior claridade o inicio da descuberta das nefastas consecuencias da guerra: ‘Na vila falábanse moitas cousas, pero eu non sabía o que acontecía na illa e por que mamá tiña que levarlle roupa e comida a xente que non coñeciamos de nada’. Un inicio que é esporeado pola intervención de Xulio, quen, sen contemplacións, lle espeta unha pregunta sumamente directa: ‘O teu pai tamén está preso?’.

Tras esta interrogante, ábrese nas seguintes páxinas un plano xeral, no que unha masa grisalla ilustra persoas de ricto serio con indumentarias propias da época, entre as que sobresaen un garda armado con pose ríxida e un membro da igrexa de grande altura, como reflexo do seu poderío. Diante deste elenco e á marxe dereita, salientan as figuras atemorizadas dunha nai e un fillo, que miran de esguello e que están tinxidas de roxo, en clara alusión á denominación que recibían os disidentes do réxime. Esta lectura insinuada polas imaxes é detallada mediante o texto, no que Xulio confesa a vergonza que sente por un pai, polo que tamén pasan fame e medo e os

A lavandeira de San Simón:  
*a memoria das voces silenciadas*  
Eulalia Agrelo-Costas  
Isabel Mociño González

fai portadores do alcume de ‘roxos’, de aí que prefira mantelo oculto. Esa mesma penumbra recobre o pai de Teresa, que só existe nos seus pensamentos e sobre o que a nai tamén rexeita falar.

Esta confesión mutua estreita a complicidade dunha parella de rapaces que, impulsados polo imaxinario aventureiro dos seus anos, idean somerxerse nas augas da ría para facerse co tesouro que salvagarda nos seus fondos, en clara referencia ao cargamento lendario de ouro e prata que deixou a Batalla de Rande (1702). Este feito é retratado nun plano picado que recrea nas profundidades unha grande embarcación encallada e esvaecida polos trazos, mentres na superficie flota a minúscula buceta de Faustino. É de sinalar que a aparición deste feito fabuloso non é casual, senón que xa se pode presaxiar desde o libro que xace na cama de Teresa, en cuxa cuberta se bosquexa o Nautilus de *20.000 leguas baixo dos mares*, de Jules Verne, no que o capitán Nemo procura na ría de Vigo o botín que lle posibilite afrontar as súas expedicións.

A pregunta sobre a orixe da cor dos pantalóns de Xulio faiemerxer outro plano xeral, que busca imbuír o lector-espectador no amplio campo visual dunha toma de fondo roxo, sobre o que salienta a valente nai de Xulio, detrás da que se gorecen os fillos e que crava os seus ollos abertos nun garda de mirada fera que os apunta cunha escopeta. Esta imaxe tantas veces rememorada por aqueles que foron violentados no seu espazo doméstico xustifícase por un texto portador das acusacións reiteradas das que eran obxecto. A Garda Civil non cre que os pantalóns foran confencionados cos restos da bandeira do barco do pai, senón que os vincula coa bandeira comunista do sindicato ante a denuncia dun veciño, ademais de advertir a nai, retomando outra das pasaxes comúns da represión, de que ‘andase con coidado e que mirase ben nas cunetas, que igual aparecía o meu pai nalgunha delas’. A semellanza de Teresa, Xulio expón con referencia á nai: ‘Pensa que non me decato, pero...’, uns puntos suspensivos que acalan o que o rapaz non é quen de transformar en palabras pola dor que isto lle ocasiona.

A visión subxectiva da illa que Teresa fora proxectando coa súa imaxinación e espellan as ilustracións québrase coa chegada a San Simón, na que se cumpre a profecía: ‘As cousas non sempre son como parecen’. Desde a buceta de Faustino revélaselle unha visión da illa nunca albiscada desde a casa, que a ilustración plasma sobre todo mediante unhas manchas negras emuladoras dunha fileira de homes armados. Nesta ocasión, o texto ten maior hexemonía na recreación da barbarie do presidio trazada, sobre todo, por medio do estado agónico dos condenados. Agora, as poucas árbores e a ponte transfórmanse nunha paisaxe que delata unha aterradora realidade: ‘Nunca vira esa parte da illa, nin a torreta nin o enreixado, nin os gardas cos fusís que vixiaban nin os centos de homes que agardaban detrás deles, coa fame e o medo nos ollos’.

Da xeneralidade pásase ao particular, coa estarrecedora imaxe do enreixado que separa o fraco pai e a Xulio, coas mans estarricadas e cubertas dunha cor vermella sobre o arame, que están unidos por un intuído e sentido diálogo familiar. Tras este retrato tan emotivo percíbese a borrosa imaxe duns gardas que cobran sentido e forza mediante a enunciación dos berros de ‘Preso á fuga!’, detrás dos cales estouran disparos e ‘rebumbio de laios e de brúos e moito medo’, sobre os que se superpón o pranto desconsolado de Xulio implorando ‘Papá, papá! Volve con nós á casa! Non quero que morras’, que é grafado cunha tipografía de maior tamaño en consonancia co esgazamento tan profundo do neno.

A lavandeira de San Simón:  
*a memoria das voces silenciadas*  
Eulalia Agrelo-Costas  
Isabel Mociño González

Ao xeito dun *travelling* de profundidade de aproximación, ese fondo desdebuxado convértese nun plano máis próximo para reflectir o dramatismo da situación. Un preso, tamén tinguido de vermello en mímese coa súa tendencia ideolóxica, é a diana duns gardas insensibles, que manifestan o seu poder mediante as súas armas activas, fronte aos corpos enfraquecidos duns presos aos que lles foi usurpada a dignidade, como evidencia a súa posición encrequenada sobre o chan na procura de alimento, ou as siluetas daqueles homes posicionados de costas para evitar a visión do horror. Pola súa banda, o texto sitúanos ante a escena paralela da fuxida da tripulación da embarcación de Faustino apresurada tanto pola残酷de do fusilamento coma as ordes carraxentas dos gardas: ‘Liscade, roxas de merda!’.

O regreso é sumamente doloroso e descarnado, tal e como exteriorizan os rostros de Teresa e Xulio. Se noutros transos do relato esbozan un sorriso e manteñen os ollos abertos, en contraposición á seriedade duns adultos de ollos pechados para diminuir a commoción da triste realidade, agora adoptan o mesmo comportamento para refuxiarse nos seus pensamentos. O texto iluminaeses pensamentos ao redor duns feitos presenciados e dun conflito estúpido do que nada entenden, pero dos que procuran reporse mediante accións solidarias como a da nena, que lle entrega a Xulio o pano e un corroso de pan que valoriza como unha xoia.

Desde a amplitude do plano xeral do porto, observamos a Teresa e Xulio despedirse ao pé dunhas nais que retan en soidade todos os contratempos derivados dunha guerra, da que a parella de rapaces tamén se distancia mediante o salvavidas da súa imaxinación centrada en tramar o rescate do tesouro da novela de Jules Verne. Este referente literario condúcenos ata a dupla páxina final, na que unha angulación contrapicada sitúa a Teresa, en compañía do gato, subida ao teito da casa para evadirse da hostil realidade e mostrar a fortaleza concedida pola lectura do libro, encabezado pola dedicatoria escrita en vermello polo pai: ‘Á miña filla Teresa, a forza e a liberdade de todas as ondas do mar’. Esa liberdade tamén é trazada polas pingas vermellas que saen do volume e que, devagar, se converten nuns paxaros tan libres como ese tendal de roupa branca ondeada polo vento como símbolo da solidariedade e da paz.

Unha carta mecanografiada e un sobre lacrado, que inclúe o deseño dun paxariño, presente noutras escenas do relato para incidir na mensaxe de liberdade, pechan este álbum coa intención de ofrecerlle ao lectorado de menor idade a información necesaria que lle facilite a interpretación das cuestións citadas na historia sobre a Guerra Civil. Neste documento explícase que a illa de San Simón, que xa fora convento e lazareto do porto de Vigo, actuou de presidio e campo de concentración de preto de 6.000 homes durante o conflito e o inicio da ditadura, dos cales 700 morreron de enfermidade e malnutrición ou a causa das denominadas ‘sacas’. En contraposición, enaltécese a rede de xenerosidade integrada por esas mulleres (as ‘lavandeiras’ ou as ‘madriñas’ de San Simón), que foron castigadas, multadas e represaliadas por asistir os presos con alimento, roupa limpa e afecto. Dentro desta rede anónima incorpóranse dous nomes trasladados á ficción, o que favorece estreitar máis o seu nó coa realidade: a familia de Faustino Otero, que transportaba víveres e familiares nas súas embarcacións, e a mestra republicana Ernestina Otero que, xunto ás irmás, confeccionaba roupas de abrigo para os presos na botica do home.

Así mesmo, remárcase o empeño de *A lavandeira de San Simón* por loitar contra a desmemoria destas mulleres, polo que se suma á tendencia

A lavandeira de San Simón:  
*a memoria das voces silenciadas*  
Eulalia Agrelo-Costas  
Isabel Mociño González

feminista de moitas narrativas xuvenís que procuran visualizar o protagonismo da muller durante a contenda (Regueiro & García 2020). Son mulleres que se implicaron con decisión na consecución dun mundo máis xusto e mellor, como foron a nai de Teresa (Ramona ‘A Monera’) e de Xulio (Peregrina), xunguidas pola ausencia dun marido exiliado alén mar e condenado na illa de San Simón, respectivamente, por teren un ideario político diferente ao dos vencedores da contenda do 36. Ramona e Peregrina non só son nais-esposas que actúan como ‘lavandeiras’, senón que nelas se entrecruzan outros dos roles establecidos por Neira (2018) na súa análise do papel das mulleres na narrativa xuvenil sobre a Guerra Civil, como son os de ‘solidarias’, ‘rojas’ e ‘penélopes’.

Indeed, when we look at the 'transluçines', one of the first parts of the page to stand out (after the strips of Derridean text) are the small constellations of pinprick marks dotted around the poems. As an allusion to the work facsimilists must carry out in order to re-create manuscripts, these pinprick marks serve to capture the elements of the facsimile songbooks that reveal they are copies of an 'original'. In other words, Moure is seeking to capture those markings from the 'original' manuscripts that were transferred to their facsimile copies. Having created her 'transluçines' and replicated the songbooks to the extent she can, Moure's 'facsimile' page is then, according to Sheppard, exhibited in a museum (2016: 95) prior to being scanned and added to *O Cadoiro*. In the same way Moure felt that she was 'reading a copy of a copy of a copy' (2007b: 140), our act of reading the 'transluçine' is therefore defined by similar layers of copying. The physical marks we find in *O Cadoiro* sit on pages that were copied from the 'transluçines' Moure exhibited in a museum, which were copied from the facsimile copies she worked with in Lisbon, which were copied from the 'original' manuscripts, which, for Moure, were never original at all but only ever a copy of something that had been transmitted orally. In other words, and as Moure herself has put it, 'the original exceeds our grasp *always*' (Moure 2007b: 140).

The inaugural speech Chus Pato gave to mark her investiture into the Royal Galician Academy in September 2017 reveals another possible means of interpreting Moure's pinprick marks. Pato, in Moure's translation of her speech, says that:

Millennia pass over the voice, over the words and once again the needles return to poke into and embroider the fabric of the voice, the oral fabric articulated in the voice, then someone, anyone, writes

*Cloud*  
*Fir* (Pato 2018: 10)

Here she considers the close connections between voice and text, most importantly the way in which a needle can return, after multiple thousands of years, to 'poke into and embroider the fabric of the voice'. Moure's pinprick marks are not simply saved for marginal moments on the page but begin to form part of the text itself as she replicates how the manuscript presents certain phrases if they appear more than once in the poem. Here is where we see the needle which punctured the page start to 'embroider the fabric of the voice' and infiltrate the text of Moure's poems. This is particularly the case in those 'transluçines' that follow the middle section of the photographed or scanned poems and one significant example of this is '[B]ly god my lovely in great ache', a poem that Moure attributes to 'Nuno Fernandez Torneol' and corresponds to his 'Par Deus, sennor, en gran coita serei' [106, 13]. The eleventh line of this poem, 'As f.y.m.e.d.a.t.y.s.b.r.n.', directly mirrors, as it does in the *cantiga* in the *Cancioneiro da Ajuda*, the fifth and sixth lines of the poem: 'from yours my eyes depart. and / to yours so beautiful return not.' (Moure 2007a: 114). It is through adding these full-stops to her page that Moure is able to weave the visual and the textual together, calling to mind the medieval script in front of her and rendering it in ways that are accessible to her as she works both with her keyboard and a needle.

Looking closely at the 'transluçines' also reveals how Moure has archived her work in a way that is reminiscent of early approaches to

'Transluçinating' Medieval  
Galician-Portuguese  
Love Lyric: Erín Moure's  
Stitched *Cantigas* in  
*O Cadoiro*  
Harriet Cook

11

—  
Fifteen readings by Moure are available on *Lyrikline*, seven of which are from *O Cadoiro*: <<https://www.lyrikline.org/en/poems/lisbon-sleeping-12613>>.

indexing the *cantigas*. In her postface, Moure reveals that she views the 'archival numbering' and names of troubadours she finds in the *cancioneiros* as part of their text:

The exchange from one language to another occurs, above all, on the level of tropes, soundscapes. At the same time, the poems incorporate formal structures of archive (use archival numbering, and the names of troubadours, as part of what is "written"), the material substrate of the *cantigas*. (Moure 2007b: 142–43)

In response to this, at the end of each of the 'transluçines' sits a combination of Roman numerals and Arabic numbers. These numbers are so much a part of Moure's work in *O Cadoiro* that when she read seven of these poems aloud for the site *Lyrikline*, they formed part of her reading.<sup>11</sup> Taking one 'transluçine' as an example, we can explore which indexing systems Moure adheres to and which she departs from. '[O]ne day I saw my lovely one' ends with: 'cxcI (175.2) [282] #342' (2007a: 104). Here the Roman numerals, 'cxci', reveal that Moure has based this 'transluçine' on 'Un dia que vi mia senhor' by Roi Paez de Ribela which is conventionally given the code A191 according to its position in the *Cancioneiro da Ajuda*. The numbers that appear in brackets, '(175.2)', go on to replicate Giuseppe Tavani's indexing system. However, if we follow these, we find that there is no *cantiga* 175, 2. Instead, what Moure seems to do here is pay homage to Tavani's index system without adhering to it entirely. The next numbers, '[282] #342', then seem to replicate the classificatory system proposed for Galician-Portuguese lyric by Jean-Marie D'Heur (1975), but neither of them leads us back to A191. What we can see, however, is that A191 is listed as 282 in Elza Paxeco Machado and José Pedro Machado's edition of the *cantigas* (1949–64). We can also see that the same cantiga's reference in the *Cancioneiro da Biblioteca Nacional* is B342 so although Moure is not exactly imitating the systems devised by these four philologists, she is making a clear effort to capture and reflect the significance of their work.

Moure's interest in their indexes, particularly that of Tavani, is also reflected in the list she includes at the end of her postface and calls 'O meu cadoiro – os nomes: 161 troubadours, 150 years, 1693 poems'. Although the numbers she gives to poets in her 'cadoiro' sometimes coincide with Tavani's index system, this is not always the case, which is what we find here: 'Roy Paez de Ribela' appears in her index as '150' and in Tavani's as '147' but is listed below the 'transluçine' as '175'. Moure clarifies in her postface why this happens:

In response, I wrote plaints of my own, enacting, mixing and echoing, translating but two or three poems and enclosing them among those that are sheer invention, and attributing my own poems impulsively to whichever troubadour's name was most proximate in my notebooks. (2007b: 142)

Her 'impulsive' attribution of troubadours' names to *O Cadoiro* foregrounds multiple questions around the nature of authorship. These questions are certainly not unique to her 'transluçines' but seem particularly relevant here since the 'Ajuda Codex' is a nameless manuscript. In his work on *O Cadoiro*, Rob McLennan touches on this and describes how Moure translates 'Galician-Portuguese into an argument about authorship'

'Transluçinating' Medieval  
Galician-Portuguese  
Love Lyric: Erín Moure's  
Stitched *Cantigas* in  
*O Cadoiro*  
Harriet Cook

12

As Moure notes in her thanks (2007a: 135), this poem first appeared in French in an anthology published by Nicole Brossard (2006: 106–07).

(2007). It is precisely those moments where she writes the name of a randomly chosen troubadour at the end of her 'transluçines' which capture the essence of this argument. Having adopted a role akin to archivist and with her index in hand, Moure asks us to consider how *cantigas* have been attributed to certain poets. It is then in signing her 'transluçines' according to impulse that she exposes one of the potential limits she finds in the archive, namely that the information we often take as being 'original' and 'true' (in this instance, authorial attribution) is only ever 'original' and 'true' in as much as we believe the archive to be 'original' and 'true'.

As she captures her own archive fever in this way, she also captures that of another reader of the *cantigas*, Angelo Colocci. Prior to the 'transluçines' and immediately preceded by the title '*devenue le sujet spectral: L'YRIC POETR'Y*' sits Moure's poem 'written upon an erasure *rriam*'.<sup>12</sup> This poem reveals her interest in the orthographical forms and annotations that appear in the facsimile *cancioneiros* she viewed in Lisbon. As Moure delves into the written words and symbols she finds, she points towards how she will recreate these features of the archive in her songbook:

partially erased  
written upon an erasure  
with a horizontal line  
written upon an erasure in the right margin partially obliterated  
partially smudged written also in left margin  
erasure between these words erasure of the i after s  
second e superposed above er.  
in left margin in light ink: 7. (Moure 2007a: 72)

Perhaps the very first philologist to have studied medieval Galician-Portuguese lyric, Colocci was behind the *Cancioneiro da Biblioteca Nacional* and the last of the ink marks Moure mentions here. Many scholars recognize that his philological work was defined by a quest to find the origins of the Italian language. Antonio Augusto Domínguez Carregal, for example, notes that 'Colocci busca, então, apoio em outras línguas poéticas medievais, como o galego-português, o occitano ou o próprio italiano antigo, para justificar as suas escolhas para a configuração do italiano ilustre' (2008: 38). The *Cancioneiro da Biblioteca Nacional* in particular bears traces of his quest for the Italian language in its margins and sees him mark the page in multiple ways, including with one symbol that looks like an inverted number 7. This marking first appears in the manuscript on B f. 27r to the left of the fifth line in the first stanza of Vaasco Fernandez Praga de Sandin's 'Par Deus, senhor, sei eu mui ben' [151, 13] and it goes on to become one of the most common annotations he uses. In 'written upon an erasure *rriam*', we find Moure reveal her awareness of this marginal annotation.

However, this is not the only place we find the number 7 used by Moure in *O Cadoiro*. Her 'transluçines' are also dotted with it. Here they appear in those places we find a Tironian et used in the 'Ajuda Codex'. In the last five lines of the 'transluçine' attributed to 'Vaasco Rodrigues de Caluelo' and indexed as 'ccxcv (244,1)', for example, we find:

As you would wish it will be  
that you may do me hurt 7 good  
7 thus it is all in your will

'Transluçinating' Medieval  
Galician-Portuguese  
Love Lyric: Erín Moure's  
Stitched *Cantigas* in  
*O Cadoiro*  
Harriet Cook

to do what you would wish to do  
For my lovely one i.i.n.i.m.p. (Moure 2007a: 107)

This replicates what happens on Folio 83v of the *Cancioneiro da Ajuda* where we see the Tironian et appear in the exact same verses in Vaasco Rodriguez de Calvelo's 'Per vos veer vin eu, senhor' [155, 6] (the *cantiga* this 'transluçine' is modelled on). Through the ways she uses the number 7 in the 'transluçines', we can see that Moure is seeking to visually recreate the archive and also perhaps capture a sense of Colocci's own 'archive fever' for the 'origins' of the Italian language. She does so with the tools she has to hand – a computer, some strips of paper, a needle, a set of coloured threads and her knowledge of multiple languages. In using these tools, she depicts herself not only as a translator of sorts of the *cantigas*, but also as their contemporary facsimilist and indexer, all three roles fusing into one as she carries out her unique work as a 'transluçinator' of medieval Galician-Portuguese lyric.

## Conclusion

What remains now is for us to ask ourselves what the impact of Moure's additions to the *cantigas* is. There are many possible responses to this question: Kirsty Hooper has spoken about *O Cadoiro* in terms of networks of relation and what it means for Galicia's place in the world (2011), Moore has looked at the book in relation to queer studies (2012) and Sheppard in relation to a concept he calls 'lyric resistance' (2016). My own response to Moure's *cancioneiro* and the 'transluçines' within it ties into the realm of contemporary medieval studies and what *O Cadoiro* can mean for how we understand our own place in time. In their book *The Contemporary Medieval in Practice*, Clare Lees and Gillian Oving explored how the work of writers like Moure can be experienced 'as forms of translation that, in turn, translate us; they enable us to be in transit, and to remain open to the generative possibilities of both the contemporary and the medieval' (2019: 93). For those who read *O Cadoiro*, as it was for me, the possibility of being 'translated' by Moure's 'transluçines' is high. These are poems that make us think deeply about our own place in time and about how the past can be brought forward into the present. They invite us to witness times, places, languages and people coming together and to see how one singular transtemporal community can be united by a form of poetry that began to thrive eight hundred years ago. As they do so, they revive these poems, inspire us to think afresh about the complexities of emotions captured by the medieval troubadours who composed them and perhaps most excitingly of all, remind us to look out for all those ways in which we can glimpse translucent moments from our medieval past in our lives today.



‘Transluçinating’ Medieval  
Galician-Portuguese  
Love Lyric: Erín Moure’s  
Stitched *Cantigas* in  
*O Cadoiro*  
Harriet Cook

## Works Cited

- BERNSTEIN, Charles, 2010. *Program Two: Conversation with Charles Bernstein*, online podcast recording for *Close Listening*, 21 February 2010 [https://media.sas.upenn.edu/pennsound/authors/Moure/Moure-Erin\\_Close-Listening\\_conversation\\_2-21-10.mp3](https://media.sas.upenn.edu/pennsound/authors/Moure/Moure-Erin_Close-Listening_conversation_2-21-10.mp3) [accessed 3 October 2022]
- BROSSARD, Nicole, ed., 2006. *Baiser vertige* (Montreal: Héxagone).
- DERRIDA, Jacques, 1996. *Archive Fever: A Freudian Impression*, trans. by Eric Prenowitz (Chicago: University of Chicago Press).
- , 2017. *Mal d’archive* (Clamecy: Galilée).
- D’HEUR, Jean-Marie, 1975. *Recherches internes sur la lyrique amoureuse des troubadours galicien-portugais (XIIe–XIVe siècles). Contribution à l’étude du “corpus des troubadours”* (Liège: Publications de la Faculté de Philosophie et Lettres de l’Université de Liège).
- DOMÍNGUEZ CARREGAL, Antonio Augusto, 2008. ‘Análise de algumas das notas lingüísticas de Angelo Colocci aos cantautores galego-portugueses b e v’, *Cadernos do CNLF* 11/5: 34–40.
- FERREIRO, Manuel, ed., 2018. Universo Cantigas. Edición crítica da poesía medieval galego-portuguesa. Universidade da Coruña, <http://universocantigas.gal/> [accessed 3 October 2022] ISSN 2605–1273.
- HOOPER, Kirsty, 2011. *Writing Galicia into the World: New Cartographies, New Poetics* (Liverpool: Liverpool University Press).
- LEES, Clare and Gillian OVERING, 2019. *The Contemporary Medieval in Practice* (London: UCL Press).
- MACHADO, Elza Paxeco and José Pedro MACHADO, 1949–1964. *Cancioneiro da Biblioteca Nacional: antigo Colocci-Brancuti. Leitura, comentários e glossário*, 8 vols (Lisbon: Revista de Portugal).
- MOORE, Isabel A, 2012. ‘Lyric Fever: Erin Mouré and the Queer Anatomy of Lyric Life’, *Mosaic: An Interdisciplinary Critical Journal* 45/1: 35–53.
- MOURE, Erín, 2007a. *O Cadoiro* (Toronto: House of Anansi Press).
- , 2007b. ‘O Cadoiro postface’, <https://cdn.shopify.com/s/files/1/0276/4619/t/19/assets/OCadoiropostface.pdf> [accessed 3 October 2022].
- , 2012. ‘Transnational literacies’, *Jacket2*, <https://jacket2.org/commentary/transnational-literacies> [accessed 3 October 2022].
- , *Lyrikline*. <https://www.lyrikline.org/en/poems/lisbon-sleeping-12613> [accessed 3 October 2022].

'Transluçinating' Medieval  
Galician-Portuguese  
Love Lyric: Erín Moure's  
Stitched *Cantigas* in  
*O Cadoiro*  
Harriet Cook

- NOVONEYRA, Uxío, 1999. *Arrodeos e desvíos do Camiño de Santiago e outras rutas* (A Coruña: Xunta de Galicia).
- , 2019. *Book of the Courel: The Uplands*, trans. by Erín Moure (Montreal: Zat-So Productions).
- PATO, Chus, 2017. 'Baixo o límite', <http://publicaciones.academia.gal/index.php/rag/catalog/book/319> [accessed 3 October 2022].
- , 2018. *At the Limit*, trans. by Erín Moure (Montreal: Zat-So Productions).
- PATO, Chus and Erín Moure, 2014. *Secession by Chus Pato: The Erín Moure Translation. With, Insecession by Erín Moure, her Chus Pato echolation* (Toronto: BookThug).
- SHEPPARD, Robert, 2014. 'Robert Sheppard: On Erin Moure's O Cadoiro', <http://robertsheppard.blogspot.com/2014/03/robert-sheppard-on-erin-moures-o-cadoiro.html> [accessed 3 October 2022].
- , 2016. *The Meaning of Form in Contemporary Innovative Poetry* (Basingstoke: Palgrave Macmillan).
- SILVA, Miguel, 2019. *Neotrobadorismo 2.0: Rosalía, J Balvin e Álvarez Blázquez*, online video recording, 11 February 2019, [https://www.youtube.com/watch?v=6\\_CPIC2MH6Q](https://www.youtube.com/watch?v=6_CPIC2MH6Q) [accessed 3 October ]
- TAVANI, Giuseppe, 1967. *Repertorio metrico della lirica galego-portoghese* (Rome: Edizioni dell'Ateneo).
- ZENITH, Richard, trans., 1995. *133 Galician-Portuguese Troubadour Poems in Galician-Portuguese and English* (Manchester: Carcanet in association with Calouste Gulbenkian Foundation and Instituto Camões).

*Article*

# Unha poética da dor desde a extimidade na arte verbal e visual de Emma Pedreira

Inma Doval-Porto

Universidade da Coruña

*Keywords*

Emma Pedreira  
 Extimity  
 Pain in Literature  
 Interartistic Relations  
 Psychoanalysis in Literature  
 Contemporary Galician Poetry  
 Multifaceted Authors  
 Art and Illness

*Palabras clave*

Emma Pedreira  
 Extimidade  
 Dor na literatura  
 Relacións interartísticas  
 Psicanálise na literatura  
 Poesía galega contemporánea  
 Autoras multifacetadas  
 Arte e doença

*Abstract*

This article focuses on one of the most unique voices of Galician literature, Emma Pedreira, a multifaceted creator with an extensive written production and also a very interesting, although not as widely known, artistic production. This article analyses the psychoanalytic dimension present in some of her verbal-visual work, especially in her poetry collection *Para saír deste lugar*, paradigm of this interaction between different art forms. The constant presence of a poetics of extimity manifests itself in a duplicity of the lyrical self and in a nomadic subjectivity always alternating between a voice that lacerates and tortures and another that seeks an escape but is at the same time unable to avoid the pleasure that the pain itself causes. The article also reflects on other aspects such as animal allegories, emotional cartographies of resilience, the fragmented body, and the existence of metapoetic elements that may be common and extrapolated to other lyrical and artistic works by this author.

*Resumo*

Este artigo achégase a unha das voces máis singulares do panorama literario galego, Emma Pedreira, creadora poliédrica, que conta no seu haber cunha amplísima producción escrita e tamén cunha producción plástica non

*Unha poética da dor desde  
a extimidade na arte verbal  
e visual de Emma Pedreira*  
Inma Doval-Porto

menos interesante, áinda que máis desconocida. O obxecto do noso estudo céntrase na análise do aspecto psicanalítico presente nalgúns dos seus produtos verbo-visuais, especialmente no último poemario publicado, *Para sair deste lugar*, paradigma desta correspondencia inter-artes. A constante presenza dunha poética do éxtimo maniféstase nunha duplicidade do eu lírico e nunha subxectividade nómade en continuo devir entre unha voz que lacera e tortura e a outra que procura unha fuxida e, asemade, non é quen de evitar o pracer que a propia dor lle causa. Alén desta cuestión, reflexionaremos sobre outros aspectos como as alegorías animais, as cartografías emocionais de resiliencia, o corpo fragmentado ou a existencia de elementos metapoéticos que poden ser comúns e extrapolábeis a outras obras líricas e plásticas da súa autoría.

*Unha poética da dor desde a extimidade na arte verbal e visual de Emma Pedreira*  
Inma Doval-Porto

1

Traballo realizado no marco do proxecto de investigación ‘La edición literaria en Galicia (1975-2000)’, PID2020-119605RB-I00: parcialmente financiado por MCIN/ AEI /10.13039/501100011033.

## ‘Unha poética da dor desde a extimidade na arte verbal e visual de Emma Pedreira’<sup>1</sup>

Emma Pedreira (1978-) é unha das autoras galegas más prolíficas na actualidade, con máis dunha ducia de poemarios publicados que se complementan con obra narrativa e ensaio. A súa traxectoria literaria vén avalada por numerosos galardóns desde o recoñecemento en 1998 co Premio Johán Carballeira polo seu poemario *Diario bautismal dunha anarquista morta* (1999). Ao longo deste traballo centrarémonos nas súas pezas verbo-visuais,

non sempre publicadas nas canles tradicionais e, por tanto, más descoñecidas ou, canda menos, que suscitaron unha menor atención e recepción crítica. Tras establecermos unha brevíssima revisión da creación plástica e do seu diálogo coa escrita, realizaremos unha disección do seu último libro de poemas, *Para saír deste lugar* (2022), como paradigma desta correspondencia inter-artes. A lectura da obra será realizada desde o que identificamos como unha poética da extimidade e da dor e identificaremos os principais elementos que sosteñen esta hipótese. Alén desta cuestión, reflexionaremos sobre algúns aspectos presentes nos poemas e nas colaxes e que poden ser comúns e extrapolábeis a outras obras líricas e plásticas da súa autoría. Cruzaremos fragmentos dos poemas e imaxes con outros textos e outros artefactos visuais.

### Aproximación á obra verbo-visual de Emma Pedreira

A ligazón entre creación verbal e visual na obra de Emma Pedreira maniféstase xa nos albores do século XXI, nas primeiras pezas líricas que acompañaba de tintas chinesas e que publicaba en formato fanzine a finais dos 90. Atrás quedan xa *Polpa*, *Alentía* ou *Aldehido & Wicca*, publicacións do Colectivo Poético Humilladoiro onde a autora incluía os seus poemas e ilustracións co pseudónimo de Judas. Destes primeiros tempos son o poema de edición artística *Vikingo* (1999), cun limiar de Chus Pato e ilustrado coa mesma técnica; ou *Elsinore (poemas d'auga para Ofelia morta)* (2000), tamén en edición artesanal. Da boca sae a palabra e a imaxe, expulsa o aire que transforma a tinta soprada en figuras negras que se expanden na folla en branco; a figura feminina, na súa unión co elemento vexetal, é enviada oralmente do máis íntimo ao seu interior máis próximo, con quen convive, ao seu éxtimo, á escrita e á mancha plástica, para estenderse cara ao universal que escoita e acompaña.

Aínda que nestas primeiras expresións verbo-visuais non existe unha mímese ou hibridación entre ambos labores, axiña chegarán as irrupcións da palabra na imaxe ou das imaxes na escrita, habitualmente en forma de colaxe, dentro dos poemas ou nas capas dos libros, propias ou alleas. Dunha figuración caligramática na configuración do texto damos paso a outras composicións de poesía visual: colaxes e ensamblaxes que ela publica a modo de pezas independentes nas redes sociais dixitais. Estas obras adoitan ir acompañadas dun pequeno texto; porén, despois son aglutinadas en pezas maiores, a modo de series, en ocasións publicadas noutro formato, ben coma libro de artista (en papel ou dixital) ou ben en edición tradicional impresa. En todos os obxectos verbo-visuais existe unha experimentación coa linguaxe que pasa a ser representada no papel como signo, ben en forma de palabra ou ben como imaxe plástica, até perder, en ocasións, toda iconicidade. Neste senso podemos referir o título da súa última exposición: *Este*

*Unha poética da dor desde a extimidade na arte verbal e visual de Emma Pedreira*  
Inma Doval-Porto

*non é o poema*, composta por unha serie de arte-factos poéticos onde a autora re-significa moitos dos elementos da súa linguaxe (Doval-Porto 2022b). En toda a súa obra visual teñen gran importancia os obxectos encontrados, procedentes do acaso, ‘l’object trouvé’, materiais de composición diversa, orgánicos ou artificiais que son transferidos ao papel coma quen escribe ou compón unha peza musical; cada un toma o seu lugar preciso, nun trazado topo-poético, un mapa corporal ou mesmo un atlas memorial ao modo do *Atlas Mnemosyne* warburgiano (2010). Como mostra de colaxes de substrato vexetal ou animal temos algunas das *skincollage* e *mouthcollage*, singularidade propia de *femmage* onde o corpo é o soporte vivo e que a autora adoita subir ás redes sociais dixitais. No *mouthcollage*, como o propio termo indica, a boca é a peza axial. Neste caso, situámonos ante auto-presentacións ou *selfies* tirados despois da creación da colaxe-pel. Outros exemplos son a serie *As cicatrices son para o amante* ou, máis recentemente, a colección de *Wunderkamern* onde diferentes pezas son montadas ao modo dos gabinetes de curiosidades do Renacemento e Barroco. Na súa composición están presentes tanto restos de elementos naturais (vexetais e animais, especialmente insectos) como materiais artificiais diversos procedentes de cemiterios.

Fig. 1. *Wunderkamern I: Libro dos documentos que proban que non somos nada* (2022)



É habitual ver as súas colaxes e ensamblaxes en revistas de poesía visual como *La Jirafa en llamas*, *Cuaderno artístico* ou *Sonetos II* da editorial Babilonia. Outras pezas verbo-visuais son creadas como edición de artista, *Bifida* (2016) ou en formato dixital como o conto poético *Bicadora Duncan* (2021).

### *Para saír deste lugar: unha poética da dor desde a extimidade*

Lo que es lo más íntimo justamente es lo que estoy constreñido a no poder reconocer más que fuera (Lacan 2008: 246).

Emma Pedreira vén de publicar na editorial Urutau o poemario *Para saír deste lugar* (2022), libro que chega apóis tres anos de semi-silencio lírico, malia que ocupase o intervalo con outras expresións como a narrativa e o

*Unha poética da dor desde a extimidade na arte verbal e visual de Emma Pedreira*  
Inma Doval-Porto

ensaio e, sobre todo, por unha intensa producción plástica. Neste libro os poemas dialogan con colaxes de creación propia. Parte do seu contido foi desvelado en publicacións colectivas anteriores como no fanzine *Perfect Blue, Zinesfera 4*, de Malafera (2022), na antoloxía *Voces miñas* (Mendía & Pato 2022) e na antoloxía verbo-visual *Entre leiras e labores* (Doval-Porto 2022). As colaxes foron difundidas nas redes sociais dixitais *Instagram* e *Facebook*, acompañadas do cancelo *#saúdemental*. Aínda que o compoñente plástico é habitual nas súas obras literarias, como xa indicamos, non o é tanto que os libros publicados leven ilustracións propias; o máis común é que sexan outras persoas as que realicen a parte plástica e que ela, á súa vez, elabore colaxes para o interior ou a capa de textos doutras autorías. Con todo, hai excepcións anteriores á obra que analizamos, como é a capa que a autora realizou para o seu libro *As voces ágrafas* (2019). De facto, esta é a primeira vez en que incorpora as dúas expresións artísticas propias nun mesmo exemplar para crear un diálogo inter-artístico, unha peza verbo-visual. Por tanto, a publicación deste décimo quinto poemario contribúe a reforzar a súa posición nesoutro espazo, o das artes plásticas, eido onde, como indicamos, a autora é menos coñecida; preséntasenos así como unha autora polifacetada, nómade entre a palabra e a imaxe (Doval-Porto 2022).

Como xa fixera en *Antídoto*, o volume sae nunha edición bilingüe galego-castelán autotraducida.

Mira, escoita: eu non son así, pero ti aínda non o sabes. (8)

O seu primeiro verso incita ao silencio, á escoita atenta ante unha voz que desexa contar algo urxente sobre si, desvelar algo que queima e que é preciso botar fóra. Faino como unha narradora de historias, co propósito de despertar a curiosidade de quen le. Aínda máis, con esa actitude apostrófica presenta un desafío a entrarmos nun espazo íntimo e descoñecido, convídanos a atravesar un espello, aquel que devolve outra imaxe do Eu. Porén, a voz poética non é só a nós a quen interpela, axiña comprendemos que é precisamente á propia voz lírica, a un Outro Eu fragmentado, a un suxeito en escisión, a un álder ego ou a un espectro. De acordo con iso podemos establecer unha conexión coa inestabilidade do Ego expresada por Lacan na súa teoría do ‘estadio do espello’, que expresa que nos percibimos como entes fragmentados, escindidos en dous: un Eu e a nosa imaxe especular, o obxecto do noso desexo, unha alteridade, un Outro ou unha Outra que somos e non somos ao mesmo tempo.

O Outro ocupa Outro lugar, un espazo estranxeiro de si mesmo e, asemade, o mesmo lugar. Entrarmos nesoutro lugar, habitado pola sombra, supón avanzar por un campo minado que non devolve máis que ruína e morte. Emma Pedreira utiliza os seus poemas a modo de auto-análise psicanalítica do Eu lírico, o que conduce a unha indagación no máis próximo e descoñecido do Eu, no éxtimo, naquilo que temos de máis interior e que, ao mesmo tempo, non deixa de ser exterior; é ese exterior máis íntimo. Retomamos así, para a análise da obra, o neoloxismo de *extimidade*, creado e definido por Lacan en *La ética del psicoanálisis* (1958) e recuperado por Jacques Allain Miller nos seus cursos psicanalíticos de 1985 (2010):

Ponemos lo éxtimo en el lugar donde se espera, se aguarda, donde se cree reconocer lo más íntimo. En su lugar. [...]. En su fuero más íntimo el sujeto descubre otra cosa. [...] En el seno de mí mismo más íntimo que cualquier cosa que sea mía. (Miller 2010: 17)

*Unha poética da dor desde a extimidade na arte verbal e visual de Emma Pedreira*  
Inma Doval-Porto

O Outro é unha esencia auto-construída, non é posíbel vincularlo a un significado real porque só existe no noso interior, carece de corporeidade e contén únicamente significante. O outro é o desexo e tamén o gozo; é o que descoñecemos de nós, é ese ser estraño que nos habita e nos axita.

Mais aínda habería que engadir que o éxtimo se prolonga á relación entre o suxeito poético (dividido) e o seu lectorado ou público; da intimidade do que podería ser autobiográfico damos paso a unha proxección exterior e unha exposición pública, sempre en conexión co eu máis íntimo. Esa mesma proxección do éxtimo é o que Paula Sibilia (2008) refire como novas formas de subxectivación nas redes sociais dixitais, onde a intimidade é exposta ante a ollada do Outro até transformarse no que denomina intimidade como espectáculo. No caso da obra de Emma Pedreira poderíamos estendelo ás *femimages* que mencionamos na sección anterior. Agora ben, para alén do que podería ser entrar na análise dunha proxección autoral nas redes sociais dixitais, si podemos extrapolar esta cuestión á exhibición que a voz poética fai diante dese Outro que escoita ou le e a quen ela interpela.

‘Eu non son así’ escribe Emma Pedreira e ‘Je est un autre’ escribía Rimbaud a Georges Izambard; en ambos casos subxace a idea dese ser que non é o que aparenta, que é unha alteridade e, ao mesmo tempo, un ser nómade que se despraza nunha dualidade, un ente en contradición porque pode ser e non ser simultaneamente, ser Eu e ser Outro/a ou non ser como é. Un suxeito que é alguén composto, unha escisión en dúas negacións. Escribía Emily Dickinson:

I'm Nobody! Who are you?  
Are you – Nobody – Too?  
Then there's a pair of us?  
Don't tell! they'd advertise – you know! (2014: 190)

Esta alienación, de retomarmos as reflexións lacanianas, produce en nós neuroses porque nunca podemos chegar a ser o que vemos na imaxe que se reflicte no espello; partimos, por tanto, dunha negación de nós e dunha perda, a do obxecto que desexamos. Sería tamén xerme da loucura, como salienta Miller (2010: 26): ‘Este Otro que me agita en el seno de mí mismo es una formulación adecuada para toda locura’. Sexa como for, o certo é que segundo avanzamos nos poemas observamos como as dúas esencias ou escisións do Eu entran en conflito, no que podería ser un ‘conflito neurótico’, de utilizarmos o termo de Freud (1923), o ‘Iso’ (para simplificar poderíamos identificalo co Outro e coas pulsións de desexo, amor, sexo e morte) entra en conflicto cun Eu que procura a estabilidade e a auto-conservación.

Este desdobramento do Eu lírico envórcanos nun debate entre a ferida e a súa sombra; o Eu familiar e a loucura, o *álder ego* perverso, encarnación do reprimido e maléfico, a nosa cara máis escura. Se nos desprazamos da psicanálise ao eido literario, deixouno escrito Stevenson na súa obra *The Strange Case of Dr Jekyll and Mr Hyde*: ‘that man is not truly one, but truly two’ e, anteriormente, Mary Shelley plasmárao en *Frankenstein; or, The Modern Prometheus*. En *Para saír deste lugar*, a voz do poema corresponde a unha suxeita disociada entre dous Eus, aquel que sofre e o Outro que perturba. O Eu que padece loita por liberarse dese Outro lacerante que tortura e, asemade, dá pracer. Sitúanos no ouveo dunha besta que non acouga, de quen está baixo o tormento dunha doença física e mental que o escinde en dous.

*Unha poética da dor desde a extimidade na arte verbal e visual de Emma Pedreira*  
Inma Doval-Porto

2

Este texto deu lugar á elaboración dun video poema que está accesible na canle de Youtube de LP5 editora <https://youtu.be/Lz1BFzHPsA8>

Intuímos a presenza continua dun *Doppelgänger* que se manifesta en multitud de simboloxías, moitas delas animais: a serpe, ‘unha monstra saída de entre os breixos’ (42) ou unha sorte de ‘cabalos negros ao peito’ (62). A representación animal é reiterada en toda a obra da autora, non só na escrita senón tamén na plástica e adopta gran variedade de formas e tamén de alegorías e metáforas. Nos poemas que nos ocupan é frecuente a súa relación coa dor corporal, cun sufrimento extremo: a raposa que loita por desfacerse do cepo ou a rotura brusca do pracer que provoca a imaxe dos paxaros deitados no ceo ao contrapoñer aquela da serra eléctrica (14). A preferencia é sempre polos cánidos (raposa, loba, cadela, can, cachorra), que conectan coa ferocidade e a ferida. Son todas estas metáforas que se repiten en textos e pezas visuais da autora, áinda que neste poemario están ausentes das colaxes.

Sabes como doe isto?  
O máis semellante a levar unha raposa  
a debaterse nun cepo no medio e medio do esterno. (14)

Este fragmento extraído do poemario que analizamos enlaza directamente con estoutro procedente do poema ‘Di o meu psicanalista que’,<sup>2</sup> de *Antídoto*: ‘Son a raposa que sobreviviu sempre a todas as cacerías / —pero— levo todos os balíns incrustados’ (2018: 79).

A representación animal enlaza directamente cos postulados poshumanistas e ecofeministas, no senso de que establecen un símil entre a dor que o ser humano infrinxe á natureza salvaxe e aquela que sofre a muller por causa da dominación masculina (Nogueira Pereira 2023). Son dúas opresións que, no caso que analizamos, se multiplican, xa que a voz que é subxugada e torturada o é pola outra voz que, áinda sendo un *Doppelgänger*, toma forma lírica masculina e, a un tempo, conflúe nella toda a visión patriarcal da enfermidade física da muller, transformada en obxecto de saúde mental. Deste modo, a raposa ou a loba, femias de especies silvestres, que en ocasións a simboloxía ten asociado co escuro, os instintos inferiores ou o principio do mal (Cirlot 2006) deveñen en ferocidade e forza ante a violencia do ser humano.

En diálogo co poema anterior está unha colaxe onde a autora fai uso da nomenclatura dos elementos químicos, da táboa periódica, para construír a palabra ‘pánico’ e unha pasaxe lírica manuscrita que di: ‘desexo un fio negro e moi líquido do teu ollo claro ao meu ollo triste e que doa esa sutura para sentir que existo [...]’ (13), texto que repetirá xa mecanoscrito noutra colaxe en paralelo cun poema (41 e 42).

As conexións entre compoñentes gráficos literarios e composicións visuais son persistentes, polo que resulta doado establecermos certas relacións, dado que a autora ten un discurso moi consolidado onde a cuestión animal é unha constante. Durante dous anos, Pedreira ilustrou os relatos do proxecto ‘Un verán en Galeusca’, publicados no xornal *Nós Diario*. De entre todas as pezas rescatamos aquela que iluminaba un relato de Susana Sánchez Arins, ‘Danger’ (2019), onde a cabeza dun arao papagaio e dun Bóixer substitúen as de dúas figuras femininas. Trátase de animais humanizados ou humanas asalvaxadas? O can garda e protexe ante calquera perigo, cando está ben amestrado, así tamén, no sistema patriarcal e androcéntrico, se adestra á muller nos coidados das crianzas para limitar aquilo que sempre foi considerado natureza libre e irracional, fóra do logos e por tanto, próxima a outras especies salvaxes. ‘Pánico’ / ‘Danger’, dous vocábulos que

*Unha poética da dor desde a extimidade na arte verbal e visual de Emma Pedreira*  
Inma Doval-Porto

alertan de algo próximo á morte ou dunha sombra que espreita e ameaza con resgar o equilibrio.



Fig. 2. Ilustración para o relato de Susana Sánchez Arins, 'Danger', publicado en Nós Diario (2019)

O maxín zoográfico de Emma Pedreira é amplio. Porén, ela ten as súas preferencias. Alén dos cánidos, os insectos:

Mastigo as pétalas da miña violeta conxelada.  
As asas irtas dun insecto desecado ao sol.  
Cada unha das túas páxinas.  
Crepito como un lume moi vello.  
O meu nome fala do cansa que estou. (28)

De novo, identificación entre o eu enunciado e o animal que padece, nunha composición paradoxal que dilata o conflito do eu lírico. A boca é o eixo central nesa tensión, mastiga e manca, devora lentamente unha flor conxelada na dor similar á que provocaría o desmembramento dun artrópodo, coa mesma boca ou co queimar do sol? Mastiga pétalas coma insectos e coma páxinas, palabras que se esgotan no propio nome, pesado —pedreira— nunha licencia confesional. Eses pequenos animais domésticos que se filtran polas gretas da casa, entran no colchón como na pel nun tránsito poshumano metamórfico que culmina no reino vexetal (62 e 68). Na parte más plástica, os preferidos pola autora son os lepidópteros, as bolboretas, símbolo da transcendencia e do renacer, que poboan algunas das pezas visuais: Fig. 3.

A sombra preséntase na obra coma un inconsciente que nos quere dominar, unha identidade que non fai senón invadir o noso espazo, algo similar ao que acontece nos trastornos disociativos de personalidade, especialmente no trastorno bipolar.

Lembremos como en *Antídoto* (2018) tamén introducía ese diálogo coa sombra, elemento que repite insistentemente nos poemas, e tamén esa dualidade: 'QUERIDO ESPECTRO (podo chamarte espectro? / Roldas sen facerte firme, ente ou demo, levas un morto / cargado. Se cadra poderían ser dous)' ou nestoutro: 'QUERIDA SOMBRA, / parte máis pesada de min, [...]'

*Unha poética da dor desde a extimidade na arte verbal e visual de Emma Pedreira*  
Inma Doval-Porto

2018: 17 e 19). Son moitos os fiós que se urden entre un e outro libro, ás veces poden semellar unha continuidade. É máis, curiosamente, os dous libros finalizan coa mesma palabra: ‘nada’. Porén, é certo que poderíamos rescatar pezas de moitas das súas obras e encaixalas, como tan habilmente fai ela nas súas colaxes, e o resultado continuaría a ser unha trama de eus múltiples e suxeitos fragmentados.

A bilocación que se produce entre as identidades traslándose á división do corpo e, asemade, condúcenos a espazos paralelos, o doméstico (*Heimlich*) e o lugar que opreme, o ocupado polo sinistro (*Umheinlich*), aquel que se presenta coma un cárcere, un alxibe, unha casca, unha páxina ou unha casa en ruínas.

O corpo fragmémentase coma os cascallos da ruína, ao igual que o facía a casa da infancia que agora só habita na memoria; a casa, parte do desexo perdido, unha falla que se vive como rotura coa nenez. A través dos versos e das colaxes, a autora estende fiós emocionais, cartografías memoriais de resiliencia a partir da ferida e da enfermidade da voz lírica: ‘Aquí aínda vive alguén. Nesta cova, neste refacho ardido, neste poro queimado vive un ser. Desvívese’ (22).

Anteriormente, no seu poemario *Antítese da ruína* (2011), aproximábanos a esta mesma aporía de abandono e ocupación nun lugar que é a casa pero tamén é o corpo:

Hai un lugar inconfesábel arredor dos ósos. Algo que ten que ver  
cun espazo de frío]  
e de sentirme ocupada por unha cabeza interior  
onde todo o que se proxecta é a capacidade de ver as cousas mortas.  
(Pedreira 2011: 27)

Como xa avanzamos, o Eu é inestable no pensamento lacaniano e está fragmentado. Tamén o corpo é fraccionado en pezas independentes. É a boca, coa gorxa, orificio de pracer e de dor, unha cavidade pola que trabamos, tragamos, atragoamos e trousamos; e é, este órgano, xunto co verbal das súas accións, elemento axial en toda a obra pedreirana, tanto



Fig. 3. Para saír deste lugar (40)  
Fig. 4. Para saír deste lugar (22)

*Unha poética da dor desde a extimidade na arte verbal e visual de Emma Pedreira*  
Inma Doval-Porto

na escrita como na plástica. Analiza Miller como o Outro, no pensamento de Lacan, asume o ‘estatuto de objecto oral [...] al estilo oral de los des-ahogos amorosos’ (2010: 264) e así tamén sucede nalgúns dos versos: ‘Pero segues a trabarme’ (10). O oco bucal humano confúndese co bestial que devora e traba en toda a creación verbo-visual da nosa autora; tamén é a boca devoradora de animais non humanos: insectos, paxaros, ósos que se atragoan na gorxa; igualmente trousadora de vexetais, perdas e palabras.

No ano 1929, Georges Bataille, nunha das entradas do *Dicionario crítico* que elaborou xunto a Michel Leiris e que despois sería recollida nun volume con outros ensaios do autor, incluía a boca coma órgano que enceta o corpo e tamén o máis voraz e violento, mesmo caníbal, algo que crea un vencello entre o animal salvaxe e o humano, especialmente, o ser humano trastornado. Deste modo, a animalidade ou os impulsos violentos libéranse pola boca (Bataille 2003). Marta Segarra (2014) reflexiona sobre a ligazón existente ente os orificios corporais e como os que presentan maior ilación son a boca e a vaxina, como tamén existe entre a morte e a comida, entre a comida e o sexo ou entre boca, morte e sexo. A boca, como órgano excretor que expela e evacúa, tamén o fai coa palabra que expulsa:


[...] Agocha tras das nádegas letra por letra  
boca e cona e dentes e axila  
e degusta, como fai a invidencia, con outro  
sabor no padal todas as demais maneiras  
de decidir como electrificarse. (56)

O poema onde se inclúe este fragmento será repetido na páxina 58 coa substitución dalgunhas palabras por silencias. A ‘boca rota’ e ‘fendida’, ‘a miña cona roturada’ (67), son parte dun relatorio de fragmentos do corpo.

Poderíamos citar exemplos de calquera texto onde están presentes a boca e os seus elementos ou conexións (lingua, gorxa, dentes), así como as accións verbais dos mesmos. Referimos aquí un par de versos extraídos da súa primeira obra lírica publicada: ‘Achégome coa lenta raigame dunha gorxa en ruínas a percurar en ti a inútil proximidade / do tacto’ (1999: 22); ou a significativa anáfora daqueloutros do libro *Os cadernos d'amor e os venenos* (2002):

que ningunha man se atrevese no perigoso dique da miña  
boca muralla  
boca vermella boca proclama boca incesto  
boca raíz  
que se trepanou entre as mans como o retorcido pescozo dos armiños  
boca traizón nación provocación lugar doença  
boca mortalla. (44)

Fig. 5. Várias mouthcollage publicadas en Facebook e Instagram entre 2019 e 2022



*Unha poética da dor desde a extimidade na arte verbal e visual de Emma Pedreira*  
Inma Doval-Porto

Así como a boca devora, a ferida, outra cavidade do seu imaxinario, é a resposta doente, resultado da fereza do Outro, da boca, do obxecto oral, orificio aberto e carnal que acolle o dano, supura sangue, mais tamén fala. Porque todas as feridas, chagas, vesículas, todas as gretas e fendiduras corporais falan, todo o que abre no corpo fala, como salientou Cixous: ‘[...] toutes les ouvertures des corps ont toujours parlé depuis la nuit des temps [...] tout ce qui l’œuvre parle [...]’ (Cixous 2006: 39). Como as fisgoas parlantes do corpo de Eve, a nai de Hélène Cixous, aquelas que a filla percorría cada día mentres estendía a pomada reparadora, as feridas exhalan a súa voz doente no texto de Emma Pedreira, expulsan a palabra. Así tamén noutros poemas da autora ou nas colaxes que publica nas redes sociais dixitais, como podemos observar naquela publicada en Facebook a partir dunha reapropiación dunha fotografía dunha obra que Maribel Nazco realizou en 1977. O texto que acompaña a montaxe pedreirana reza: ‘Sabía que certa ferida volvería falarme’. Emma Pedreira resga a imaxe como o propio corpo da metálica abstracción humanizada da artista canaria que despois pecha con grampas para dar inicio a un proceso de cicatrización, attentamente observado desde o ollo interior. Porén, a cicatriz permanece e a ferida sangra de novo. A peza orixinal de Nazco foi creada cun elemento frío, aluminio traballado con ácidos que, no entanto, representa un elemento cálido, a fusión de dous corpos humanos; a rotura da continuidade dunha organicidade formal suxire unha agresión que provoca a ferida e a fuga posterior da palabra-sangue.



Fig. 6. Colaxe subida no seu Facebook  
o 1 de marzo de 2022

Regresamos ao poemario *Para saír deste lugar* onde esoutro lugar escraviza e domina e é preciso atopar unha greta, un oco por onde fuxir: ‘volvo acender todas as alarmas, pechar as portas do cárcere para / que non haxa fugas’ (32). Fuxir para non desaparecer devorada: ‘Dentro da túa sombra fágome o’ (20). Volverse o é volverse ‘nada’; da ausencia do ser é de onde este nace, todo comeza nese o, todo se inicia de novo, xermina despois da devoración, da ruína ou do baleiro. Porque, como indica Miller (2010: 31), ‘[...] hay precisamente un afuera en el interior’ e saír deste lugar é realmente expulsar o outro, ese fóra que está dentro de nós.

No entanto, existe unha esperanza que permita saír dese lugar? Carl E. Jung (1970) optaba pola integración da sombra dentro da nosa personalidade, o que evitaría o risco de disociación. O eu poético de *Para saír deste*

*Unha poética da dor desde a extimidade na arte verbal e visual de Emma Pedreira*  
Inma Doval-Porto

*lugar* desexa unha proxección única que é ofrecida a través dunha metáfora da unión corporal dxs amantes:

Cae o papel pintado como unha saba.  
Detrás, a humidade do teu corpo.  
Embaixo, a humidade do meu corpo.  
Non digamos nada ata que consigamos proxectar unha mesma sombra. (24)

Agora ben, de regresarmos ao pensamento lacaniano, a saída para evitarmos a escisión do eu é a linguaxe (construída no gran A), que evitaría a precipitación do Eu na angustia. Esa linguaxe da dor é unha poética que procede do éxtimo. Nos poemas do texto que analizamos, o suxeito escindido ten unha saída ou salvación, a palabra que se opón ao silencio [...] e, por tanto, á morte, ao Outro espeacular:

A incontención bota capa tras capa tras capa escuridade  
e silencio e morrer de ganas.  
Non sabes ti o que eu daría por. (38)

O silencio é incontención, pulsión de desexo, rotura do suxeito, ferida e dor:

Un só dedo remexe o fume e procura o bombeo do silencio  
da aorta ao pube, da femoral ao pulso,  
da carótida ao labio xa púrpura de incontención. (52)

No entanto, non debemos identificar a palabra como algo que contrinxe ou limita a expansión do Outro, senón como un elemento libertador carente de significado e pleno en significantes que nos guía na saída dese Outro lugar. A través da palabra o eu lírico exhibe a súa dor como o faría nunha auto-psicanálise para conseguir unha autarquía do Outro eu maléfico: da terapia/sanación desprázase até a exposición pública do eu éxtimo: '[...] Neurose, hipérbole, palabra non dita [...]' . (82)

Se eliminamos a palabra queda o silencio, o espazo baleiro e a morte:

Proba a eliminar a palabra \_\_\_\_\_ cando fales do meu \_\_\_\_\_ [...] \_\_\_\_\_ . Agocha tras das túas nádegas letra por letra / boca e \_\_\_\_\_ e \_\_\_\_\_ e \_\_\_\_\_ / e degusta, como fai a invidencia, con outro / sabor no padal todas as \_\_\_\_\_ / de decidir como \_\_\_\_\_.  
(58)

Tamén a imaxe é linguaxe e ferramenta de expulsión, actúa como elemento que complementa o verbo, insiste na simboloxía e incorpora novas alegorías, como é a semiótica da cor e a perda de iconicidade, que nos sitúa no espazo do significante. Emma Pedreira adoita traballar na súa obra lírica e visual con tres cores fundamentais: o branco (silencio), o negro (dor e morte) e o vermello (sangue ou ferida). Entre elas non hai cortes abruptos, senón tránsitos lentos: gris, azul, maxenta ou púrpura. En practicamente todas as colaxes dominan esas tres cores, en todas elas a vida debátese coa dor e a morte. Nos textos, o branco está nos baleiros, na ausencia da palabra, nalgúns imaxes verbais coma o leite ou a saba ou

*Unha poética da dor desde a extimidade na arte verbal e visual de Emma Pedreira*  
Inma Doval-Porto

na luz; o negro no carbón ou a lousa, nos cabalos, na sombra; o vermello no púrpura, na boca, nos beizos ou no sangue.

Cómpre salientar o paralelismo que existe entre a relación intereuóica e unha relación de amor tóxico que flutúa entre a sublimación ou satisfacción do desexo e a negación. O espectro ou a loucura materialízanse no corpo dun amante salvaxe que afilxe, tortura e dana: ‘O repentismo. A sacodida. O lóstrego alampando. [...] A DOR. [...] Ignición. Orgasmo’ (46). O eu enunciativo non está escindido en dúas partes iguais senón que unha é escrava da outra, quen impón a súa vontade e é, asemade, obxecto do desexo do Eu subxugado. A pulsión sexual que supón o Outro lacaniano, ou o Iso freudiano que dirixe as pulsións sexuais do noso inconsciente, domina e somete ao eu desexante. A privación do desexo, a perda da imaxe espectral, non fai senón aumentar o noso desexo.

Ser o cociente da nosa potencia, unha cifra marxinal. A hora vintecíno foi para ti, amor, polo que aínda será que non existes. [...] Foi insostible a sensación desta perda. Cada vez que despren-días a última palabra eu loitei por sobrepoñer unha antepenúltima. Eternizar o minuto sesenta. O traspés no segundo cincuenta e nove. A desaparición.

E agora onde dixen reino digo medo. Onde amor, cicatriz. Onde amor, hipnose. Onde amor, curiosidade. Onde dixen desexo e puxen o teu nome prendeu a compulsión. Neurose, hipérbole, palabra non dita. Ansiedade sinónimo da pena. Mal de altura, estas bocas. Onde nós, dano. Onde eu, nada. (82)

O filósofo sul coreano Byung-Chul Han refire a ausencia de muestras de dor na sociedade contemporánea occidental, que son enmascaradas por unha inexistente exposición pública da ledicia, continuamente exhibida nas redes sociais dixitais. Este falso positivismo impón o excesivo consumo de fármacos para poñer fin a calquera padecemento. Vivimos, dalgún xeito, nunha especie de anestesia colectiva. Porén, fronte ao que el denomina sociedade paliativa, opón a necesidade dun retorno á manifestación da nosa dor que debe mesmo regresar na expresión artística: ‘el arte tiene que poder resultar chocante, molestar, perturbar, e incluso tiene que poder doler’ (2021: 17).

Os vinte e nove poemas e as doce colaxes feren e atravesan porque *Para sair deste lugar si perturba e doe; ofrécenos unha dor comparábel a esa raposa á que atravesa o cepo ou á tortura más perturbadora, á que, coma unha agulla, escaravella até perforar a derme e furgar no óso, silandeira, coma un murmurio, mesmo baixo o disfraz do pracer: ‘Un aleteo que titila / as túas sílabas / xusto aquí’* (14). Chantal Maillard (2019) escribiu que algo universal como é calquera padecemento, algo en que todas as persoas nos recoñecemos, transfórmase sempre en algo individual, de quen o sofre. A dor lacerante que se transmite ao longo do texto e das colaxes de Emma Pedreira é persoal da suxeita que a padece, porén, aínda que ‘intransferible’ porque ‘nadie se duele por otro’ (Maillard 2019: 42), si é extrapolábel a calquera que o le porque ese é o poder da linguaxe, abrir gretas ou espazos de liberación, fendas a través das que se poidan producir interferencias e transitar do individual ao universal. As brechas ábreñense non só nos cercos que creamos como protección, senón tamén naquilo que excede os límites da linguaxe, no seu fóra. Así, na brecha hai unha abertura que conduce ao exterior, a ese ‘fóra’ ou espazo común e animal, un espazo compartido onde

‘no hay yo, no hay alguien’; o fóra é un lugar de inocencia e o ‘poema es una señal de la inocencia’, engade Maillard (60). Pode así ser o poema unha fenda ‘para saír deste lugar’ e un fóra común onde as dores individuais podan ser exhibidas e compartidas.

Para enmascarar a dor hai paliativos que non abondan, benzodiazepinas, o ‘Pam-pam da nosa fe’ (23), cuxas caixas xa baleiras serven a Emma Pedreira de soporte para a incorporación e ensamblaxe de recortes de papel, obxectos tridimensionais e textos cos que elabora as súas *femmage*. O medicamento é un elemento común en todas elas agás naquela que precede o miolo e ocupa unha páxina a sangue, unha *skincollage*, auto-presentación ou *selfie* da autora co rostro cuberto, en parte, por unha caveira que tamén é máscara e que nos lembra *x-Ray of my Skull* creada por Meret Oppenheim en 1964. O mito do *Doppelgänger* conclúe coa morte do ego a mans do seu dobre maléfico e o libro comeza no que sería ese fin, simbolizado tamén nese silencio tatuado no pulso. O autorretrato, situado no comezo do volume, procura, ademais, unha confusión entre a identidade ficcional e autoral.



Fig. 7. *Para saír deste lugar* (2)

A manifestación evidente de disociación do eu compleméntase no formal nun dimorfismo de termos antagónicos mais complementarios, moitos deles en alusión aos elementos esenciais da materia: luz / sombra ou escuridade; lume, mecha, carbón, arder, sol, pólvora, lava, cinzas, fume / auga, xeo, conxelado ou frío. Como xa referimos, foi a propia autora quen realizou a tradución do texto ao castelán para a creación dunha edición bilingüe, o que lle permitiu introducir un novo elemento de disociación, o xénero, que pasaría desapercibido de lermos unicamente o texto nunha das linguas. Nas páxinas 18-19 a tradución ao castelán desvíase do orixinal galego coa intención de cambiar o xénero do eu: ‘Odio o vento. / Vólveme da tribo dos cans’; ‘Odio el viento. / Me vuelve de la tribu de las perras’. Neste senso, ao longo do texto utiliza a letra x para a substitución dos morfemas masculino e feminino. O primeiro caso conduce a unha dúbida sobre se o eu e a súa sombra comparten identidade de xénero; porén, a utilización continua do x fainos pensar nunha disociación tamén desta índole, nun Eu escindido entre dous suxeitos: un masculino e outro feminino.

*Unha poética da dor desde a extimidade na arte verbal e visual de Emma Pedreira*  
Inma Doval-Porto

A sombra, o álder ego, quen invade, asfixia, ocupa a casa e o corpo, esgaza, lacera, perfora, traba, electrifica, devora e queima; deixa un baleiro, unha metade orfa cando desaparece coa súa dor: ‘Onde nós, dano / onde eu, nada’ (82). Son estes dous versos os que pechan o poemario, coma un novo inicio ou un eterno retorno a ese mesmo lugar.

### Conclusión

As imaxes verbais das creacións pedreiranas teñen continuidade nas visuais, nas colaxes e non unicamente no texto que analizamos, senón que a autora retoma o fío nun tecer continuo, unha obra total elaborada con retallos de memoria, dor e linguaxe. As alegorías repítense e toman forza nesta ilación: a casa, a ruína, o mundo animal e vexetal, o corpo fragmentado, a ferida, a doença e a construción da subxectividade na multiplicidade do Eu.

*Para saír deste lugar* é literatura esixente, que diría Leyla Perrone-Moisés (2012), xa que precisa unha lectura e relectura atenta e reflexiva, coma quen desenvolve devagar un tesouro agochado tras multitud de capas téreas. Unha aproximación rápida podería desviarnos da súa esencia: a introspección no ser humano e na loita que establece coa súa sombra ou álder ego, coa súa extimidade; así como unha aproximación á neurose e mesmo á loucura. Afastaríanos de penetrar nesa poética da dor e da linguaxe como ferramenta de ex-pulsión que ela nos ofrece, a través da oralidade e das aperturas corporais; unha oralidade que se estende, alén do terapéutico, cara á presentación do Eu escindido. Emprázanos nunha poética que se prolonga do individual até o universal. Non obstante, non é un texto dunha linguaxe sofisticada ou hermética, senón que, de retomarmos as palabras de Byung-Chul Han, estamos ante esa mesma esencia da arte, a que molesta, perturba e doe.



*Unha poética da dor desde a extimidade na arte verbal e visual de Emma Pedreira*  
Inma Doval-Porto

## Obras citadas

- BATAILLE, George, 2003. *La conjuración sagrada: ensayos 1929-1939*, selec., trad. e prol. de Silvio Mattoni (Buenos Aires: Adriana Hidalgo).
- CIRLOT, Juan Eduardo, 2006. *Diccionario de símbolos* (Madrid: Siruela).
- CIXOUS, Hélène, 2006. *Hyperrêve* (Paris: Galilée).
- DICKINSON, Emily, 2014. *Duzentos poemas*, trad. de Ana Luísa Amaral (Lisboa: Relógio d'Água).
- DOVAL-PORTO, Inma, 2022. *Entre leiras e labores: literatas-artistas, artistas-literatas. Antoloxía verbo-visual de autoras galegas* (Lisboa: Urutau).
- , 2022b. ‘Este non é o poema’, de Emma Pedreira [crítica]. *Palabra Comum*, 1 marzo de 2022. <https://palavracomum.com/este-non-e-o-poema-de-emma-pedreira-inma-doval-porto/>
- FREUD, Sigmund, 1923. *Das Ich und das Es* (Wien: International Psychoanalyscher Verlag).
- HAN, Byung-Chul, 2021. *La sociedad paliativa* (Barcelona: Herder).
- JUNG, Carl Gustav, 1970. *Arquetipos e inconsciente colectivo* (Barcelona: Paidós Ibérica).
- LACAN, Jacques (2008). *Seminario 16. De un Otro al otro* (Barcelona: Paidós).
- MAILLARD, Chantal, 2019. *La baba del caracol: cinco apuntes sobre el poema* (Madrid: Vaso roto).
- MENDÍA, Gladys & Chus PATO (Eds.), 2022. *Voces miñas: Brevísima Antología Arbitraria Galicia-Venezuela* (LP5 editora) <https://lp5.cl/?p=2929>
- NOGUEIRA PEREIRA, María Xesús, 2023. ‘Poesía, expolio e degradación medioambiental. Lecturas desde a ecoerística e o ecofeminismo’, *Atlánticas. Revista Internacional de Estudios Feministas* 8(1): 17-51.
- PEDREIRA, Emma, 1999. *Diario bautismal dunha anarquista morta* (A Coruña: Espiral Maior).
- , 2002. *Os cadernos d'amor e os venenos* (A Coruña: Espiral Maior).
- , 2011. *Antítese da ruína* (Santiago de Compostela: Centro PEN).
- , 2018. *Antídoto* (Santiago de Compostela: Alvarellos).
- , 2019. *As voces ágrafas* (A Coruña: Espiral Maior).
- , 2022. *Para saír deste lugar* (Lisboa: Urutau).

*Unha poética da dor desde  
a extimidade na arte verbal  
e visual de Emma Pedreira*  
Inma Doval-Porto

- PERRONE-MOISÉS, Leyla, 2012. *A literatura exigente. Os livros que não dão moleza ao leitor* (São Paulo: Folha de São Paulo).
- SÁNCHEZ ARINS, Susana, 2019. ‘Danger’, *Nós Diario*, 6 setembro 2019,  
<https://www.nosdiario.gal/articulo/cultura/danger/20190822143539083331.html>
- SEGARRA, Marta, 2014. *Teoría de los cuerpos agujereados* (Tenerife: Melusina).
- SIBILIA, Paula, 2008. *La intimidad como espectáculo* (México D.F.: Fondo de Cultura Económica).
- WARBOURG, Aby, 2010. *Atlas Mnemosyne* (Madrid: Akal).

*Article*

# Intermedialidade e adaptación na banda deseñada galega

Antonio J. Gil González

Kenya Pineda

Universidade de Santiago de Compostela

*Keywords*

Intermediality  
Galician Comics  
Adaptation  
Transmediality

*Palabras clave*

Intermedialidade  
Banda deseñada galega  
Adaptación  
Transmedialidade

*Abstract*

The growing perception of comics as an artistic and discursive manifestation of increasingly original, artistic and experimental forms has transformed its relationship with readers and also with other arts, gaining a place in the creation of transfictional and transmedial worlds, sometimes as its epicenter and other times as just another part of their narrative universes. In the Galician context, we are seeing more and more works that participate in these exchanges with other media. This article explores some significant cases of intermediality between Galician *banda deseñada* and literature.

*Resumo*

A crecente percepción do cómic como manifestación artística e discursiva de formas cada vez más orixinais, arriscadas e experimentais transformou a súa relación cos lectores e tamén coas demais artes, acadando un lugar na creación de mundos transfictionais e transmediais, ás veces como o seu epicentro e outras como unha parte máis dentro do universo narrativo. No ámbito galego, observamos cada vez máis obras que participan destes intercambios cos outros medios. No presente artigo explóranse algúns casos significativos das relacións intermediais da banda deseñada galega coa literatura.



Cada lenguaje artístico se ve acompañado de un lenguaje crítico y, también, de una posible teoría que se afana por desvelar los rasgos esenciales de su objeto de estudio para, más allá del estudio de los casos particulares, establecer categorías universales que permitan una definición.

José Manuel Trabado  
*El cómic y sus lenguajes*

## Introducción

O termo ‘adaptación’ connotou tradicionalmente o trasvase de obras da literatura cara a outros medios, ao cinema de xeito preponderante. A chegada do que Henry Jenkins denominou a *cultura da converxencia* entre os diferentes medios supuxo a perda da centralidade da adaptación filmoliteraria, substituída por unha miríade de entrecruzamentos recíprocos entre as narrativas dominantes, principalmente a novela, o filme, a serie, o videoxogo e, tamén, a banda deseñada, ben sexa como orixe ou destinatario destes fluxos intermediais. Nalgúns casos, mesmo se converteu ela mesma nun dos centros do repertorio adaptativo, como exemplifica a irradiación do xénero dos superheroeas nas últimas décadas.

Como a meirande parte das artes e os medios, de natureza intrinsecamente intermedial, o cómic integra principalmente imaxe e palabra, e potencialmente na esfera dixital, a música ou mesmo a animación se pensamos no *motion comic*. Pero xa de xeito extrínseco, participa en todo tipo de relacións multimediais, remediais e transmediais (Gil González & Pardo: 2018). De entre toda a galaxia adaptativa de novelizacións, peliculizacións, teleserializacións, historietizacións ou ludonarrativizacións posibles nas que participa a banda deseñada galega, inabarcable nunha modesta achega como a presente, trataremos de ilustrar as relacións cómic-literarias mediante as cales esta adaptou o repertorio dos diferentes arquixéneros: o teatro, a poesía, a narrativa e o ensaio. Tratouse así mesmo de acompañar a exemplificación dos devanditos fenómenos coa análise dunha mostra de casos significativa.

O cambio de século foi, sen dúbida, un dos momentos máis activos e interesantes da historia da banda deseñada. Esta pasou de ser un produto infantil, comercial e de escaso prestixio cultural que cubría as necesidades de entretemento de determinados segmentos do mercado editorial, a unha expresión artística, un discurso creativo, un documento histórico, un obxecto estético ou unha materia de estudo. Concibida como un medio de comunicación, un campo cultural, unha linguaxe, un sistema semiótico ou como un obxecto cultural non identificado, para empregar o termo acuñado por Thierry Groensteen (2006), a novena arte conseguiu consolidarse dentro dos circuitos da cultura global coma un espazo onde o pensamento e o devir dos suxeitos e das sociedades se reflicten a través do debuxo. Este cambio na percepción do medio tamén mudou a posición do cómic no intercambio intermedial e transmedial dos ciclos narrativos. Recoñécese plenamente o seu valor artístico e discursivo e convértese nun territorio capaz de acoller unha pluralidade de discursos, dando paso a unha serie de circulacións e prácticas adaptativas entre o cómic e o resto de manifestacións culturais nas que a banda deseñada pode xogar un papel central.

Así mesmo, como obxecto de estudo nos últimos anos, constatouse un aumento considerable do número de teses, artigos de investigación,

congresos, seminarios e repositorios dedicados exclusivamente á banda deseñada, atopando un lugar propio na academia como campo de investigación nos hoxe coñecidos como *comics studies*, sen deixar de reconécer a vixencia das reflexións teóricas sobre o medio dos propios creadores, como as de Will Eisner (2002) a mediados dos anos 50 ou as de Scott McCloud (1993) a finais do século xx. Entre as de carácter científico ou académico en España, os primeiros estudos sobre cómic atópanse a principios dos anos 60, a cargo de Luis Gasca e Román Gubern, baseados fundamentalmente na semiótica e na narratoloxía, como *Los cómics en España* (1969), *Tebeo y cultura de masas* (1966), *El discurso del cómic* (1988) e *El universo fantástico del cómic* (1988). A maioría dos traballos desta época son historicistas ou enciclopédicos. Non é ata as dúas últimas décadas cando atopamos estudos sobre a banda deseñada de carácter teórico-crítico que avalan esta (nova) visión da banda deseñada como práctica artística e discursiva. Son estes traballos amparados pola teoría semiótica, como *Análisis e interpretación del cómic. Ensayo de metodología semiótica*, de Miguel Ángel Muro Munilla (2004); *La arquitectura de las viñetas: Texto y discurso en el cómic*, de Rubén Varillas Fernández (2009), onde se aplica a clásica distinción entre historia e discurso á estrutura narrativa da banda deseñada, se delimitan as unidades mínimas constitutivas das narracións gráficas e se analiza o seu discurso, integrando varias teorías na súa proposta; ademais de, entre outros, *Anatomía de una historieta*, de Sergio García (2004); *Cómic. Arquitectura narrativa*, de Enrique Bordes (2017) e *La secuencia gráfica. El cómic y la evolución de su lenguaje*, de Roberto Bartual (2020). Tamén atopamos estudos de caso que contribúen tanto á construción teórica como a unha categorización crítica do corpus obxecto de estudio.

En Galicia tamén agroman neste momento publicacións relevantes de carácter teórico-crítico dedicadas á banda deseñada, como o monográfico do *Boletín Galego de Literatura*, ‘Olladas do cómic ibérico’ (Gil González e Tarrío 2007), a tese de doutoramento de Xulio Carballo *Para unha historia da banda deseñada galega: unha narración a través da linguaxe gráfico-textual* (2015), que parcialmente foi publicada por Edicións Xerais baixo o título *Os pioneiros da banda deseñada galega 1971–1979* (2019), e *A historia do cómic en Galicia*, de Octavio Beares (2021), publicada por Editorial Galaxia.

Recentemente, como se dixo, os estudos sobre cómic vanse ampliando tamén dende enfoques e campos de estudio moi diversos. Mesmo as ciencias cognitivas comezan a prestar atención ao cómic e ás narrativas gráficas, máis aló do seu sentido narrativo e secuencial, explorando as estruturas internas da imaxe e as súas posibilidades cognitivas (Cohn 2019), desde unha perspectiva de lectura multilínea na que o cómic deixa de ser unha mera ilustración do discurso verbal e constitúese como un medio capaz de argumentar un discurso moi próximo aos procesos de pensamento (Muñoz Fernández 2018; Sounanis 2015).

Antes de continuar é oportuno facer unha aclaración terminolóxica, pois, en Galicia, popularizouse o termo *banda deseñada* (BD), tradución do termo franco-belga e portugués en detrimento do anglosaxón *comic*, moi popular dende os anos 80, e afastándose de termos como cómic ou historieta utilizados en castelán, para se referir a un texto de imaxes fixas impreso nun soporte material para a súa difusión, que utiliza elementos verboicónicos e códigos diversos doutras linguaxes ou paralinguaxes, articulados entre si para construír un relato autónomo (Gasca & Gubern 1988; Barrero 2011). Así pois, utilizaremos a expresión *banda deseñada galega*, ou BDG, para distinguir a producción feita na comunidade galega por autores

ou editoriais galegas (incluídas en ocasións algunas obras editadas en castelán). Cando usemos o termo *cómic* estaremos a referirnos ao campo cultural, ao termo internacionalmente más común para designar o medio. Tamén se empregará para referirnos a outros ámbitos lingüísticos ou culturais específicos.

Os antecedentes remotos da BDG sitúanse na Idade Media, cando se atopan as primeiras narracións que combinan o texto coa imaxe. Referímonos ás *Cantigas de Santa María* de Afonso X o Sabio, que conteñen unha narración secuencial. De aquí en diante pasarán varios séculos ata atopar outro antecedente da producción da BDG como a coñecemos hoxe (Carballo 2019: 12; Harguindeguy 2006: 47–60). No século XX, os múltiples conflitos políticos —e armados— dificultaron o desenvolvemento desta arte, mais a pesar de que en Galicia non había revistas de historietas, podemos atopar obras textovisuais de artistas galegos como Castelao, Manuel Torres, Álvaro Cebreiro ou Reimundo Patiño que poden servir como precedentes da BDG nas que se conxugan a tradición e a vanguarda que caracterizarán as orixes da producción galega (Carballo 2019: 14).

Como sinala Xulio Carballo nos seus traballos sobre estas orixes, a BDG como a coñecemos hoxe desenvolveuse nun contexto convulso, baixo o autoritarismo franquista e posfranquista, e as problemáticas sociais derivadas deste, como a migración e a censura. Non obstante, debemos sinalar que Galicia é *finis terrae*, a fronteira co mar Atlántico, e como toda fronteira, é unha zona difusa, de influencia e de intercambio, un territorio compartido. Grazas a esa xanela transatlántica chegaron as influencias culturais e artísticas de países como México, Arxentina, Francia ou Estados Unidos, os cómics e os *fanzines*. Podíase acceder, a modo de contrabando, a revistas, libros e música que a censura non permitía dentro do territorio nacional. Neste contexto, a BDG desde a súa xestación estableceu relacións directas con outras artes como a pintura, a estampa, a fotografía, as artes gráficas e a literatura, pois moitos dos artistas que están interesados nela e que posteriormente se converteron en referentes da BDG proveñen destas disciplinas artísticas: é o caso de Xaquín Marín, Pepe Barro e Antón Patiño. Sexa como for, a BDG é herdeira destes artistas, das súas prácticas de carácter reivindicativo da cultura e a lingua galegas e da apropiación do medio —o cómic—, ao reclamalo como un espazo expresivo e expansivo do seu discurso. Tamén da experimentación plástica en busca dunha estética propia. E finalmente do seu carácter colectivo, á procura de espazos de reunión onde poida existir un intercambio e unha reflexión sobre o quefacer artístico —como o foron os grupos Brais Pinto, Fusquenlla ou o Grupo de cómic do Castro— onde se xestou o xermolo da BDG (Carballo 2019: 17; 67). Estas prácticas foron continuadas polas seguintes xeracións de creadores galegos dende os anos 80, e a creación de colectivos con interese artístico mantense vixente no medio na actualidade.

Esta arte xurdida nas marxes da sociedade é a día de hoxe unha manifestación cultural interiorizada no sistema cultural galego, como demuestra a canteira de artistas recoñecidos internacionalmente, e a creación de premios de BDG como o Premio Castelao, que en 2022 leva dezasete edicións. Deben sinalarse, así mesmo, a recuperación dos traballos de artistas para crear exposicións antolóxicas individuais ou colectivas en museos como ‘Historieta Galega 1973–2008’ no Auditorio de Galicia de Santiago en 2008, ou ‘BDG70: A revolta do cómic galego’ na Sala Normal da Coruña en 2016; os festivais de *fanzines*, de autoedición —como ‘Autobán’ na mesma cidade ou ‘No tengo mamá’ en Vigo—, ou temáticos —como o ‘Encontro

de divulgación e formación de Banda Deseñada Histórica en Galicia', en Lugo, dentro da axenda das festas Arde Lucus, que conmemoran a fundación da cidade—; a creación da primeira escola de BDG, Garaxe Hermético, dirixida por Kiko da Silva; e o festival 'Viñetas desde o Atlántico' que se veu realizando dende 1998. Xunto coa crecente atención por parte da academia e a investigación, patente no incremento de teses e actividades relacionadas co medio,<sup>1</sup> ditas actividades ilustran o proceso de desenvolvemento, madurez e institucionalización da BDG.

## Intermedialidade, adaptación e BDG

<sup>1</sup>  
Como as *IV Xornadas de Nova(s) Narrativa(s): Banda deseñada galega e intermedialidade*, organizadas en 2019 polo proxecto 'Intermedialidad, adaptación y transmedialidad en el cómic, el videojuego y los nuevos medios' (FFI2014-55958-C2-2-P) en coordinación co proxecto 'Transescritura, transmedialidad, transficcionalidad: relaciones contemporáneas entre literatura, cine y nuevos medios II' (FF2014-55958-C2-1-P), e en colaboración co proxecto 'Consolidación e estruturación. GRCGI-1371 Teoría da Literatura e Literatura comparada' (GRC2014/026).

O cómic é un medio que se atopa preto do tecido social, e achega información a través da súa linguaxe debuxada xerando unha sensación de inmediatez e proximidade, prescindindo en ocasións do texto escrito. Dende as súas orixes, o cómic ten unha tonalidade satírica e, grazas á súa intermedialidade intrínseca, relacionouse con outros medios e discursos con naturalidade. Hoxe é un medio transversal, inserido dentro dos circuitos e industrias culturais polas que circulan as diferentes narrativas e universos transmediais.

En España, dous feitos marcan o comezo desta etapa de consolidación do cómic: a primeira edición de *Arrugas* de Paco Roca en castelán e a creación do Premio Nacional de Cómics en 2007. Podería dicirse que a inercia das mareas culturais do mundo viña empurrando a creación e os autores–artistas cara aos dous procesos descritos, tanto de consolidación/institucionalización, como de intermedialidade/transmedialidade dentro deste campo cultural. A nivel nacional, estes procesos víronse reflectidos no aumento da producción de títulos orixinais e da importación de obras doutras sistemas. Isto coñécese como o 'efecto *Arrugas*', pois ademais de marcar un antes e un despois nas tendencias editoriais, a devandita obra é tamén un punto de referencia en canto ás relacións do cómic con outros medios. En 2011 foi adaptada ao cinema de animación por Ignacio Ferreras, en 2012 adaptouse para o mercado norteamericano, e en 2013 o mítico estudio de animación audiovisual Ghibli comprou os dereitos para a súa versión no país nipón. Con máis de 16 edicións en castelán e traducida polo menos a 6 idiomas, *Engurras* —editada en galego por El Patito Editorial— pon de manifesto o despazamento da centralidade da literatura nos transvases adaptativos (Gil González 2012 e Gil González & Pardo 2018), integrándose no proceso transmedial non só como un producto derivado, senón como a orixe dun universo narrativo.

No ámbito galego atopamos cada vez más obras que se serven destes cruzamentos entre disciplinas, xa sexa tomando unha historia para transformala nunha obra nova, servíndose de operacións de adaptación ou reescritura dun texto específico, ou como parte dun universo transficcional en expansión (Gil González, 2012 e Gil González & Pardo 2018). Un exemplo no *mainstream* galego é o caso dos *Bolechas* de Pepe Carreiro, que contan cun extenso mundo narrativo que vai desde contos infantís a libros ilustrados, cómics ou espectáculos musicais, por mencionar só algúns exemplos. *Os Bolechas* son un auténtico fenómeno cultural co que nenos e nenas galegos foron crecendo desde o ano 2000. As aventuras desta simpática familia composta por seis irmáns e un can foron adquirindo un carácter máis didáctico co tempo. A través das súas historias, a familia Bolecha dá a coñecer algúns aspectos e actividades da vida cotiá, promove determinados valores e actitudes como a igualdade, a amizade ou o respecto pola natureza, e axuda a

'Transluçinating' Medieval  
Galician-Portuguese  
Love Lyric: Erín Moure's  
Stitched *Cantigas* in  
*O Cadoiro*  
Harriet Cook

2

*Kamishibai* significa ‘drama de papel’ ou ‘teatro de papel’ e é unha forma de contar historias que ten a súa orixe no Xapón do século XII. Combina ilustracións e textos sobre un soporte de madeira que emula o escenario dun teatro en pequeno formato.

ensinar coñecementos de historia, xeografía, educación ambiental, ademais de, por suposto, fomentar e difundir a lingua galega.

En xeral, a produción de BDG contemporánea dirixida tanto a un público novo como a persoas adultas adquiriu gran popularidade. Estas obras editánse en diferentes formatos, algúns moi parecidos ao do álbum ilustrado, rompendo os estándares de formato de publicación do cómic (grampa, caderno pequeno, libro, álbum francés). Por outra banda, constátase a proliferación temática e de xéneros: ciencia ficción, fantasía, autobiografía, xéneros didácticos, románticos, familiares, lúdicos, historias de animais, históricos, documental ou xornalístico, etc. Pola índole do presente traballo, non pretendemos ofrecer unha relación exhaustiva ou por-menorizada, senón unha selección de obras significativas, resultado da interacción con outras disciplinas e discursos artísticos e culturais, a modo de mostra representativa do que hoxe podemos atopar no ámbito da banda deseñada galega.

### Da posta en escena á páxina



Imaxe 1. *As pombas de Carboeiro* (2020)

*As pombas de Carboeiro* (2020), de Inacio Vilariño e Iván Suárez, é unha BD baseada na obra de teatro homónima de Vilariño. A peza teatral é, de seu, un exemplo de entrecruzamentos mediáticos e desprazamentos semióticos. Propón, no escenario dun teatro tradicional, unha narración oral con elementos do teatro de rúa, e tamén utiliza as cartas do tarot de Marsella e un *Kamishibai* xaponés,<sup>2</sup> acompañados dunha banda sonora orixinal do compositor Benjamín Otero interpretada pola Banda de Lalín. Ademais, algunas das representacións leváronse a cabo en lugares de interese histórico e cultural, como o mesmo mosteiro de Carboeiro, que é un dos escenarios da trama.

A obra teatral adaptouse á BDG da man do mesmo Inacio Vilariño, nunha versión de carácter imitativo-expansivo (Gil González & Pardo 2018) que reproduce o relato sen maiores alteracións. O seu carácter expansivo débese ao engadido dun personaxe nunha pequena trama que serve como pretexto para presentar o narrador do relato, mentres que na posta en escena a introdución á historia era unha peza musical de feitura épica interpretada pola orquestra de Lalín. Ademais, a BDG integra compoñentes do teatro e algúns elementos usados na propia posta en escena —é dicir a súa representación ou metamediación gráfica (Gil González & Pardo 2018)— como é o tarot de Marsella ou a banda sonora. Así mesmo, non podemos deixar de sinalar o carácter multimedial desta produción, pois a BDG editase cun CD no que podemos escoitar o romance de Cervela de Bonaval, o protagonista da obra, nunha lectura dramatizada acompañada da versión instrumental da obra interpretada pola Banda de Lalín.

Véxase o artigo de Teresa Seara sobre esta obra neste mesmo número monográfico.



Imaxe 2. As pombas de Carboceiro (2020)

### Diálogos entre o cómic e a poesía

Poémic, liricómic, versoñas, son algunas formas de nomear as adaptacións de poesía ao cómic. Esta pódese considerar como unha manifestación emergente no sentido máis amplo, un novo discurso artístico ou un produto editorial pouco explorado no mercado. Aínda que é verdade que se observan cada vez más obras que experimentan coa relación entre poesía e cómic, como é o caso de *Versoñas*, de Rubén Uceda e Jorge Riechmann (2014); *El mapa de los besos*, con versos de Anxo Petisme e debuxos de Josema Carrasco (2016), unha obra fronteiriza entre o cómic e o álbum ilustrado, denominada *liricómic* por Fernando Beltrán; *El paraíso perdido*, de John Milton, adaptado por Pablo Auladell (2015) ou *Poémic* (2010) e *Ocho poemas. Novela gráfica* (2016), de Laura Pérez Vernetti, autora que tamén experimenta con outros xéneros como a biografía poética.

No campo da BDG, atopamos *O puño e a letra. Antoloxía en cómic poético* (2018), unha obra realizada para conmemorar os 25 anos de aventura poética de Yolanda Castaño (Santiago de Compostela, 1977).<sup>3</sup> É a primeira banda deseñada galega de orixe poética, na que 40 autores da escena galega adaptan á linguaxe do cómic outros tantos poemas da producción poética da autora desde os inicios da súa carreira. Esta obra podería servir en si mesma como unha mostra representativa das operacións de transescritura (Gil González & Pardo 2018: 36), pois nas súas páxinas quedan expostas as posibilidades expresivas resultantes do transvasamento semiótico. A complexidade de transmutar dun sistema semiótico logocéntrico a outro preponderantemente iconográfico pode parecer unha tarefa ambiciosa se se concibe como unha tradución literal ou reprográfica da lírica do poema. En calquera caso, non se trata dunha ilustración que acompaña ou reproduce o poema, senón da transposición da linguaxe poética ao cómic. A primeira vista parece que ou vínculo más sólido que se establece entre a poesía e o cómic é o narrativo —personaxes, espazos, accións— mais a plasticidade dos elementos que componen a linguaxe verbo-íónica pode construír un discurso lírico semellante ao da poesía que adapta. Por exemplo, tanto o cómic como os poemas posúen unha arquitectura visual dentro da páxina. A poesía pasa da estrutura textual enmarcada na páxina en branco ao universo


segmentado das viñetas. Do mesmo xeito, na banda deseñada, a arquitectura da páxina non só establece unha estrutura narrativa, senón que tamén pode plasmar ritmos, tempos, silencios, espazos... Desta maneira, o poema pode transcorrer nunha secuencia repetitiva de viñetas (imaxe 5), como discorren os versos nunha páxina en branco (imaxe 3) ou, en oposición, os elementos que componen a viñeta poden conter un momento sen tempo, de tal maneira que exista un desprazamento, non a través dunha acción explícita, senón derivada da estratexia compositiva da páxina (imaxe 4).

Nesta obra o autor de cada poema adaptado é libre de establecer unha relación co texto de orixe, xa sexan conexións tácitas ou explícitas. En palabras de Pablo Auladell —gañador do Premio Nacional de Cómics en 2016 pola xa citada adaptación de *El paraíso perdido*, de Milton—, ‘cada historia precisa a súa linguaxe visual. No cómic, o debuxo é case unha caligrafía, ten que estar en consonancia coa obra’ (Koch 2016).



Imaxe 3, 4 e 5. *O punto e a letra* (2018)

*Friaxe* (2020), de Antonio Raposo, más coñecido no medio como Raposa (A Coruña, 1993), e Yolanda Castaño, é unha reescritura dos *Himnos á noite* de Novalis. O texto, escrito a medio camiño entre a prosa e o verso entre 1799 e 1800, é levado á BDG nunha reinterpretación de ciencia-ficción futurista. A obra alterna a narración secuencial silenciosa feita por Raposo e os textos traducidos por Castaño. Como se explica nunha nota do editor dentro dunha das lapelas da obra ‘a intención é darlle novas lustres, explorar novas interpretacións capaces de actualizar a súa lectura á vez respectando as diccións propias da tradición lírica en galego e uns xestos literarios más contemporáneos’. Ademais de posuír varios niveis de lectura, esta banda deseñada propón diversos itinerarios, pois está dividida en partes, primeiro o texto poético e logo a narración gráfica, polo que o lector pode abordar a obra desde calquera das partes a modo de xogo.



Imaxe 6. *Friaxe* (2020)

### Da narrativa á banda deseñada

A adaptación de textos literarios ao cómic é unha práctica común. En España hai rexistro desde os anos 20 de historias literarias serializadas en pequenos folletos na revista *Pulgarcito*, da Editorial El Gato Negro. Máis tarde, a mediados dos anos cincuenta, a Editorial Bruguera creou a colección ‘Historias’, pero non foi ata os anos 70 cando este tipo de publicacións alcanzou a máxima popularidade coa colección ‘Joyerías Literarias Juveniles’. A finais da década dos 90 a industria do cómic logra estabilizarse grazas ao fenómeno da novela gráfica e a popularización do formato libro (comic book), non só para as recompilacións de cómics de superheroes. Xorden pequenas editoriais ou selos independentes especializados como Absurdo (1998), Astiberri (2001), Dolmen (2001), Dibbuks (2005) e Diálogo Ediciones (2006). Establécense novas canles de distribución como as librerías especializadas, sobreviventes de finais dos 80. Con todo, a pesar da aparente normalización da industria, a producción e autoría de títulos novos en España mantense en segundo plano, pois os dereitos comprados a editoriais estranxeiras supoñen máis do 80% dos cómics publicados (Gómez & Josep 2010, en liña).

Se observamos os catálogos de editoriais como Norma, Dibbuks ou Panini, existe un incremento na publicación de adaptacións de obras

literarias ao cómic en formato libro. Mesmo editoriais non especializadas apostan cada vez máis por este tipo de proxectos. A lista de obras literarias adaptadas en cómic vai desde *A Ilíada*, de Homero, ata *A cidade de cristal*, de Paul Auster, pasando polo Quixote, de Cervantes, *Hamlet*, de Shakespeare e *Orgullo e prexuízo* de Jane Austen, entre moitas outras. A maioría destas adaptacións pertencen ao canon literario globalmente recoñecido como os clásicos da Literatura Universal. Nos últimos anos atopamos adaptacións de obras literarias de autores españoles, como é o caso de *La vida es sueño* (2018), de Calderón de la Barca; *El capitán Alatriste* (2016), de Arturo Pérez-Reverte; *Patria* (2020), de Fernando Aramburu; *La ciudad de los prodigios* (2020), de Eduardo Mendoza; *Intemperie* (2016), de Jesús Carrasco, ou *La reina roja*. *La novela gráfica* (2020), de Juan Gómez-Jurado.

Esta tendencia está presente en maior medida na producción en castelán, comparativamente coas literaturas doutras linguas cooficiais como é o galego. Porén, podemos atopar igualmente adaptacións de literatura galega á banda deseñada, como é o caso de *Dédalus en Compostela* (2014), de Vicente Risco, adaptado por Fernando Iglesias (máis coñecido como Kohell), onde Risco deambula polas rúas de Compostela acompañado por Dédalus, o alter ego de James Joyce; ou *A vellaña vella* (2009), de Manuel Bustos, igualmente adaptación dun relato homónimo de Vicente Risco, editado pola Fundación epónima. Esta banda deseñada forma parte dunha iniciativa de carácter educativo, polo que se integrrou nunha unidade didáctica descargable desde a páxina web da Fundación.




Imaxe 7. *Dédalus en Compostela* (2014)

O derradeiro libro de Emma Olsen (2022), a novela curta de Berta Dávila, foi adaptada recentemente por Pablo Prado en forma dunha imitación literal do argumento orixinal. Conta a historia dos últimos días de Emma Olsen, unha escritora afectada por unha enfermidade terminal, construída como un metarrelato autobiográfico que integra pequenas chiscadelas ás obras escritas por Emma. Na banda deseñada, as notas ao rodapé da novela transfórmanse en microrrelatos, nos que o cambio de cor e tamaño das viñetas suxire que estes se atopan nun lugar paralelo ou adxacente á trama principal.

En canto ás obras de autores galegos escritas en castelán publicadas en Galicia nos últimos anos, poden citarse pola súa relevancia intermedial

*Intermedialidade e adaptación na banda deseñada galega*  
Antonio J. Gil González  
Kenya Pineda




Imaxe 8. O derradeiro libro de Emma Olson (2022)

títulos como *La casa de la Troya* (2018), de Jaime Asensi, adaptación da novela homónima de Alejandro Pérez Lugín. Esta obra narra a historia de amor entre un madrileño e unha compostelá, ao tempo que retrata a Compostela de Montero Ríos, Rosalía de Castro e Valle-Inclán e a vida universitaria de finais do século XIX. Por outra banda, destaca a circulación transmedial da obra, cuxo ciclo narrativo vai do texto literario (con 63 reimpresións), do que se realizaron ata catro adaptacións ao cinema —en 1924, 1930, 1936 e 1947—, e continúa con esta banda deseñada reeditada recentemente e na que se mantén a reproducción literal do argumento, pero que, a través da narración gráfica, establece ademais vínculos intertextuais con outras manifestacións da cultura galega e recrea imaxes típicas dos barrios composteláns como as tabernas, co acompañamento musical da tuna.

*Fragmentos de Apocalipsis* (2010) foi editada pola Fundación Gonzalo Torrente Ballester e o Consorcio de Santiago, con guión de César Lombera, escultor e debuxante radicado en Catoira, e o experimentado debuxante Jaime Asensi, autor da adaptación do texto dramático *UBU Rey* (2004) e *El fugitivo* (2012), a partir da novela homónima de Ramón J. Sender. En *Fragmentos de Apocalipsis*, os autores decidiron usar só sete fragmentos do extenso texto orixinal de Torrente Ballester, que son transcritos á lingua xe do cómic en forma de recreación literal das principais liñas da trama e as ideas fundamentais da novela.

Por outra banda, malia que o seu traballo no terreo da adaptación non é de textos da literatura galega nin tematicamente vinculados a Galicia, destaca neste eido o traballo de David Rubín, un dos autores galegos máis recoñecidos na actualidade. Entre as súas versións de textos literarios atopanse tamén obras como *Romeo y Julieta* (2008), no que colabora co guionista e escritor Ricardo Gómez; *El monte de las ánimas* (2009), obra na que Rubín logra captar a esencia do relato homónimo de Bécquer a través do seu particular estilo gráfico e o seu gran manexo da cor como elemento compositivo; e *Beowulf* (2013), con guión de Santiago García en formato álbum francés. En *El héroe I* (2011) e *El héroe II* (2012), ambos editados por Astiberri (e que recentemente se editaron nunha versión integral da obra en formato dixital), unha adaptación do mito de Heracles, a secuenciación gráfica da trama é fluída e mestura referencias da cultura pop co universo dos superheroes, ademais

de incluír algunhas licenzas creativas que lle dan un ton humorístico ás partes más tráxicas do relato. Cun ritmo narrativo dinámico, Rubín ilustra o camiño do heroe cara á transformación persoal desde unha óptica nova.



[Imaxe 9. *El héroe*, libro I (2011)]

### O ensaio e a divulgación na BDG

Ademais dos referidos xéneros literarios clásicos —poesía, teatro e narrativa—, a banda deseñada galega das últimas décadas explorou a miríade de xéneros ensaísticos e de non ficción, principalmente arredor das escritas memorialista, histórica, cronística ou didáctica. Da man da literatura e o cinema, a banda deseñada contemporánea desenvolve a súa capacidade de documentar a vida, de ser un reflexo do contexto social. Deixa de mirar só a través dos traxes dos superheroes e dos gags cómicos para representar reflexións e críticas sobre o mundo individual e social. Non é de estranhar que agora, nas recompilacións bibliográficas e os estudos realizados durante os últimos 50 anos de crítica de cómic —concibida como tal—, aparezan monografías atentas ao contexto histórico-social no que se xestaron as obras, como é o caso da tese *El siglo XX en viñetas. Barbarie y humanismo* (2019), de Fernando J. Alcantarilla Hidalgo, onde fai un percorrido a través dos acontecementos históricos do século XX; ou que, en xeral, se constate un incremento de publicacións de BDG sobre biografías, autobiografías, memorias con tendencia costumista e persoal ou de carácter histórico ou documental; incluíndo tamén, por suposto, a transgresión das fronteiras xenéricas mesmas entre ficción e non ficción en forma de ficcións históricas, autoficción, etc.

Un exemplo desta práctica é *Uxío Novoneyra: A voz herdada*, de Kike Benlloch e David Rubín (2010). Empregando un recurso característico da banda deseñada biográfica, a obra introduce un personaxe ficticio que actúa como o narrador vehicular do relato e dá vida ao personaxe a tratar, de tal xeito que a trama mantén as características memorialísticas do xénero pero bandea entre a ficción e a realidade. É tamén o caso de *Titoán*, de Inacio Vilariño e Iván Suárez (2011): un relato autobiográfico entrelazado coa adaptación do relato 'Peito de lobo' incluído en *Retrincos* (1934), de Castelao. Esta BD pertence á colección 'Castelao' editada por Demo, que consta de catro

obras inspiradas na vida e a obra do autor rianxeiro e que obtivo, en 2011, o Premio Castelao de Banda Deseñada. Esta foi a primeira colaboración do debuxante e deseñador Iván Suárez co dramaturgo, experto en monicreques e actor Inacio Vilariño, que marcaría o inicio dunha prolífica parella creativa con propostas orixinais, dende o punto de vista intermedial, como a antes mencionada *As pombas de Carboeiro ou O voo da curuxa. Unha tarde con dona Emilia no pazo de Meirás* (2022), nas que o patrimonio arquitectónico e cultural galego adoita ter un grande protagonismo na trama.

*O voo da curuxa* toma como eixo da narración a figura de Pardo Bazán. A BD parte da anécdota da visita do prolífico escritor e cineasta Eduardo Zamacois, quen percorría España para facer un documental sobre a vida cotiá de escritores e intelectuais da época e, en efecto, conseguiu filmar a personaxes como Valle-Inclán, Blasco Ibáñez, Linares Rivas e Pérez Galdós. A obra cinematográfica de Zamacois converteuse na única e última reportaxe gráfica onde se pode ver a Emilia Pardo Bazán en movemento, pois poucos meses despois morrería.

A BD bebe da realidade, mais crea un relato ficcional do momento en que se realizou o traballo documental de Zamacois, ao tempo que establece relacións directas coa obra de Pardo Bazán mesturadas coa trama da BDG a través de recursos gráficos e chiscadelas textuais. Todo isto narrado cunha estética que recorda as técnicas clásicas de gravado e co pazo de Meirás como marco.




Imaxe 10. Titóan (2011)

Tamén a BDG de carácter histórico foi adquirindo presenza durante os últimos anos. Como parte da identidade cultural de Galicia, existe un profundo interese por coñecer a orixe ou as relacións que nos vinculan a outros, aos celtas, aos viquingos e demais viaxeiros que nos construíron.

*Compostela, a historia dunha lenda* (2003), de Pepe Carreiro e o historiador Clodio González, fai un percorrido polas personaxes e feitos clave na historia compostelá, desde o mítico descubrimento do sepulcro do Apóstolo Santiago ata o alzamento militar de 1936; *Ulf de Jakobslund. Os viquingos en Galicia* (2018), de Alberto Varela Ferreiro, pola súa parte, narra a historia da chegada dos viquingos á Galicia da Alta Idade Media. Varela logra nesta obra unha narración fluída e dunha gran capacidade de síntese e

abstracción conceptual pero sen perder o fío narrativo nin o rigor histórico, para o cal engade diversos mapas, cronoloxías, glosario de termos e mesmo bibliografía, o que o converte nunha completa fonte de información.



Imaxe 11. *Ulf de Jakobsland. Os vikingos en Galicia* (2018)

En canto ao xénero da aventura histórica, *Aleida, cidade sen alma* (2016), de Víctor Boullón, ambienta a ficción na Compostela medieval, nunha trama de aventuras e misterio que ten como pano de fondo a loita de poder entre o arcebispado de Santiago e o de Braga polo predominio no noroeste peninsular, utilizando o roubo dunhas reliquias como motivo para xustificar as súas accións. Este primeiro volume da serie entrelaza feitos históricos coas aventuras protagonizadas por Aleida e o seu pai León, canteiro que chega a Santiago a traballar na renovación da catedral baixo as ordes do Mestre Mateo. Foi serializada en *Aleida II. Cruzada* (2020), ambientada na campaña emprendida polos Reis Católicos para conquistar Terra Santa, que pon en escena a personaxes históricas como Sancho VI, a súa filla Berenguela ou ao propio Ricardo Corazón de León. Tamén en forma serial, *Os Barbanzóns. Baroña ou morte* (2004), *Os Barbanzóns. No solpor da Prehistoria* (2004), *A noite de Samaín* (2005) e *A noite das cacharelas* (2011), de Pepe Carreiro, os catro editados por Toxosoutos, recrean a saga dunha familia celta composta pola nai, Tara; os tres fillos desta, Con, Bre e Lerankos; a nora irlandesa, Guinness; o xenro das montañas orientais do que hoxe é Galicia, Bar; os tres netos, Son, Baal e Minu; e mais un oso de nome Banza, mediante unha parodia de situacións equiparables á actualidade a partir de personaxes estereotipados daquela época. En termos intertextuais establece relacións coa cultura celta e presenta diversos clixés históricos, transposiciones culturais e referencias a personaxes afíns como Astérix e Obélix.

O cultivo da banda deseñada como texto didáctico ou informativo é outra das consecuencias da súa consolidación como medio, aínda que existen rexistros de estudos e iniciativas que tentaban integrar o cómic na aula desde os anos 40. Noutros sistemas como o do *manga* hai moito tempo que se emprega para explicar calquera concepto ou tema. Como mostra, abonda ver as extensas coleccións dispoñibles sobre filosofía, matemáticas e por suposto tamén sobre os clásicos da literatura universal. Xa que logo, este xénero agromá igualmente na actualidade na BDG de ámbito didáctico, en obras como *Microalgas. O mundo oculto* (2019) e *Microalgas. O mar de Ardora*


(2020), ambas de Xulia Pisón, cómic de divulgación científica pertencente ao proxecto Enhance Microalgae (EMA), auspiciado pola Unión Europea, a Universidade da Coruña e outras entidades internacionais. O seu obxectivo é dar a coñecer o mundo das microalgas, microorganismos que, polas súas características, son fundamentais na biotecnoloxía e na alimentación. A través de personaxes antropomórficos, reinterpreta as características naturais de catro familias de microalgas: Espirulina, Nannochloropsis, Scenedesmus e Diatomeas, dotándoas de superpoderes. Nesta aventura, os personaxes deben loitar contra o cambio climático ao mesmo tempo que contan unha historia de amizade, aceptación, busca da identidade e traballo en equipo. Ademais, integra cadros informativos sobre as características destes microorganismos.

O secreto do Salmo 46 (2017), de Iván Sende, é unha obra moi especial, pois está baseada na conferencia ‘The Secret of Psalm 46’ sobre mensaxes ocultas na arte realizada por Brian Moriarty en 2002. Moriarty é creador, programador e actualmente profesor de deseño de videoxogos e foi o responsable do mítico *Loom* (Lucasfilm Games, 1990). A BD explica nocións básicas para resolver os misterios, pero tamén conceptos más complexos como a criptografía, para logo desvelarnos segredos escondidos en obras musicais canónicas, libros infantís e pinturas de artistas recoñecidos pola historia da arte.



Imaxe 12. Personaxes de *Microalgas* (2020) de Xulia Pisón

*Intermedialidade e adaptación  
na banda deseñada galega*  
Antonio J. Gil González  
Kenya Pineda



Imaxe 13: *O secreto do Salmo 46* (2017)

## Conclusións

O carácter creativo e anovador do cómic parece impregnar a todos os seus axentes. Os editores, debuxantes, guionistas, entintadores, coloristas, etc., sérvense da creación e a experimentación artística como unha estratexia liberadora, posiblemente, para fuxir tanto das limitacións formais academicistas e da crítica especializada, coma dos prexuízos morais ou sociais en xeral. O resultado desta procura constante por parte dos axentes participantes neste campo cultural permitiulle ao cómic acadar a madurez dun xeito relativamente rápido, pero ao mesmo tempo a súa capacidade de reconfiguración e adaptación presenta unha gran dificultade para intentar concretar un modelo formal porque calquera aproximación á creación dun modelo debe ser flexible. Sexa como for, hoxe podemos afirmar que o cómic alcanzou unha resignificación como obxecto cultural. Por outra banda, debemos subliñar que, nos últimos anos, os críticos e investigadores lograron crear un acervo bibliográfico de enorme diversidade e abrir espazos a novas percepcións sobre o cómic e os seus creadores elevando a estes mesmos á categoría de autores. E finalmente, este carácter creativo-experimental tamén alcanza os seus lectores, cujas prácticas —gremiais— de lectura e de intercambio social evolucionaron cara a unha serie de textos —equiparables xa a unha tradición, por veces canónica—, ao redor do medio, e continúan xestando outras novas, adaptadas ás renovadas formas de interacción e consumo propias desta sociedade dixital. Hoxe, o medio, con apenas 150 anos, logrou consolidarse como un obxecto cultural e mesmo como unha arte firmemente establecida dentro dos sistemas e industrias culturais a nivel global, sexa como obxecto de consumo *mainstream*, ou como expresión artística e cultural de elevado valor estético e discursivo. Un espazo onde se desenvolven o pensamento e a creatividade que é, en última instancia, capaz de xerar e ampliar o coñecemento.

Como parte dese proceso de institucionalización e globalización, a banda deseñada participa moi destacadamente na actualidade nas circulacións intermediais e adaptativas entre as diversas narrativas dominantes, nomeadamente as de carácter literario, cinematográfico, televisivo e dixital, intercambiando de xeito recíproco e incesante argumentos e xéneros de películas, novelas, series ou videoxogos. A banda deseñada galega do século XXI recolle loxicamente un amplo repertorio destas prácticas transmediais, das que, especialmente en relación coa literatura, tratamos de debullar algunas mostras significativas.



*Intermedialidade e adaptación  
na banda deseñada galega*  
Antonio J. Gil González  
Kenya Pineda

## Obras citadas

- ALCANTARILLA HIDALGO, Fernando J., 2019. *El siglo XX en viñetas. Barbarie y humanismo* (Madrid: Coeditum).
- ARAMBURU, Fernando & Toni FEJZULA, 2020. *Patria* (España: Planeta Cómic).
- ASENSI, Jaime, 2004. *Ubu Rey* (Alacant: Edición de Ponent).
- AULADELL, Pablo & John MILTON, 2015. *El Paraíso Perdido* (Madrid: Sexto Piso).
- AUSTEN, Jane & Nancy BUTLER, 2013. *Orgullo y prejuicio* (España: Panini).
- AUSTER, Paul, Paul KARASIK, Art SPIEGELMAN & David MAZZUCCHELLI, 2016. *Ciudad de cristal: novela gráfica* (Barcelona: Editorial Anagrama).
- BARRERO, Manuel, 2011. ‘Orígenes de la historieta española, 1857–1906’. *ARBOR Ciencia, Pensamiento y Cultura* CLXXXVII, doi:10.3989/arbor.2011.2extran2112 15–42
- BARTUAL, Roberto. *La secuencia gráfica. El cómic y la evolución de su lenguaje* (Ediciones Marmotilla, 2020).
- BEARES, Octavio, 2021. *A historia do cómic en Galicia* (Vigo: Galaxia).
- BÉCQUER, Gustavo Adolfo, & David RUBÍN, 2009. *El monte de las ánimas* (Madrid: Fundación Santa María-Ediciones SM).
- BENLLOCH, Kike & David RUBÍN, 2010. *Uxío Novoneyra: A voz herdada* (Santiago de Compostela: Consellería de Cultura e Turismo, Dirección Xeral de Promoción e Difusión da Cultura).
- BORDES, Enrique, 2017. *Cómic, arquitectura narrativa* (Madrid: Cátedra).
- BOULLÓN, Víctor, 2019. *Aleida, cidade sen alma* (A Coruña: Demo/Komic).
- , 2020. *Aleida II. Cruzada* (A Coruña: Demo/Komic).
- BUSTOS Manuel & Vicente RISCO, 2009. *A velliña vella* (Allariz: Fundación Vicente Risco), 31 xullo 2022. <https://www.fundacionvicente-risco.com/gfx/Descargas/Vellinha%20Vella.pdf>
- CARBALLO, Xulio, 2015. ‘Para unha historia da Banda Deseñada Galega: a narración a través da linguaxe gráfico-textual’ (A Coruña: Universidade da Coruña) <https://ruc.udc.es/dspace/browse?value=Carballo%20Dopico,%20Xulio&type=author>
- , 2019. *Os pioneiros da banda deseñada galega 1971–1979* (Vigo: Edicións Xerais de Galicia).

*Intermedialidade e adaptación  
na banda deseñada galega*  
Antonio J. Gil González  
Kenya Pineda

- CARRASCO, Jesús & Javi REY, 2016. *Intemperie* (Barcelona: Planeta).
- CARREIRO, Pepe, 2003. *Os Barbanzóns. Baroña ou morte* (Noia: Toxosoutos).
- , 2004. *Os Barbanzóns. No solpor da Prehistoria* (Noia: Toxosoutos).
- , 2005. *Os Barbanzóns. A noite do Samaín* (Noia: Toxosoutos).
- , 2011. *Os Barbanzóns. A noite das cacharelas* (Noia: Toxosoutos).
- & Clodio GONZÁLEZ, 2003. *Compostela, a historia dunha lenda* (Noia: Toxosoutos).
- CERVANTES SAAVEDRA, Miguel, Felipe GARRIDO, Antonio ALBARRÁN RIVERA & Antonio PERERA, 2016. *Don Quijote de la Mancha*. (México: Océano Historias gráficas).
- COHN, Neil, 2019. ‘Structural complexity in visual narratives: Theory, brains, and cross-cultural diversity’, en Grishakova & Poulaki 2019: 174–199.
- DÁVILA, Berta & Pablo PRADO, 2020. *O derradeiro libro de Emma Olsen* (Vigo: Editorial Galaxia).
- DE LA BARCA, Calderón, Mario CEBALLOS, Alberto SANZ & Ricardo VILBOR, 2018. *La vida es sueño* (Girona: Panini Evolution).
- EISNER, Will, 2002. *El cómic y el arte secuencial* (Barcelona: Norma Editorial).
- GARCÍA, Sergio, 2004. *Anatomía de una historieta* (Madrid: Ediciones Sinsentido).
- GASCA, Luis, 1969. *Tebeo y cultura de masas* (Madrid: Prensa Española).
- , 1966. *Los cómics en España* (Barcelona: Lumen).
- GIL GONZÁLEZ, Antonio J., 2012. + *Narrativa(s). Intermediaciones novela, cine, cómic y videojuego en el ámbito hispánico*. (Salamanca: Universidad de Salamanca).
- & Pedro Javier PARDO, eds., 2018. *Adaptación 2.0 estudios comparados sobre intermedialidad* (Saint Apollinaire: Éditions Orbis Tertius).
- & Pedro Javier PARDO, 2018. ‘Intermedialidad.es: El ecosistema narrativo transmedial’, en Gil González & Pardo 2018: 205–276.
- & Anxo TARRÍO VARELA, eds., 2006. *Olladas do cómic ibérico*, special issue of *Boletín Galego de Literatura* 35 (Santiago de Compostela: Universidade de Santiago de Compostela).
- GÓMEZ, Dani & Josep ROM, 2010. ‘La novela gráfica: un cambio de horizonte en la industria del cómic’. *Tebeosfera* (Barcelona, 11–VII-2013) [http://www.tebeosfera.com/documentos/la\\_novela\\_grafica\\_un\\_cambio\\_de\\_horizonte\\_en\\_la\\_industria\\_del\\_comic.html](http://www.tebeosfera.com/documentos/la_novela_grafica_un_cambio_de_horizonte_en_la_industria_del_comic.html)

*Intermedialidade e adaptación  
na banda deseñada galega*  
Antonio J. Gil González  
Kenya Pineda

GÓMEZ-JURADO, Juan & LUIS, 2020. *La reina roja. La novela gráfica.* (Barcelona: Edicións B).

GRACIA LANA, Julio Andrés & Ana ASIÓN SUÑER (2018). *Nuevas visiones sobre el cómic, un enfoque interdisciplinar* (Zaragoza: Universidad de Zaragoza).

GRISHAKOVA, Marina & Maria POULAKI, eds., 2019. *Narrative Complexity and Media: Experiential and Cognitive Interfaces* (Lincoln: University of Nebraska Press).

GROENSTEEN, Thierry, 2006. *Un objet culturel non identifié: La bande dessinée* (Angoulême: L'An 2)

GUBERN, Román & Luis GASCA, 1988a. *El discurso del cómic* (Madrid: Cátedra).

—, 1988b. *El universo fantástico del cómic* (Madrid: Cátedra).

HARGUINDEY, Breixo, 2006. ‘As Cantigas de Santa María: obra mestra das orixes da historieta’, *Olladas do cómic ibérico, Boletín Galego de Literatura* 35 (Santiago de Compostela: usc, Servizo de Publicacións e Intercambio Científico), 47–60.

IGLESIAS, Fernando (Kohell) & Vicente RISCO, 2014. *Dédalus en Compostela* (Ourense: Deputación Provincial de Ourense – Fundación Vicente Risco).

KOCH Tommaso, 2016. ‘Pablo Auladell, Premio Nacional de Cómics 2016’, *El País*, 27 outubro 2016. [https://elpais.com/cultura/2016/10/27/actualidad/1477567364\\_043398.html](https://elpais.com/cultura/2016/10/27/actualidad/1477567364_043398.html)

MCCLOUD, Scott, 1993. *Understanding Comics: The Invisible Art* (New York: Harper Perennial)

MENDOZA Eduardo & Claudio STASSI, 2020. *La ciudad de los prodigios* (Barcelona: Planeta).

MUÑOZ FERNÁNDEZ, Horacio, 2018. ‘Unflattening de Nick Sousanis: El cómic como ensayo y el pensamiento en dibujos’, en Gracia Lana & Asión Suñer 2018: 77–83.

MURO MUNILLA, Miguel Ángel. 2004. *Ánalisis e interpretación del cómic. Ensayo de metodología semiótica*. Biblioteca de investigación 35 (La Rioja: Servicio de Publicaciones Universidad de La Rioja).

PEINADO GIL Carlos & Arianna RICARDO, 2017. *La Ilíada* (Madrid: Verbum).

PÉREZ LUGÍN, Alejandro & Jaime ASENSI, 2018. *La casa de la Troya* (Santiago de Compostela: Teófilo Edicións – Consorcio Santiago).

*Intermedialidade e adaptación  
na banda deseñada galega*  
Antonio J. Gil González  
Kenya Pineda

- PÉREZ-REVERTE Arturo, Carlos GIMÉNEZ & Joan MUNDET, 2016. *El capitán Alatriste* (Barcelona: Debolsillo).
- PÉREZ VERNETTI, Laura, 2016. *Ocho poemas: Novela gráfica (La sirena inestable)* (Málaga: Centro de Ediciones de la Diputación de Málaga).
- & Ferran FERNÁNDEZ, 2010. *Poémic* (Barcelona: Luces de Gálibo).
- PETISME, Ángel & Josema CARRASCO, 2016. *Mapa de besos* (Madrid: Amargord).
- PISÓN, Xulia, 2019. *Microalgas. Un mundo oculto* (A Coruña: Universidade da Coruña).
- , 2020. *Microalgas. O mar de Ardora.* (A Coruña: Universidade da Coruña).
- RAPOSO, Antonio, Yolanda CASTAÑO & NOVALIS, 2020. *Friaxe*. Häinös, trans. (A Coruña: Demo).
- RIECHMANN, Jorge & Rubén UCEDA, 2014. *Versoñetas* (Madrid: Ecologistas en Acción).
- ROCA, Paco, 2014. *Engurras* (Santiago de Compostela: El Patito Editorial).
- , 2007. *Arrugas* (Bilbao: Astiberri Ediciones).
- RUBÍN, David, 2011. *El héroe* (Bilbao: Astiberri Ediciones).
- & Ricardo GÓMEZ, 2009. *Romeo y Julieta* (Madrid: Grupo SM).
- SENDE Iván & Brian MORIARTY, 2017. *O secreto do Salmo 46* (Diábolo).
- SENDER, Ramón J., Hans LEUENBERGER & Jaime ASENSI, 2012. *El fugitivo* (Málaga: Leoedita).
- SHAKESPEARE, William, Marco DE LA PARRA A. & Rodrigo LÓPEZ, 2016. *Hamlet. Narrativa gráfica* (Chile: Loqueleo Santillana).
- SOUSANIS, Nick. 2015. *Unflattening*, 9th edn (Cambridge, Massachusetts: Harvard University Press).
- SUÁREZ, Iván & Inacio VILARIÑO, 2020. *As pombas de Carboeiro* (A Coruña: Demo).
- , 2012. *Titoán* (A Coruña: Demo).
- , 2022. *O voo da curuxa. Unha tarde con Dona Emilia no Pazo de Meirás* (A Coruña: Demo)
- TORRENTE BALLESTER, Gonzalo, César LOMBERA & Jaime ASENSI, 2010. *Fragmentos de Apocalipsis* (Santiago de Compostela: Fundación Gonzalo Torrente Ballester – Consorcio de Santiago).

*Intermedialidade e adaptación  
na banda deseñada galega*  
Antonio J. Gil González  
Kenya Pineda

- VARELA FERREIRO, Alberto. 2018. *Ulf de Jakobsland. Os viquingos en Galicia* (Vigo: Xerais).
- VARILLAS FERNÁNDEZ, Rubén. 2009. *La arquitectura de las viñetas: Texto y discurso en el cómic* (Madrid: Viaje a Bizancio Ediciones).
- VV.AA. & Yolanda CASTAÑO, 2018. *O puño e a letra* (Vigo: Xerais).

*Article*

# Territorio inédito: *O puño e a letra* de Yolanda Castaño

**Teresa Seara**  
Literary Critic

*Keywords*

Yolanda Castaño  
*O puño e a letra*  
 Cómico poético  
 Erotismo  
 Feminismo  
 Beleza  
 Metapoesía

*Palabras  
clave*

Yolanda Castaño  
*O puño e a letra*  
 Comic Poetry  
 Eroticism  
 Feminism  
 Beauty  
 Metapoetry

*Abstract*

This article analyses the first case of comic poetry in Galician literature: *O puño e a letra* (2018), by Yolanda Castaño. It will focus on the poetic and visual treatment of the main themes of Castaño's work: eroticism, feminist affirmation, metapoetry, beauty understood as a distinguishing feature, and the concept of a second language. Its objectives are to highlight Castaño's pioneering approach in terms of the hybridisation of poetry with other arts, engage with the debates on comic poetry as a genre still undergoing a process of consolidation, examine the manner in which the poems dialogue with the comic's panels, and analyse the evolution of the writer's voice over a twenty-five-year literary career as reflected in the volume.

*Resumo*

Este artigo propón unha análise do primeiro cómico poético da literatura galega, *O puño e a letra* (2018), de Yolanda Castaño, centrándose no tratamiento poético e visual dos temas troncais na obra da súa autora (erotismo, afirmación feminista, corpo, identidade, metapoesía, a beleza entendida como marca diferencial, o concepto de segunda lingua) co obxectivo de destacar o carácter pioneiro de Castaño na hibridación da poesía con outras artes, atender ao debate establecido arredor do cómico poético como xénero que áinda está en proceso de consolidación, examinar a forma en que os poemas dialogan coas viñetas, e facer visible a evolución na voz da escritora ao longo dos vinte e cinco anos de carreira literaria esculmados no volume.

Territorio inédito: *O puño e a letra* de Yolanda Castaño  
Teresa Seara



## Territorio inédito: *O puño e a letra* de Yolanda Castaño<sup>1</sup>

En 2018, Yolanda Castaño (Santiago de Compostela, 1977) daba ao prelo *O puño e a letra*, unha completa antoloxía da súa obra trasladada a imaxes por corenta artistas gráficos que constitúe tamén o primeiro cómic poético da nosa literatura. Nel a autora réndese ao ‘desafío creativo’ (Dopico 2018), tal e como ela mesma o cualificou, de poñer en diálogo a poesía coa plástica para ofrecernos unha escolma ‘[a]lternativa, anticonvencional e anovadora’ (Requeixo 2019) que non só

fixa as claves evolutivas da súa voz senón que lle dá visibilidade ao cómic poético, un xénero áinda en proceso de configurarse. De aí que resulte relevante analizar a forma en que dialogan ambas as disciplinas nas páxinas do libro; ver como cada artista plasma en imaxes a carga onírica, sensorial, simbólica e/ou polisémica que caracteriza a obra da autora e, finalmente, entender o volume ao xeito dun compendio de vinte e cinco anos de intensa e brillante carreira literaria.

Constitúe xa un lugar común entre a crítica establecer como trazo

distintivo da poesía de Yolanda Castaño o seu interese pola renovación do formato tradicional deste xénero hibridando o verso con outras linguaxes artísticas. Ela mesma manifesta que ‘non quero unha poesía isolada e volta cara si senón unha poesía contaminada de vida, de mundo e doutros códigos’ (Dopico 2018) como os que lles son propios á plástica, á música, á danza, á fotografía, ao audiovisual e mesmo á cociña, disciplinas coas que teñen entrado en diálogo os seus poemas dunha forma más ou menos recorrente. Así o corroboran, entre outros, o libro-disco *Edénica* (2000), onde canta textos de seu musicados por José Antonio Fernández Calero, e os volumes *O trazo aberto* (2002), *Alguén agarda que volva alí* (1998) ou *Cociñando ao pé da letra* (2011), nos que colabora, respectivamente, co pintor Antón Sobral e coas fotógrafas Maribel Longueira e Andrea Costas. O espírito multidisciplinar subxace tamén nas *performance* que, desde 2006, ten posto en marcha e levado a diferentes lugares do mundo xunto co músico e compositor Isaac Garabatos como, por exemplo, *Tender a man* (2007) ou *Idioma da tinta* (2018).<sup>2</sup> O primeiro é un espectáculo interartístico que combina a danza contemporánea de Branca Novoneyra, a voz da cantante Mónica de Nut e mais a interpretación musical a cargo de Garabatos e de Jesús Andrés Tejada co recitado, por parte de Castaño, de textos propios e alleos (Uxío Novoneyra, Lois Pereiro, etc.). Mentre que en *Idioma da tinta* súmanse ao diálogo íntimo entre música e poesía as pezas audiovisuais de Alberto Castaño, quen xa colaborara coa autora noutras mostras de videocreación. Este é, sen dúbida, o medio que privilexia nos inicios da súa carreira literaria tanto no formato do videopoema como poñéndose á fronte do programa televisivo *Mercuria* (2002–2005) —que tamén dirixía e guionizaba— grazas ao que recibe, en 2005, o Premio Mestre Mateo á Mellor Comunicadora.<sup>3</sup>

Todas estas propostas multidisciplinares teñen en común o feito de procuraren a mestizaxe de xéneros aproveitando tamén as posibilidades artísticas que ofrecen as novas tecnoloxías co obxectivo de atraer a outros tipos de público cara á lírica. Polo tanto non resulta estranho que, co gallo do seu cuadragésimo aniversario —e celebrando asemade un cuarto de século como poeta—, Yolanda Castaño dese ao prelo *O puño e a letra* (Xerais, 2018), unha antoloxía onde se constata, máis unha vez, o ‘carácter polifacético de la actividad artística y pública’ (Núñez Sabarís 2021: 348) que

1

A autora quere agradecer a Norberto Fernández, Xulia Pisón, Fernando Iglesias Kohell, Alicia Jaraba Abellán, David Pintor, Brais Rodríguez e Miguel Cuba o permiso para utilizar as súas imaxes.

2

A editorial romana Squilibri editou, en 2018, o volume bilingüe *Idioma da tinta-Lingua dell'inchiostro*, con formato de libro-cd, dentro da colección que reserva para as más punteiras propostas poético-musicais: Canzoniere (Núñez Briones 2019: 245).

3

Yolanda Castaño traballou tamén noutros formatos televisivos como, por exemplo, o concurso *Cifras e letras* (2006–2011), da Radio Televisión de Galicia (RTVG), onde desenvolvía o rol de experta na parte lingüística; e *Igualex* (2019), da Radio Televisión do Principado de Asturias (RTPA), no que foi presentadora. Mais ningún destes programas tiña un vínculo directo coa súa faceta literaria.

Territorio inédito: *O puño e a letra* de Yolanda Castaño  
Teresa Seara

4

Laura Pérez Vernetti, ademais das obras citadas, conta no seu haber con adaptacións ao formato do cómic poético de textos de Fernando Pessoa, Vladimir Maiakovski ou Rainer María Rilke en, respectivamente, *Pessoa & Cía* (2011), *El caso Maiakovski* (2014) e *Yo, Rilke* (2016).

5

Os premios Fervenzas Literarias, organizados pola web homónima, carecen de dotación económica e vénense celebrando con carácter anual desde 2007. Os gañadores son elixidos mediante un sistema de votación público que está aberto entre decembro e xaneiro. Pola súa parte, o premio Gala do Libro Galego — nomeado, na actualidade, como Premio Follas Novas do Libro Galego — concédeno cada ano a Federación de Librariás de Galicia, a Asociación Galega de Editoras (AGE) e a Asociación de Escritoras e Escritores en Lingua Galega (AELG).

vén desenvolvendo desde os seus inicios, así como a súa ‘afouteza pioneira’ (Requeixo 2019), por canto este é, como ela mesma afirma no ‘Limiar’, ‘o primeiro libro da tradición editorial galega que afronta a descuberta do xénero internacionalmente coñecido como *Comic Poetry*: o diálogo da poesía e da banda deseñada’ (Castaño 2018b: 6, cursiva no orixinal).

O subtítulo ‘antoloxía en cómic poético’ que o volume leva no lombo e na portada interior posíonao fóra das definicións tradicionais tanto da lírica como da banda deseñada, optándose pola etiqueta *cómico poético* (tránsito literal de *Comic Poetry*) para nomear o seu contido: eses ‘híbridos de sorprendente rendibilidade comunicativa’ (Castaño 2018b: 7) nados da suma de ambas as artes. Solventa así a autora o problema de carecermos, a día de hoxe, dunha nomenclatura estandarizada que designe a comuñón entre imaxe e texto pois os nomes más frecuentes no ámbito anglosaxón (*Comic Poetry*, *Comics Poetry*, *Poetry Comics*, *Poetic Comics*, *Comics as Poetry*, *Comic-as-poetry*, *Graphic Poetry*, *Graphic Poem*) adoitan refundirse, no entorno hispánico, nos termos *poesía gráfica*, *poesía de cómic* e *cómico como poesía* que, porén, non convencen nin a todos os estudosos nin a algúns dos seus creadores. Por exemplo, Laura Pérez Vernetti, a artista plástica que máis ten cultivado este formato en lingua castelá, crea en 2015 o neoloxismo *Poémic* para titular unha obra onde trasvaza cincuenta e dous textos breves de Ferrán Fernández á tira cómica; ao ano seguinte substitúeo pola expresión *novela gráfica* no libro *Ocho poemas* —que reúne textos de Jesús Aguado, Isabel Bono, José Ángel Cilleruelo, Luis Alberto de Cuenca, Menchu Gutiérrez, Julia Otxoa, José Luis Piquero e Miriam Reyes— e rematará alcumando como *poesía gráfica* o volume *Viñetas de plata* (2017) onde toma como base os versos de Luis Alberto de Cuenca.<sup>4</sup> Esta oscilación nos nomes empregados por Pérez Vernetti dá idea da inestabilidade terminolóxica que experimenta o xénero e, para intentar solventala, Celine Pegorari (2021) suxire, ademais do xa mencionado *Poémic*, outros dous possibles neoloxismos: *liricómico* pois así cualifica Fernando Beltrán (Carrasco 2015) o volume *Mapa de besos* (2016), de Ángel Petisme e Josema Carrasco; ou *versoñetas*, título dun álbum de 2014 que reúne os deseños de Rubén Uceda e os poemas de Jorge Riechmann. A falta dun consenso unánime na súa nomenclatura, e tendo en conta que esta é tamén a opción escollida pola súa autora, utilizaremos neste artigo o termo *cómico poético* para aludir a *O puño e a letra*, por máis que Jesús Gisbert (2019b) o considere en realidade un claro exemplo de *poesía gráfica*. Segundo o seu criterio, debería designarse así a adaptación do poema ao formato da banda deseñada, reservándose o termo *cómico poético* para a exploración do verso desde aproximacións eminentemente narrativas. Sexa como for, grazas a esta obra, Yolanda Castaño non só recibiu os premios Fervenzas Literarias (2018) e Gala do Libro Galego (2019) —en ambos os casos na categoría de banda deseñada— senón que reafirmaba a súa posición canónica na lírica galega contemporánea dada a súa evidente ‘mestría para sorprender’ (Requeixo, 2019) por medio de propostas xenuínas e sempre anovadoras.<sup>5</sup>

Ademais da cuestión terminolóxica xa mencionada, os críticos mantén un arduo debate sobre se se debe considerar o cómic poético un novo xénero ou resulta ser tan só unha modalidade da obra plástica que pretende converter o texto nunha gráfica poética. Para achegar un pouco de luz a estas cuestións cómpre partir da dobre funcionalidade que Dino Buzzati, considerado o pioneiro deste formato, establecía para o debuxo: a pasiva, onde resulta ser tan só unha ilustración do texto, e a activa, na cal o simbolismo gráfico estende a interpretación do poema cara a unha nova lectura

O escritor e artista plástico Dino Buzzati (1906–1972) deu ao prelo, en 1969, *Poema a fumetti*, obra que lle valeu nese ano o premio Paese Sera á mellor banda deseñada. Aínda que, desde os parámetros actuais, o volume sería cualificado como *novela gráfica*, segue a considerarse o primeiro antecedente do cómic poético por canto nas súas páxinas ‘la articulación de la historia se realiza a partir de una disposición lírica desde donde se apunta la factura clásica subyacente: el mito de Orfeo y de Euridice’ (Pozo Sánchez 2009: 63). E, ademais, nel, como afirma Favaro, ‘la “escansión visual” regulariza el movimiento de las diferentes secciones de texto que adquiere una subdivisión rítmica que recuerda la de la poesía’ (2021: 280).

sendo xa algo máis que un mero apoio visual dos versos (Pons 2019a: 598).<sup>6</sup> Como é obvio, o cómic poético afonda nesta segunda acepción buscando diferenciarse tamén doutras modalidades onde coexisten imaxe e texto (caso da poesía visual, da ilustrada ou da concreta) ao facer un uso consciente dos recursos propios da banda deseñada. É dicir, non se trata de obter un poema con imaxes de cómic, senón de crear cómics cun rexistro poético onde a parte visual e a literaria conformen un todo que aproveite, ao máximo nivel, os trazos específicos da linguaxe verbo-icónica (composición da páxina, elección do trazo, simbolismo, cromaticidade, tipografía, busca de sensacións sinestésicas...) porque, segundo afirma Álvarez Peña (2021: 34), ‘[l]a adaptación en el cómic [...] puede considerarse como una traducción de un sistema semiótico de palabras a uno de imágenes y palabras que convergen en una misma estructura’. Neste novo sistema, o debuxo reelabora os signos lingüísticos evitando ser unha simple paráfrase das palabras e potenciando aqueles elementos que nos versos se elevan por enriba do nivel de conciencia. Só desta maneira se obtén unha verdadeira translación intertextual na que un poema verbal inspira un poema gráfico que, á súa vez, permite unha descodificación diferente do primeiro grazas ao uso dunha linguaxe híbrida onde conflúen os dous códigos previos (Gisbert 2019b). Xa que nada obriga ao artista plástico a transcribir o poema (e, en caso de facelo, a reproducilo literalmente palabra por palabra), a parte visual non se subordina ao texto nin debe considerarse unha simple versión ilustrada deste, senón que, pola contra, a linguaxe do cómic e a da poesía fóndense nesta nova dimensión ata sobrepasaren os límites intrínsecos de cada unha orixinándose así unha forma expresiva que, maioritariamente, abandonará a narratividade para ‘centrar la mirada en el modo en que se desarrolla el discurso lírico, que aprovecha la plasticidad de la gramática y la versatilidad de la sonoridad de la lengua, estableciendo contrapuntos y simetrías tanto semánticas como fonéticas’ (Gutiérrez García-Huidobro 2019: 687). Por iso Alice Favaro (2021: 279) afirma que o cómic poético devén ‘una especie de prolongamiento acústico de la poesía, una especie de écfrasis visual que se añade a la écfrasis sonora constituida por la música, una traducción intersemiótica o transmutación’ que lle aporta un valor engadido ao texto lírico por canto, na súa versión en banda deseñada,

la lectura también es visual y auditiva, y hay que contextualizarla en un espacio y un tiempo distintos, con nuevas modalidades de llegar al destinatario. Además, dentro del proceso de expresión a través de un lenguaje diferente, el texto poético se adapta a las características del medio de comunicación empleado y se abre a la reinterpretación. (Favaro 2021: 288).

Xa que logo é o artista quen ofrece unha nova, vibrante e poliédrica lectura do texto poético cando, no reto de trasvasar o poema ao cómic —e para alén das problemáticas discursivas inherentes a esta acción—, adopta unha postura concreta fronte aos versos. Exerce así un papel de mediador entre a poesía e a parte visual e, como xa se dixo, reformula o texto nun novo sistema de signos que nace da simbiose entre dúas linguaxes previas aparentemente irreconciliables. Desta maneira orixínase unha forma expresiva que duplica, e mesmo triplica, as posibles lecturas sumando á que xa achegaba cada arte de modo independente a de ambas as dúas no seu conxunto (Trabado Cabado 2020: 281). É obvio que no cómic poético o texto *lese* sempre dúas veces: unha no propio poema e outra en ‘compañía

Territorio inédito: *O puño e a letra* de Yolanda Castaño  
Teresa Seara

7

A estas obras cómple engadir a antoloxía *Edénica* (libro-CD publicado por Espiral Maior en 2000), o recompilatorio *Erofanía. Trilogía poética* (1995–1998) (Espiral Maior, 2009) que recolle os tres primeiros libros de Castaño, así como os volumes bilingües *Vivimos en el ciclo de las Erofanías* (Huerga & Fierro, 2000), *Libro de la egoísta* (Visor, 2006), *Profundidad de campo* (Visor, 2009) e *La segunda lengua* (Visor, 2014). En 2022, catro anos despois da edición d'*O puño e a letra*, a autora publica *Materia* (Xerais, 2022) e gaña o Premio de Poesía González Garcés con *A falsa autónoma*.

del trazo' (Sendón 2019: 189), cuxas claves visuais lle aportan ademais unha ‘capa adicional de complejidade’ (Pons 2019b) ao resultado final. Polo tanto o seu desciframento require, tal e como lle sucede á propia poesía, dun firme e activo compromiso do lector-espectador que debe comprender a linguaxe visuo-textual eludindo as súas dificultades intrínsecas: o feito de seren obras a miúdo non lineais, a frecuente carencia de narratividade, a presenza do símbolo e da metáfora, o ritmo, a simultaneidade ou a composición espacial de palabras e imaxes. De aí a dificultade que entraña a súa lectura.

Todos estes trazos fican patentes n'*O puño e a letra*, libro que, como xa se indicou, reúne corenta textos escolmados pola autora entre os seis poemarios que, en 2018, componían o seu corpus: *Elevar as pálpebras* (Espiral Maior, 1995; premio Fermín Bouza Brey), *Delicia* (Espiral Maior, 1998), *Vivimos no ciclo das erofanías* (Espiral Maior, 1998; premios Johán Carballeira e da Crítica Española), *Libro da egoísta* (Galaxia, 2003), *Profundidade de campo* (Espiral Maior, 2007; premios Espiral Maior e Ojo Crítico de RNE) e *A segunda lingua* (Afundación, 2014; premio Novacaixagalicia).<sup>7</sup> Os poemas —sitos en páxina par— son reinterpretados graficamente —na impar— por unha corentena de creadoras e creadores plásticos que, por pertenceren a diferentes grupos xeracionais, encarnan á perfección ‘o pasado, presente e futuro da banda deseñada galega’ (Maroño 2018). Trátase de Norberto Fernández, Alberto Taracido, Cristián F. Caruncho, Jano, Fran Jaraba, Xulia Pisón, Paula Esteban, Fran Bueno, Xulia Vicente, David Rubín, Miguel Robledo, Manel Cráneo, María Ferreiro, Alicia Jaraba Abellán, Víctor Rivas, Kike J. Díaz, Xosé Tomás, Anxo Cuba, Los Bravú, Yupiyeyo-María Álvarez Hortas, David Pintor, Kiko da Silva, Miguelanxo Prado, Roberta Vázquez, Xan López Domínguez, Siro, Xaquín Marín, Rubén Mariño, Pepe Carreiro, Santy Gutiérrez, Martín Romero, Ramón Trigo, Brais Rodríguez, Miguel Cuba, Cynthia Alonso, Abraldes, Miguel Porto, Fernando Iglesias Kohell, Tokio e Dani Xove. Tal abundancia de ilustradoras e ilustradores logra que o libro, para alén de ser unha ampla antoloxía da obra poética de Castaño, se configure asemade como unha xenerosa escolma do cómic contemporáneo (Gisbert 2019a & Sendón 2019: 190) onde se recolle a pluralidade de enfoques e estéticas que caracteriza a este formato e que irán ‘dende o cómic tradicional ata o cómic póster, pasando pola bd lúdica [...], a bd cadro, o cómic fanzine, a bd plaque, o cómic ideográfico ou a bd de abstracción pictórica’ (Requeixo 2019), todos eles representados nas súas páxinas.


A modo de declaración de intencións, *O puño e a letra* comeza co poema ‘Pasei tantas veces por aquí...’ cuxos primeiros versos (‘[e]stamos a facer un inventario minucioso / coma o herbario dunha constelación imprevisible’) nos orientan cara ao que significa o traballo da antóloga cando busca ofrecer unha mostra meticolosa e completa da súa traxectoria. Porén no remate do texto explicitase o *leitmotiv* da poeta: a revelación do oculto, daquilo que subxace mais adoito non se percibe porque, e así se le na última estrofa,

pasei tantas veces por aquí e...  
non,  
non vos vira  
nunca.

Como soe ser frecuente en Castaño, un eu vivencial achéganos as experiencias basilares do ser e por iso Núñez Sabarís considera de ‘cierta

Territorio inédito: *O puño e a letra* de Yolanda Castaño  
Teresa Seara

relevancia simbólica que el libro se abra con una historieta, cuya primera y última viñeta ofrecen el retrato de perfil (derecho en la primera, izquierdo en la última) del yo lírico' (2021: 348). Este manifiesta un significativo cambio de actitude desde o cadriño inicial, un óvalo onde observa de esguello coas pálpebras semipechadas —dando a entender que áinda non o percibe todo— ao derradeiro no que xa nos contempla de fronte e cos ollos regalados pois aprendeu, finalmente, a mirar. En ambos os casos, a boca permanece aberta facéndonos partícipes desa descuberta poética da realidade que experimenta ao longo do seu camiño de aprendizaxe e tamén para enunciar os trinta e nove poemas seguintes. De aí que Norberto Fernández interprete graficamente este texto (imaxe 1) como un periplo onde o eu poético —unha figura feminina de longo cabelo escuro que recorda á propia Castaño— transita habitáculos interiores nos que diversos seres, varios animais (un galo, aves, un lobo) e algunas das vinte e oito especies de flores mencionadas no texto (mapoulas, hortensias, magnolias, orquídeas, buganvíleas...) ateigan completamente o espazo nunha sorte de *horror vacui*. Nos



Territorio inédito: *O puño e a letra* de Yolanda Castaño  
Teresa Seara

sucesivos cuartos aos que accede, a muller fala, danza ou toma o té con criaturas peculiares, deformes, monstruosas e/ou exóticas dado que algúns dos personaxes cos que interactúa proveñen doutras latitudes (un neno mongol, a muller africana), constrúense cunha mestura extravagante de elementos dispares (corpo humano con cabeza de pensamento, unha inmensa mata floral a xeito de tupé masculino, o ser sen rostro que posúe seis brazos...), ou pertencen ao mundo feérico (un trasgo) e da fantasía (flores personalizadas con ollos e cara). A súa presenza remite a un contexto onírico illado do real por medio das rúas en branco que separan aquelas viñetas nas que a protagonista pasea soa por unha cidade nocturna daqueloutras que ocupan estes seres tan especiais.


Xa que logo, nesta primeira páxina gráfica da antoloxía aparece un elemento que será recorrente: o retrato da propia poeta. Atoparémolo de novo nas imaxes que ilustran certos textos —a maioría tirados d'*O libro da egoísta*— onde se produce o desdobramento autorreferencial do eu, proceso que o converte en receptor das palabras emitidas por ela mesma. Así sucede, por exemplo, na obra de María Ferreiro que ilustra o poema 'A Yolanda' onde se dá unha presenza duplicada da súa imaxe que nos ofrece tanto un primeiro plano do rostro como a visión enteira do seu corpo. Nos brazos alzados esta 'Yolanda cazadora, soldada, tirana louca, que me ardes, que me donas' porta o lume e un feto mentres que as súas pernas se esmiúzan na area que cobre o solo onde xacen os ósos da 'miña prole de fillos de berros metálicos'. Tamén Siro, quen plasma o poema 'Son' con tan só catro debuxos, ofrece un retrato de perfil da escritora áinda que, no seu caso, prioriza sobre a parte gráfica a reproducción completa do texto. Busca así facer imaxe coa propia palabra sendo os estilos tipográficos (sombreado, orientación diagonal, liña nesgada...), as cores e os diferentes tamaños da letra os principais recursos expresivos aos que apela. Doutro teor é a presenza da efixie da autora na colaxe de pictogramas que crea Pepe Carreiro para acompañar 'Cousas que comezan por Y'. Ao xeito das serigrafías de Andy Warhol, o artista replica ata seis veces o seu rostro en cor vermella como imaxe icónica do verso 'yo-lan-da-cas-ta-ño repetido ata que non significa nada' para pór de manifesto que a insistencia reiterativa operada sobre un motivo visual, ou sobre a propia articulación do antropónimo —esa 'violación do meu nome' á que se alude no texto—, desliga o vínculo entre significante e significado deixando o signo convertido nunha simple forma sen concepto, nunha voz que tan só ecoa. Neste poema, Núñez Sabarís percibe que

[m]ás allá del juego de palabras con “yo”, coincidente con la primera sílaba del nombre de la escritora, se profundiza en la dimensión múltiple, como un significante vacío y desarticulado de la identidad, que será un aspecto recurrente en su poética. Con ello pone de manifiesto una mirada fragmentada sobre su propia esencia, que expresa la fragilidad y escasa estabilidad de su propio retrato e imagen.  
(2021: 349)

Como adoita suceder nas antoloxías unipersoais, tamén ao longo das páxinas gráficas d'*O puño e a letra* podemos percibir claramente a evolución temática e formal da poesía de Yolanda Castaño, as intertextualidades, certas recorrenzas simbólicas, as sinerxias definitorias na construción da súa voz e os motivos troncais. Este é o caso do erotismo que, desde os primeiros libros, tratará sempre dunha forma desprexuada, non eufemística,

Territorio inédito: *O puño e a letra* de Yolanda Castaño  
Teresa Seara

con moita presenza do sensorial e utilizando un idiolecto propio que inclúe léxicos pouco habituais e abundantes neoloxismos. Nos textos deste teor, o eu poético feminino asume o rol activo do suxeito e sitúa o corpo nun lugar central, rexeitando calquera tipo de obxectualización que a relegue á pasividade tradicionalmente imposta polo patriarcado sobre a muller. A estes referentes remite Xulia Pisón ao recrear o poema ‘Que tarde tanto’ (imaxé 2) en dous planos temporais que conflúen na figura feminina, núa e anicada en posición fetal, que ocupa o centro da páxina pois, como se di nun verso, ‘acaramelaba fechada nunha urna’, esa sorte de mandorla que a acolle baixo a forma oval dun cadriño aberto. Enriba e debaixo dela, un triduo de viñetas explicita dúas situacións eróticas presentando tres momentos clave en cada unha delas de xeito que a súa secuencialidade narrativa se exprese por medio dunha terna de planos (xeral, primeiro e detalle). A simetría entre estas escenas é absoluta e acentúa a beleza da proposta de Pisón quen, ademais, plasma maxistralmente o carácter cílico do desexo, a importancia da súa demora e a sensualidade que impera no texto. Ao xeito dun *flash-back*, na franxa superior amósase o encontro íntimo dunha parella heterosexual



Territorio inédito: *O puño e a letra* de Yolanda Castaño  
Teresa Seara

representando cada un dos debuxos unha fase do desexo: a xénese coincide coa chegada de ambos a unha alcoba onde unha luz cenital e fría cae, desde a ventá, sobre a cama focalizando o que nela vai suceder; o retardo —esa ‘inmovilización da urxencia’ que motiva o poema— represéntase cos corpos xa nus e, sobre todo, na maneira voluptuosa en que el morde o labio inferior mentres observa a caluga feminina; por último, inminencia é o que prometen as bocas a escasos centímetros de iniciaren o beixo. Na banda inferior da páxina, iluminada con tonalidades cálidas, danse de novo estas tres fases mais, agora, a protagonista é a muller que busca o seu pracer en solitario. Senta sobre a mesma cama onde antano se encontrara co amante e amosa, por medio da postura corporal, a urxencia do desexo que se lle volve, na segunda imaxe, ‘présa lentísima’ como se deduce grazas a un primeiro plano das mans crispadas sobre a saia. O rostro xa sereno é a mellor constatación, finalmente, do seu clímax.

Máis sutil é o xogo que establece Xulia Vicente co cromatismo do verde e do azul reiterado no poema ‘Se falase de ti non pronunciaría’ onde, sen deixarnos ver nunca a figura humana, crea, por medio da susxestión, ‘unha páxina vizosa en sensacións’ (Maroño 2018). A relación erótica explícítase ao intuírense diferentes partes corporais dunha parella (as cabezas xuntas, mans que se enlazan, algúns dedos aloumiñando unha coxa...) entre as pólás floridas dunha árbore das que, finalmente, colgarán en desenfadado abandono dúas pezas de lenzaría. O azul (celeste e floral) dialoga co verde, ese ‘delirio de ramas’ mencionado no texto, mentres que o branco das prendas resalta como un foco de luz sobre as cores pastel que ‘convierten el encuentro sexual en un *beatus ille* de plácido erotismo’ (Sendón 2019: 190, cursiva no orixinal).

Mais, na obra de Castaño, a vivencia erótica relaciónnase tamén coa beleza do turbio, cunha certa apoloxyía do desenfreo e da desmesura, co triunfo do dionisíaco, co intercambio de roles, coa vampirización, co refinamento esteticista, coa transgresión e mesmo co morbo do goce e da dor mesturados. Neste terreo adéntrase David Rubín ao ilustrar ‘Todas as vastas horas do plenilunio’, poema que reflicte un encontro nocturno e azaroso entre dous seres. O artista presenta a información por medio dunha narrativa fragmentada en diferentes planos temporais e con gran predominio da elipse, de xeito que quen observa debe completar os espazos mortos que se dan entre este conxunto de doce viñetas. Catro delas son puramente cor: a primeira, en negro, sitúanos nunha noite propicia para unha relación furtiva, misteriosa e pasional; a que ocupa o terceiro lugar, dun fucsia suave, sinala o desexo que nace ao lamber con ansia a pel do outro; a situada no posto dez, vermello sangue, anticipa a ‘festa de vampiros’ suixerida polos inquedantes planos do dentame e dun pescozo descuberto; e, pechando a escena indícase, cunha tenue cor salmón, a saciedade do desexo e o acto de vampirismo que mancha os dentes de sangue. Malia o predominio cromático case absoluto dos vermellos, destacan no centro da páxina (en concreto nos postos cinco e sete) dúas imaxes en cores frías que nos retrotraen ao primeiro contacto dos protagonistas cando ese ‘si medio pirata’ dá pé a unha relación fugaz e apresurada. Rubín opta case en exclusiva polo plano detalle, xa que lle permite tanto crear intriga sobre cal será o resultado último dese encontro entre estraños como poñer de manifesto a instantaneidade feroz do desexo.

Pola súa parte, Fernando Iglesias *Kohell* apórtalle á antoloxía unha das solucións más orixinais cando adapta ‘The winner takes it all, a musa non leva un peso’ (imaxe 3) creando un ‘disfrace pop-art’ (Maroño 2018), dada

Territorio inédito: *O puño e a letra* de Yolanda Castaño  
Teresa Seara


8

Jean-Claude Forest creou, en 1962, o personaxe de *Barbarella* para a revista francesa v. Trátase dunha heroína moderna, de ciencia ficción, co físico de Brigitte Bardot e sexualmente liberada. Por medio dun ‘grafismo suelto y elegante, inspirado en la ilustración clásica y los cómics americanos de la edad dorada, [Forest] había decidido dar réplica paródica, femenina y feminista, al arquetipo del aventurero espacial estilo Flash Gordon, del que *Barbarella* se constituía en respuesta y burla’ (Palacios 2018), pois desafiaba o papel protagónico masculino. Foi ao recollérente en libro, en 1964, as oito aventuras de *Barbarella* que este comezou a ser considerado en Francia o cómic pioneiro do xénero fantaerótico para adultos. A primeira película sobre a heroína rodouna, en 1968, Roger Vadim con Jane Fonda no papel principal.

9

A trama de puntos bendéi, ou Ben Day, foi creada polo impresor e ilustrador Benjamin Day (1838–1916) para traballar as luces e as sombras nos seus debuxos. Hoxe en día nomea o proceso de combinar pequenos puntos de dúas cores a fin de conseguir efectos visuais e novas tonalidades. Utilizouse moito nos anos sesenta na banda deseñada pois permitía aforrar diñeiro na coloración das imaxes.

a influencia no seu deseño de dous grandes referentes desta liña pictórica: Roy Liechtenstein e Jean-Claude Forest. Toda a metade esquerda da páxina resérvase para unha única viñeta que amosa, de forma explícita, o encontro sexual dunha parella. A muller, cuxa fisionomía arremeda á da *Barbarella* creada por Forest, ocupa unha posición frontal resaltando, sobre o fondo azul, a súa exuberante melena loira, a boca entreaberta e a pel rosácea.<sup>8</sup> Para outorgarlle primacía a certas cores, *Kohell* utiliza a técnica da trama de puntos bendéi, propia de Liechtenstein, o que crea un forte contraste entre os elementos aos que llela aplica (o fondo e a pel) e aqueles que pinta en cores planas (cabelo, labios, dentes, saliva e mesmo a figura masculina desdibuxada como unha simple sombra).<sup>9</sup> Dado o xogo polisémico que se establece no texto co termo ‘lingua’, na parte dereita da páxina dous cadriños amosan en primeiro plano a boca aberta: nun está o órgano de fóra e o cuspe pinga, branco e torrencial, sobre os dedos do home, o que lle permite a Sendón identificar nesta imaxe ‘las usuales lágrimas femeninas en la obra del pintor estadounidense [Liechtenstein] transformadas en saliva



Territorio inédito: *O puño e a letra* de Yolanda Castaño  
Teresa Seara

deslenguada' (2019: 190); no outro, a lingua exhibese por completo pois, como se afirma no poema,

onde poño a boca poño a bala.  
As palabras convulsas,  
estas palabras remotas,  
as que nunca haberás ler,  
orbitais porque son miñas, miña esta  
cousa, miña, como miña esta lingua.  
Miña.

Outra liña temática moi rendible na poética de Yolanda Castaño, sobre todo n'*O libro da egoísta*, é a que explora a construcción da identidade desde unha forte marca de xénero pois, segundo Núñez Briones, nesta obra 'se reformula la voz de las mujeres como sujetos múltiples, plurales e incluso contradictorios' (2019: 246), desbotándose a un tempo os roles, proxeccións e expectativas patriarcais. Cómpre, xa que logo, asumir as múltiples personalidades do eu que se fan explícitas, por exemplo, en 'Autorretrato', un poema que rompe coas convencións dos xéneros literarios ao adoptar a forma dun monólogo teatral. Demostrando unha enorme capacidade de concisión ao resumir este longo texto en tan só once versos, Paula Esteban crea unha viñeta a sangue con dous planos: na parte superior dereita unha muller núa, de longos cabelos, le nunha noite de plenilunio a carón dun mar que exhibe a riqueza do seu ecosistema (peixes, algas, corais...) nos dous terzos restantes da páxina. Cinco cadriños interiores, situados no lado esquierdo, conteñen as metades (cabeza e pube) dunha *matrioska* representándose así, de forma simbólica, os diferentes eus: aquel que nós sentimos que somos, o que os demais ven de nós e aquello que nos devolven como verdadeiro. Opina Óscar Sendón que a presenza desta boneca rusa 'añade una lectura de simétrico lirismo' (2019: 190) á historia gráfica por canto as capas que a conforman, esas '[h]abitacións concéntricas' mencionadas no texto, seguen unha alternancia: os cadriños un e cinco, na mesma tonalidade que os dedos que a desartellan, constitúen a súa parte externa; o dous e o catro, vermellos, a capa interior; e a terceira imaxe, en verde, o seu centro, aínda suixeríndose, dentro deste, a existencia doutras dúas bonecas xa abertas. Mais, fronte ao que sucede no xoguete tradicional, esta *bábushka* non ampara na súa cerna unha figura idéntica ás demais senón un rolo de papel onde se detallan as verdadeiras personalidades do eu.

Pola súa parte Alicia Jaraba Abellán (imaxe 4) incide no diálogo intertextual explícito entre o monólogo dramático ('Yolanda entra en escena') e o filme de Jean-Jacques Annaud *O amante* (1991), adaptación da novela homónima de Marguerite Duras. Esta complexa historia estrutúrase narrativamente ao xeito dun *in media res* que nos sitúa nun espazo ('a fin do mundo') facilmente identifiable con Galicia pola presenza dun hórreo nun piñeiral. Desde aí a protagonista (unha muller con trenzas, vestido de seda e chapeu masculino con fita negra) recorda un *amour fou* sucedido durante a súa adolescencia en terras distantes, nesa exótica paisaxe de palmeiras, cabanas e socalcos que serve de fondo para un ardoroso encontro sexual. Os amantes entréganse ao pracer, na parte inferior da primeira viñeta, sobre a onda cuberta de escuma que pintara Hokusai, acentuándose así, dun xeito simbólico, o erotismo exorbitado desta escena que implica a dúas persoas de distinta orixe racial segundo se percibe no contraste entre o rosa da pel feminina e o verdoso xade imperial daquel que, como se di no texto,

Territorio inédito: *O puño e a letra* de Yolanda Castaño  
Teresa Seara

10

‘A grande onda de Kanagawa’ é unha das estampas ukiyo-e más coñecidas do xaponés Katsushika Hokusai (1760–1849). Nela, co monte Fuji nevado de fondo, unha inmensa onda cubre tres barcos de pesca. A obra tivo gran influencia na arte occidental e na publicidade.

‘ama como un chino’.<sup>10</sup> As mesmas cores tinguen tamén os espazos que lle son propios a cada individuo e mudan ao sepia na banda inferior da páxina onde se explicita a despedida por medio dun barco que, ao lonxe, abandona tras de si un sombreiro cónico dando a entender o radical cambio de vida que experimenta a protagonista.



Imaxe 4

O conflito que xera o choque entre a nosa consideración íntima e a forma en que os demais nos ven artella ‘Reflexo’ (imaxe 5), un poema que David Pintor plasma en seis cadros onde xoga co feito de que, como se di no texto,

O contemplado devolve os ollos que contemplan.

[...]

O perfil vaise rotulando  
co bolígrafo das biografías de quen observa.

Territorio inédito: *O puño e a letra* de Yolanda Castaño  
Teresa Seara

Nesta historia gráfica un home con chapeu, gabán e bufanda vermeilla pasea a carón da auga (elemento que ocupa a metade inferior de todas as viñetas) e obsérvase nela. Frente ao que cabería esperar, tan só a primeira vez coinciden a imaxe real e a especular do protagonista pois, nos sucesivos debuxos, denótase un contraste cada vez maior entre ambas ata decatármos de que a realidade non é o plasmado na colorista parte superior do cadro senón aquilo que se reflicte na cincuenta escuridade das augas. Polo tanto, estas actúan ao xeito dun ‘espelliño máxico’ que expresa a verdade e foxe do ilusorio (a representación masculina por medio de recursos fantásticos que o converten en ave ou mesmo en árbore). De aí nace a súplica final do poema —‘Devólveme ti, / espello espelliño máxico, / a inútil parte de min que en todo isto sucumbe’— e tamén o impulso do home cando, na derradeira imaxe, decide lanzarse á auga para romper ese cristal que delata a súa verdadeira faciana impedíndolle así calquera posibilidade de crerse outro.



Na mesma idea afonda ‘Contos de fadas’, onde Yolanda Castaño se suma ademais a unha tendencia característica da poesía dos anos noventa: a reescrita dos contos de fadas tradicionais outorgándolle ás súas personaxes femininas non só voz senón tamén unha nova e transgresora personalidade. No poema xógase coa idea do dobre, esa identidade oculta que, constituindo a nosa verdadeira esencia, desmente aqueloutra que evidenciamos. Así lle sucede, coa excepción do leñador, a todos os seres mencionados no texto: a carapuchiña-loba, unha devoradora-asceta, certa libérrima-dependente, esa princesa-monstro... En doce viñetas sen marco, Víctor Rivas dálle vida a estes personaxes sinalando con liñas de contorno brancas a cara máis evidente e remarcando coas vermelhas o seu carácter encuberto.

Esta afirmación da identidade atravesada pola perspectiva de xénero conleva tamén reflexionar sobre a problemática inherente á súa representación e á maneira en que esta se configura. Cómpre aprender a mirarse no espello que a sociedade nos devolve, determinar como ‘definirnos sin limitarnos’ (Núñez Briones 2019: 246) e, xa que logo, desbotar os estereotipos que lastran a beleza. Este é un tema transversal na obra de Castaño que acada entidade de verdadeiro *leitmotiv* en *Profundidade de campo*, onde abrangue múltiples connotacións negativas ao ser esgrimido contra o eu como un reproche, unha marca diferenciadora, o que corrompe, aquilo que condiciona a percepción íntima da imaxe persoal desde a visión do outro e, sobre todo, como un vínculo directo a unha serie de tópicos que a poeta se empeña en poñer de manifesto por medio da provocación, a ironía ou o distanciamento. Por exemplo, en ‘Historia da transformación’ dáse unha

regresión sincera e directa ao punto de partida, un patio de coleixio de monxas cheo de caras comúns e arelas de ser alguén nun futuro próximo. E a cerna desta confesión en alta voz precipítase cara á promesa de querer ser libremente e de pedir un perdón “cos meus labios más pequenos” por esa escolla. (Marante Arias 2007: 188)

Para trasladar a imaxes este texto, Xosé Tomás divide a páxina en dúas metades horizontais e simétricas que se vinculan a mundos contrapostos: no plano superior aparece o real representado en cores terrosas, no inferior triunfa unha ambientación mariña que desce ata os abismos facéndose a cada paso máis profundo o seu azul. A conexión entre ambos os mundos efectúase por medio dunha muller sentada nun illote que, sito na liña do horizonte, estende a súa raíz nutricia por baixo das augas indicándosen así, dun xeito simbólico, a fusión do ser coa natureza, esa ‘metamorfización germinativa’ (Bagué Quílez 2010: 56) que provoca unha sintonía de efectos entre ambos como se ve nestes versos: ‘A tersura do meu ventre escoltaba á primavera / desbordaron as buguinas nas miñas mans tan miúdas’. Enriba da muller, Tomás sitúa catro viñetas sen marco nas que focaliza, cun plano cada vez máis curto e próximo á súa cara, o espertar dunha adolescente. Esta pasa por reaccións sucesivas que van da sorpresa ata o terror final —ben explícito no ollo totalmente regalado do derradeiro cadriño— pois, en palabras de Bagué Quílez, ‘evoluciona desde la indefinición infantil hasta la aceptación de la propia belleza’ (2010: 55) que condicionará xa para sempre a súa vida como unha marca negativa dado que ‘la contiene como un objeto en la mirada masculina, no un sujeto con la capacidad de definirse a sí misma’ (McCoy 2016: 149). De aí que descubrir a súa fermosura lle cause un enorme impacto, por tanto ademais esta lle é revelada mediante a privación, o castigo e o desprezo: ‘cuspíronme na cara as

Territorio inédito: *O puño e a letra* de Yolanda Castaño  
Teresa Seara

miñas propias virtudes neste / club non admiten a rapazas cos beizos pintados de vermello'.

A beleza lígase tamén á máscara que a manipula ou modifica, áinda que, en realidade, ‘a faciana con máscara, a que perfila os seus trazos con toda sorte de afeites, é a que menos agocha’ (Marante Arias 2007: 188). De feito, no poema ‘Maquillaxe’ incídese en que

Eu era un  
monstro fermoso e abatido.  
Máscara incrustada na face  
(...)  
A miña maquillaxe perfilaba coma ningunha  
a comisura mortal do ollo ou a distancia.

Partindo destes versos, Anxo Cuba ofrece o caso más extremo de ocupación da páxina por parte do texto ao introducir tan só unha imaxe —a silueta dunha muller con longa melena, un único ollo perfilado en negro e un torso-colector de diversos elementos urbanos (rañaceos, antenas) ou produtos de maquillaxe (barra de labios, lapis, esmalte de uñas)— e deixar que as palabras, realizadas mediante xogos tipográficos (diversos tamaños de fonte, negriñas, coloración da *panza* das letras redondas), invadan o resto do espazo.

A derradeira liña temática propia da obra de Yolanda Castaño é a metapoesía, que se vincula á reflexión sobre as carencias da lingua en tanto que materia imperfecta, ao rexeitamento dos estereotipos vertidos tradicionalmente sobre a muller escritora e a un concepto, o de *segunda lingua*, que vertebría o poemario homónimo aludindo ao que resulta periférico, estranho e diferente (Cordal 2014: 135). É dicir, en varios textos d'*O puño e a letra* tomados deste libro está ‘[a] poesía preguntándose por que existe, como existe e para que existe a través da autora’ (Cordal 2014: 135). Nesta categoría entran, por faceren referencia ao necesario para levar a cabo o acto físico da escrita, poemas como ‘Papel’ e ‘Reciclaxe’. No primeiro deles, Rubén Mariño presenta tres retratos da poeta que perde a súa calidá corpórea ao converterse xa nun deseño cando afirma ‘[l]iterariamente, / non podo separarme deste / papel’. Pola súa parte, en ‘Reciclaxe’, Santy Gutiérrez remarca o xogo da duplicitade e da superposición amosando á vez ao paxaro e a súa sombra, o anverso e o reverso do espello ou dúas plumas (de ave e estilográfica) que deitan tinta, pois, segundo se le no texto,


tamén se escribe así,  
anotando palabras novas mentres outras  
anteriores  
se transparentan.

Para ilustrar o poema que lle dá título á antoloxía, ‘O puño e a letra (Talón negro de Aquiles sobre branco chan)’, Brais Rodríguez utiliza a técnica lineal ou de raiado, xa que esta ‘ofrece unha tradución más aló de calquera figuración’ (Maroño 2018). En doce viñetas (imaxe 6) presenta o artista unha mancha negra inicial que se vai facendo cada vez máis tenue ata adoptar a forma dunhas liñas que, lonxe do estatismo propio do que é recto, ondulan, na derradeira imaxe, coa vibración desas palabras que non calan nin ‘desde dentro da fogueira’ de Xoana de Arco á que aluden os versos. O borrón de tinta incide así nun mundo simbólico complexo como o que

Territorio inédito: *O puño e a letra* de Yolanda Castaño  
Teresa Seara

no poema converte a palabra en ‘monstro’, ‘alarido’, ‘férula de descarga’ e porta para o misterio.

Imaxe 6




Pola súa parte, en ‘Pechado de par en par’, Roberta Vázquez retrata catro veces á mesma escritora —cuxo nariz é unha folla caducifolia— concentrada nun intenso momento creativo que logra facela inmune ao paso do tempo. En fronte dela, a mesa, o caderno, o lapis e a cunca de café preséntanse como elementos inmutables; pola contra, o fondo (a casa, o xardín e/ou o ceo) é sempre dinámico: pasa da vizosidade da primavera á nudez do inverno, amaga tormenta cando a busca das palabras se torna dificultosa e identifica a fluencia da escrita cunha noite estrelecida.

A dificultosa pronuncia das palabras inglesas *bird* e *beard* permítenlle a Miguel Cuba, en ‘Listen and Repeat: un paxaro, unha barba’ (imaxe 7), representar, con gran beleza e mestría, a historia de dúas persoas que, afastadas ao comezo polo idioma —na primeira viñeta ela di ‘land’ e el ‘scape’ na confusión dos ‘significados de país e paisaxe’—, finalmente se encontran no territorio común do neoloxismo. A muller, pechada no seu fanal de

Territorio inédito: *O puño e a letra* de Yolanda Castaño  
Teresa Seara

silencio, modula a posición da boca intentando darrle a forma exacta que lle permita articular o fonema estranxeiro dun xeito correcto. Mais, aínda sen ser consciente, os seus progresos repercuten sobre o home logrando que a súa barba frondosa, na confusión dos termos, adquira un carácter de amorooso niño. E así o ilustrador logra na súa obra

un fenomenal ejercicio de simbiosis entre el texto y una representación gráfica dependiente del mismo sin llegar a ser literal: la complejidad de la pronunciación de una lengua extranjera, la vocalización, la angustiosa jaula de cristal de los sonidos imperfectos y la confusión terminológica que concluye en un nido-barba, los *bird* y *beard* del título en su traducción al inglés. (Sendón 2019: 190, cursivas no orixinal)



Imaxe 7

No derradeiro poema da antoloxía, ‘Non hai orde máis tirana que a orde alfábética’, Dani Xove expresa a pugna diglósica entre linguas (‘[a]s palabras labregas sachando nas súas ringleiras / e a nobreza de Castela

Territorio inédito: *O puño e a letra* de Yolanda Castaño  
Teresa Seara

11

O lobo acada gran presenza simbólica en varias das historias gráficas, como en ‘Beber leite’, onde Alberto Taracido presenta o vínculo indisoluble do corpo e da terra a través dunha maternidade, ou na carauta de Entroido que Xan López Domínguez debuxa en ‘E botámonos a trotar...’.

12

O científico e inventor Nicola Tesla (1856–1943) acadou notoriedade polo seu comportamento extravagante. Por exemplo, tiña obsesión co número tres e afirmaba que o matrimonio era incompatible co seu oficio. Mientras viviu en Nova York, recollía pombas feridas e levábaas ao seu hotel, o New Yorker. Segundo deixou escrito, unha delas dáballe ‘razóns para vivir’ xa que ‘quería a esa pomba igual que un home ama a unha muller’ (Pichel 2018).

asediando o dicionario’) como unha loita feroz entre lobos que esgazan o pelelo do contrincante do mesmo xeito que o tempo borra a memoria das mulleres (‘o nome dunha muller persiste só dúas xeracións’, afírmase nun verso), tradicionalmente transmisoras da lingua inicial.<sup>11</sup> A boca icónica deseñada por John Pasche para a compañía discográfica Rolling Stones Records reproduce aquí, nunha cor azul esvaída, a dúbida final do poema: ‘Coñece a lingua a súa lingua? / Os libros nunca están pechados’.

Tal e como se viu ata o de agora, n’*O puño e a letra* atopamos maneiras diferentes, e mesmo contrapostas, de enfocar a translación do texto poético á imaxe. Para alén de certas disxuntivas á hora de conceder más primacía ao textual ou á parte gráfica —vinte e catro dos corenta ilustradores deciden reproducir enteiramente o poema— e tamén se utilizar só unha superviñeta ou varios cadriños —opción preferida—, as maiores dificultades estriban en plasmar a polisemia verbal, o misterioso, o simbólico, así como os mundos oníricos e fantásticos tan propios de Castaño. As solucións son diversas. Por exemplo, en ‘Que é dor / a dor que de veras sente’, Kiko da Silva céntrase nos versos seis a catorce do poema e, desde un plano panorámico, vai pechando o foco sobre unha ‘rapaza nada cos xenes da beleza’, mais cos ollos estrañamente vermellos de Nicola Tesla, que se adentra nas perigosas furnas da praia das Catedrais a cuxa derruba asistimos na derradeira viñeta. Nunha chiscadela á intrahistoria do inventor, un paxaro escapa de alí mentres caen as pedras.<sup>12</sup> Pola súa parte, Jano, ‘Nos arquivos abstractos’, chega a ‘dislocar texto e imaxe ata o punto de ofrecer doulos poemas distintos’ (Maroño 2018), pois a sombra da lectora, reflectida sobre a parede, acaba confundíndose cunha serpe que a escorre. Con todo, a solución más orixinal do libro é a que aporta Cristian F. Caruncho ao converter nun taboleiro da oca, en branco e negro, a biografía dunha parella recollida en ‘Canta ledicia abrangüemos entón...’. Aquí as casas amosan diferentes momentos temporais (o primeiro encontro, a voda, o parto do vinculeiro...) ata a vellez dos protagonistas e poñen de manifesto que, como di un dos versos, ‘[o] amor era un xogo divertido e precioso’.

Aínda que menos frecuentes, algunas adaptacións dos poemas apelan a unha narratividade más tradicional. Así sucede en “Highway to heaven” onde Kike J. Díaz estrutura a páxina en tres franxas horizontais que se corresponden coa introdución (as tres primeiras viñetas), o nó (desenvolto en seis pequenas imaxes) e o desenlace (resumido nun trío de cadriños) dunha historia futurista que, con aires de *road movie*, ‘entrónca con la aleación de carne y de metal propuesta por Crash —tanto la novela de J. G. Ballard como la película de David Cronenberg’ (Bagué Quílez 2010: 51), ao enxalar a velocidade do automóbil como elemento de sublimación do desexo e forza capaz de fosilizar, como se di nuns versos, a ‘rutilante beleza / do meu cadáver sobre o arcén’. Partindo dun plano cenital nocturno da autoestrada, Díaz reúne na primeira imaxe os dous protagonistas principais da historia, o coche e a bolboreta, que, ocupando ainda espazos contrapostos (a terra e o aire), acaban por confluír na derradeira escena. É a condutora quen fai posible o contacto entre eles cando, prendida do salto desa ‘bolboreta de frío’ que se atravesa no seu camiño, sente o magnetismo da vertixe e acelera ‘tan rápido / como a este verso se lle vai a vida’. Os sucesivos planos detalle dan conta de como a situación se volve a cada paso máis inquedante e perigosa, pois todos os indicios (as rodadas dos pneumáticos sobre o asfalto, a presenza da néboa, a man sobre a panca do cambio de marchas, o reflexo dos faros no ollo composto

Territorio inédito: *O puño e a letra* de Yolanda Castaño  
Teresa Seara

do insecto, a exorbitante velocidade á que circula o vehículo e a invasión do carril contrario) anticipan o funesto desenlace: a morte do lepidóptero esmagado contra o coche.

Para alén disto, atopamos tamén na antoloxía estilos gráficos individuais ben recoñecibles como, entre outros, os mundos submarinos de Miguel Anxo Prado ('Calamar'), as figuras emblemáticas de Xaquín Marín ('Pan de celebración') ou a osamenta tópica de Manuel Cráneo (convertida nun roqueiro en 'Máis que a túa baixeza...'). Confórmase así un diálogo rico e diverso entre poema e imaxe que permite afirmar que estas 'achechas bedepoéticas complementan, implementan e completan a escrita de Castaño dende ángulos desusados, amosando non só a súa plasticidade connatural senón tamén a súa forza escénica, a pulsión fílmica que alimenta moitos deles' (Requeixo 2019).

En conclusión, na matriz deste primeiro cómic poético en lingua galega non só subxace o desexo de Yolanda Castaño por ir enchendo, con mostras de probada valía, ese territorio case inédito que explora o diálogo interdisciplinar entre as artes, senón que se percibe con claridade o carácter pioneiro da autora e a súa concepción da poesía como un 'exercicio máxico no que se opera sempre coa periferia' (Castaño 2002). Esta é base dun volume onde, ademais, de observar a evolución da súa voz poética desde *Elevar as pálpebras ata A segunda lingua* se poden comparar os estilos particulares de cada artista e mesmo a forma en que resolvieron os problemas intrínsecos ao traslado dos versos a imaxes. Por iso, *O puño e a letra* resulta ser un libro sorprendente que

se debe leer dejando que las imágenes generen junto a la palabra sus eufonías y cacofonías, que rompan las cadenas de sus prisiones para que trazos y letras recuperen ese hermanamiento perdido, en una danza de alegría libertad recuperada. (Pons 2016: 6)



Territorio inédito: *O puño e a letra* de Yolanda Castaño  
Teresa Seara

## Obras citadas

- ÁLVAREZ PEÑA, Laura Valentina, 2021. ‘Adaptación de textos literarios a literatura dibujada. El historietista como traductor’, *Estudios de Traducción* 11: 33–41.
- BADMAN, Derik, 2012. ‘Comics Poetry, Poetry Comics, Graphic Poems’, *The Hooded Utilitarian*, 30 de agosto de 2012. <http://hoodedutilitarian.com/2012/08/comicspoetry-poetry-comics-graphic-poems/>.
- BAGUÉ QUÍLEZ, Luis, 2010. ‘Profundidad de campo: autorretrato en dos secuencias’, *Adarve* v: 48–58.
- CARRASCO, Josema, 2015. ‘Mapa de besos’, *Josemitadinamita*, 4 decembro 2015. <https://josemitadinamita.wordpress.com/2015/12/04/mapa-de-besos/>.
- CASTAÑO, Yolanda, 2002. ‘Autobiografía’. *Biblioteca Virtual Galega* [http://bvg.udc.es/ficha\\_autor.jsp?id=YolCasta](http://bvg.udc.es/ficha_autor.jsp?id=YolCasta).
- , 2018a. *O puño e a letra* (Vigo: Xerais).
- , 2018b. ‘Limiar’. En Castaño 2018a: 6–7.
- CORDAL, Xabier, 2014. ‘A segunda lingua de Yolanda Castaño’, *A trabe de ouro* 98: 133–136.
- DOPICO, Montse, 2018. ‘Yolanda Castaño: “Non quero unha poesía isolada e volta cara si, senón contaminada de vida, de mundo e doutros códigos”’, *Praza*, 27 novembro 2018. <https://praza.gal/cultura/yolanda-castano-non-quero-unha-poesia-isolada-e-volta-cara-si-senon-contaminada-de-vida-de-mundo-e-doutros-codigos>.
- FAVARO, Alice, 2021. ‘Desiertos de amor (2018) de Raúl Zurita: entre poesía, imagen y voz’, *Caracol* 21: 272–292.
- GISBERT, Jesús, 2019a. ‘Coherencia poética y diversidad gráfica desde el Atlántico’, *Tebeosfera* 12 (3), 30 novembro 2019. [https://www.tebeosfera.com/documentos/coherencia\\_poetica\\_y\\_diversidad\\_grafica\\_desde\\_el\\_atlantico.html](https://www.tebeosfera.com/documentos/coherencia_poetica_y_diversidad_grafica_desde_el_atlantico.html).
- , 2019b. ‘Gráfica poética, poesía gráfica’, *Tebeosfera* 12 (3), 30 novembro 2019. [https://www.tebeosfera.com/documentos/grafica\\_poetica\\_poesia\\_grafica.html](https://www.tebeosfera.com/documentos/grafica_poetica_poesia_grafica.html).
- GRACIA LANA, Julio A. & Ana ASIÉN SUÑER, Coords., 2021. *Nuevas visiones sobre el cómic: un enfoque multidisciplinar*: 463–470 (Zaragoza: Prensas de la Universidad de Zaragoza).
- GUTIÉRREZ GARCÍA-HUIDOBRO, Julio I., 2019. ‘El Paseo Ahumada de Enrique Lihn, adaptado al cómic por Liván: affordances y tensiones en el proceso de adaptación’, *Signa* 28: 669–697.

Territorio inédito: *O puño e a letra* de Yolanda Castaño  
Teresa Seara

- HERNÁNDEZ CAVA, Felipe, 2016. ‘Ocho poemas’, *El Cultural*, 2 decembro 2016. <https://elcultural.com/Ocho-poemas>.
- MARANTE ARIAS, Antía, 2007. ‘Profundidade de campo’, *Anuario Grial de Estudos Literarios Galegos* [16]: 187–188.
- MAROÑO, Eduardo, 2018. ‘Corenta poemas visuais de Yolanda Castaño’, *Galicia Confidencial*, 23 novembro 2018. <http://www.galiciaconfidencial.com/noticia/80511-corenta-poemas-visuais-yolanda-castano>.
- MCCOY, Erin L., 2016. ‘Una nueva poética gallega: autodestrucción y renacimiento en la última poesía femenina’. *Poéticas* 2: 145–155.
- NÚÑEZ BRIONES, Andrea, 2019. ‘Review of *Lingua dell’inchiostro—O idioma da tinta*, by Castaño, Yolanda’, *Rassegna iberistica* 111: 245–248.
- NÚÑEZ SABARÍS, Xaquín, 2021. ‘Retratos dibujados. Del texto a la ilustración en tres adaptaciones al cómic’. En RUBIO JIMÉNEZ & SERRANO ASENJO, 2021: 343–364.
- PALACIOS, Jesús, 2018. ‘Barbarella cumple 50 años’. *El Español*, El Cultural, 10 agosto 2018. [https://www.elespanol.com/el-cultural/cine/20180810/barbarella-cumple-anos/329218467\\_o.html](https://www.elespanol.com/el-cultural/cine/20180810/barbarella-cumple-anos/329218467_o.html).
- PEGORARI, Celine, 2021. ‘Poémic, liricómic, versoñetas. ¿Creación de un nuevo género?’. En GRACIA LANA & ASIÉN SUÑER, 2021: 463–470.
- PÉREZ, Elías M., Emilio MARTÍNEZ & Fabiane C SILVA DOS SANTOS, eds., 2019. *IV Congreso Internacional de Investigación en Artes Visuales ANLAV* (Valencia: Editorial Universitat Politècnica de València).
- PÉREZ VERNETTI, Laura, 2016. *Ocho poemas. Novela gráfica*: 5–6 (Málaga: Centro Cultural Generación del 27/Diputación de Málaga).
- PICHEL, José, 2018. ‘El genio que tenía miedo a las mujeres y se acostó con una paloma’, *El Español*, 10 febreiro 2018. [https://www.elespanol.com/ciencia/20180210/genio-miedo-mujeres-acosto-paloma/283472840\\_o.html](https://www.elespanol.com/ciencia/20180210/genio-miedo-mujeres-acosto-paloma/283472840_o.html).
- PONS, Álvaro, 2016. ‘Lo que nunca debió estar separado’, en PÉREZ VERNETTI, 2016: 5–6.
- , 2019a. ‘El reto de la poesía gráfica: análisis de la obra de Begoña García-Alén’. En PÉREZ, Elías M., Emilio MARTÍNEZ & Fabiane C SILVA DOS SANTOS, 2019: 597–605.
- , 2019b. ‘Poesía gráfica, cuando la expresión gráfica no necesita ser narrativa’, *Tebeosfera* 12 (3), 30 novembro 2019. [https://www.tebeosfera.com/documentos/poesia\\_grafica\\_cuando\\_la\\_expcion\\_grafica\\_no\\_necesita\\_ser\\_narrativa.html](https://www.tebeosfera.com/documentos/poesia_grafica_cuando_la_expcion_grafica_no_necesita_ser_narrativa.html).
- POZO SÁNCHEZ, Begoña, 2009. ‘Dino Buzzati y los márgenes de la escritura’, *Extravío. Revista electrónica de literatura comparada* 4: 62–72. <http://www.uv.es/extravio>.

Territorio inédito: *O puño e a letra* de Yolanda Castaño  
Teresa Seara

REQUEIXO, Armando, 2019. ‘Bedepoética galega’, *Criticalia*, 29 setembro 2019. <https://armandorequeixo.wordpress.com/category/banda-desenada/>.

RUBIO JIMÉNEZ, Jesús & Enrique SERRANO ASENJO, eds., 2021. *El retrato literario en el mundo hispánico II (siglos XIX–XXI)* (Zaragoza: Prensas de la Universidad de Zaragoza).

SENDÓN, Óscar, 2019. ‘Reseña de ‘*O puño e a letra*’ de Yolanda Castaño et alii’, *CuCo. Cuadernos de cómic* (13): 188–190.

TRABADO CABADO, José Manuel, 2020. ‘Poesía gráfica’, *Neuróptica. Estudios sobre el cómic* 2 (2): 277–282.

*Guest article*

# Making the Documentary *Anatomy of a Mermaid* or How to Film Subversive Theatre Performances

Adriana Páramo Pérez  
Royal Holloway, University of London

## *Keywords*

Adaptation  
Creative Process  
Documentary  
Obstetric Violence  
Theatre

## *Palabras clave*

Adaptación  
Proceso creativo  
Documental  
Violencia obstétrica  
Teatro

## *Abstract*

I approached actress Iria Pinheiro to film the creative process of her autobiographical documentary theatre play *Anatomía dunha serea* (2018), where she portrays the experiences of obstetric violence she went through during labour. She uses parody as the driving force and manages to subvert the portrayal of the pregnant woman that has been perpetuated in Western society. I soon realised my portrayal of Pinheiro on film needed to be as disruptive as her performance on stage. Activist Jesusa Ricoy (2018) claims that films have helped to perpetuate the performative image of the pregnant woman. So how could I create a subversive portrayal on the screen? In order to understand the process of filming Pinheiro without victimising her, in this article I look at Bertolt Brecht's views on the need of making theatre that does not fall into the 'culinary' and at filmmaker Jill Godmilow's ideas on contemporary documentary being 'pornography of the real'. I directed the documentary *Anatomía dunha serea* (2022) not just to show Pinheiro's experience of obstetric violence, but also to demonstrate how she used theatre as a denunciation tool. By reflecting on how I portray Pinheiro's performance on the screen, I aim to contribute to make obstetric violence visible and to expand on how to create subversive portrayals that make audiences shift existing views of the pregnant woman.

Making the Documentary  
*Anatomy of a Mermaid or*  
How to Film Subversive  
Theatre Performances  
Adriana Páramo Pérez

## Resumo

Achegueime á actriz Iria Pinheiro para filmar o proceso creativo da súa obra de teatro documental autobiográfica *Anatomía dunha serea* (2018), na que retrata as experiencias de violencia obstétrica que sufriu durante o parto. Utiliza a parodia como motor e consegue subverter o retrato da muller embarazada que se perpetuou na sociedade occidental. Axiña me decatei de que o meu retrato fílmico de Pinheiro debía ser tan perturbador como a súa actuación no escenario. A activista Jesusa Ricoy (2018) afirma que as películas contribuíron a perpetuar a imaxe performativa da muller embarazada. Entón, como podería crear un retrato subversivo na pantalla? Para comprender o proceso de filmar a Pinheiro sen vitimizala, neste artigo emprego as ideas de Bertolt Brecht sobre a necesidade de facer teatro que non caia no ‘culinario’ e tamén os puntos de vista da cineasta Jill Godmilow sobre o documental contemporáneo como ‘pornografía do real’. Dirixín o documental *Anatomía dunha serea* (2022) non só para mostrar a experiencia de Pinheiro da violencia obstétrica, senón tamén para demostrar como ela utilizou o teatro como ferramenta de denuncia. Ao reflexionar sobre como retrato a actuación de Pinheiro na pantalla, pretendo contribuír a visibilizar a violencia obstétrica e a ampliar os modos de crear retratos subversivos que fagan que o público cambie as visións existentes sobre a muller embarazada.

Making the Documentary  
*Anatomy of a Mermaid or*  
How to Film Subversive  
Theatre Performances  
Adriana Páramo Pérez

## Introduction

I learned about obstetric violence when I read in the newspaper that actress Iria Pinheiro was creating the play *Anatomía dunha serea* (2018) recounting the physical and emotional abuse she lived through during and after labour. At the time, I was researching documentary practice and gender and I felt this was a compelling story to capture on camera. I embarked on a journey of filming her creative process. During a rehearsal of the play, Pinheiro explained how the ideas we have of labour are often framed by the images we see in films. Activist and writer Jesusa Ricoy (2018) argues that Hollywood films have helped to perpetuate a non-realistic image of pregnant women. In the same way, Kelly Oliver states that 'Most Hollywood birth scenes show girls and women completely out of control screaming, crying, and swearing. [...] Women and girls become more like beasts snarling and snapping' (Oliver 2012: 64). Considering Hollywood films of a variety of genres where the female pregnant body is depicted, such as horror films like *Rosemary's Baby* (Polansky 1968); sci-fi movies such as *Alien* (Scott 1979) and *Prometheus* (Scott 2012); and comedy films such as *Ace Ventura* (Shadyac 1994), *Knocked Up* (Apatow 2011) and *How to Be Single* (Ditter 2016) —to mention just a few— I realised that Pinheiro was portraying in her play an image of the pregnant woman that was different from the one that has been perpetuated in our collective imaginary. Also that if I was to portray Pinheiro's creative process on the screen, I would also need to create a subversive portrayal of my own. I then wondered how this could be done, taking into consideration that most of our references are mediated by non-realistic portrayals. In this article, I reflect on how I approached my practice when filming the documentary short *Anatomía dunha serea* (2022). Instead of analysing the short scene by scene, I provide a reflection on my attempts to create a subversive portrayal of the pregnant experience on the screen, drawing connections between the theatre and film forms. I draw from Brecht's ideas on theatre and Godmilow's thoughts on documentary films, such as avoiding emotion to make the audience think about how society is constructed. Additionally, I take these ideas forward by arguing that empathy may be useful if it is used to think critically in order to challenge audiences' views.

## Beyond Adaptation

To discuss the documentary *Anatomía dunha serea* (2022), based on Pinheiro's creative process when putting together the play, I will start by examining the relation between theatre and cinema. Scholars (Nicoll 1936, Sontag 1966, Bazin 1967, Deridder 2018) have widely compared and confronted both mediums, establishing the formal similarities and differences between them. I look beyond the comparison of these genres to focus on the links between the two. I turn to Bert Cardullo's (2012) idea of adaptation as a 'mixed medium'. He talks about John Steinbeck's *Of Mice and Men* as a single work reflected through three art forms: a play and two movies. He describes this as 'an artistic pyramid with three sides' in which the original work is at the top and from which other artistic products emerge (Cardullo 2012: 13). In this sense, I took Pinheiro's work and transformed it into

Making the Documentary  
*Anatomy of a Mermaid or*  
How to Film Subversive  
Theatre Performances  
Adriana Páramo Pérez

video form, creating two video essays and a short documentary. *Subverting the Performative Image of the Pregnant Woman* (2021) was published on the online journal *Screenworks*. It explores how Pinheiro uses parody as a tool to disrupt the image of the pregnant woman that has been perpetuated in films. *Making Visible the Invisible*, presented at the Contemporary Womxn's Writing Conference (2021), reflects on how the representations of the pregnant Virgin Mary have framed the image of the pregnant woman that prevails in Western society, linking this to Pinheiro's subversive portrayal. The short documentary *Anatomía dunha serea* follows Pinheiro's creative process when putting the play together and launches a conversation about obstetric violence. Each of these video outputs have different stylistic and thematic approaches; they show different moments from the footage and mix them with other materials such as clips from films (in both video essays), medieval paintings (in the video essay *Making Visible the Invisible*), and animations (in the documentary). I find that the conjunction of theatre and filmmaking creates multiple artistic possibilities. In this sense, by transforming the play into video form, I managed to enlarge the life circle of the play. In fact, Pinheiro herself (2022a: 23) sees the documentary as a device that is able to reach audiences that the theatre play cannot get to.

Building on this, I would go as far as to consider my documentary not as an adaptation but rather a 'transformation' of the play. The term 'to transform' is defined by the Oxford Dictionary as 'to completely change the appearance or character of something'. I refer to the process of transformation of the original work because I feel this word allows for more fluidity when trying to understand the relationship between the play and the documentary *Anatomía dunha serea*. When we talk about adapting theatre for the screen, we usually think about stage recordings such as the many Meliés stage filmed works; the multiple Shakespeare adaptations done by the BBC over the years; the project *Beckett on Film* (2000), or, more recently in Spain, the series *Escenario 0* (2020) (*Stage 0*). However, although the play appears in the final film, I only show excerpts from a few scenes. I juxtapose these with rehearsals and conversations with Pinheiro to show how the stage performance was assembled and how the creative process of the actress relates to her personal experience. Moreover, I also include symbolic animations that relate to medicalized practices, and figures that contextualize obstetric violence in Spain. By creating new content, the documentary enlarges Pinheiro's stage performance. As a whole, I not only transfer the play into video form but also transform the original play by showing more sides to the original story.

Having explored the links between the two forms, I would also like to talk about the links between the artists behind the works. Scholars (Schmidgall 1977: 6, Sinyard 2000: 147, Hutcheon 2006: 108) explain that an artist adapting a work feels some kind of connection to the work they are intending to adapt. Hutcheon argues that 'if we cannot talk about the creative process, we cannot fully understand the urge to adapt and therefore perhaps the very process of adaptation. We need to know "why" [...]. In the arts [...] intention determines matters like why an artist chooses to adapt a work and how it is to be done' (2006: 107). In the documentary *Anatomía dunha serea*, I follow Pinheiro's creative process, and in this article, I reflect on my own creative process when filming her work. As Hutcheon points out, my link to Pinheiro's story and her play had an effect on my artistic decisions. My motivations affected the way I used the camera to capture Pinheiro's process and story while trying not to victimize her.

Making the Documentary  
*Anatomy of a Mermaid or*  
How to Film Subversive  
Theatre Performances  
Adriana Páramo Pérez

I would go even further by saying that as I filmed her, my motivations were ‘transforming’. Knowing Pinheiro’s story made me feel enraged that those kinds of abusive situations could happen to me. I started the project as an investigation into the actress’s creative process and it turned out to be a personal search to understand more about the pregnancy experience.

### Context of the Play

*Anatomía dunha serea* is an autobiographical documentary theatre play. This practice originated in Germany in the 1920s with pioneers such as Erwin Piscator and Bertolt Brecht. They both believed in political theatre that would generate social change. Documentary theatre is used as an umbrella term that groups plays of different natures (such as verbatim, investigative, or autobiographical), but I believe that all plays in this genre share two main aspects: they draw from factual sources and have a socio-political nature (Páramo 2021). Spain has seen many great productions of plays of this nature in recent years, such as *Presas* (2005), *Ruz-Bárcenas* (2014), *Jauría* (2019) (The Wolfpack), and *Prostitución* (2021) (Prostitution). Chévere started developing their documentary theatre practice in 2007 with the play *Testosterona* (Testosterone). Their productions have always been characterized by the use of subversive humour and for tackling social issues. Their work has been relevant not only in Galicia but in the whole of Spain, as evidenced by their National Theatre Award in 2014 for their trajectory in documentary theatre practice. In response to this, they developed the creative residency program ‘A Berberecheira’ (which in Galician means a dedicated space for growing seafood). Chévere saw this artistic *berberecheira* as ‘un criadeiro natural custodiado por xentes da zona para uso propio e goce do resto do mundo’ (‘a mollusc garden cared for by the local people for everybody to use and enjoy’) (Chévere 2019: 7). ‘A Berberecheira’ was born as a collaborative working space to support independent artists, allowing Chévere to focus on autobiographical plays. They helped to ‘grow’ three plays: *Goldi Libre* (2016) (Free Goldi), *Salvador* (2017), and *Anatomía dunha serea* (2018). This was the last project of the residency, the only one by a woman, and the first time Chévere portrayed themes related to the pregnancy experience.

Pinheiro, who comes from a cabaret background, has an extensive history of using subversive humour to represent social themes on stage. As I have previously pointed out (Páramo 2022), Pinheiro’s play comes at a time when other female artists in Galicia have also depicted the pregnancy and motherhood experiences from a subversive perspective in various fields. Poet María Lado, co-author of *Anatomía dunha serea*, wrote *Oso, mamá, si?* (2015) (Bear, mum, yes?) where she depicts her traumatic caesarean section, describing the coldness of the hospital room and staff (a theme that is also explored in Pinheiro’s play). In addition, filmmaker Xisela Franco in *Via Láctea* (2013) (The Milky Way) films herself naked, breastfeeding her daughter in a composition that subverts portrayals of the Virgin Mary lactating. Poet and performer Estíbaliz Espinosa also confronted the *Galaktotrophousa* portrayals in the pictures she posted on her Instagram in 2007 and 2018 of herself breastfeeding her children in public spaces. As Pinheiro herself states (2018), she is the first artist in Galicia to depict obstetric violence onstage. I would like to contextualize the reality of obstetric violence, as it is a controversial topic, especially in Spain. The

Making the Documentary  
*Anatomy of a Mermaid or*  
How to Film Subversive  
Theatre Performances  
Adriana Páramo Pérez

World Health Organization (WHO) has not yet given it an official definition, but has addressed it on several occasions (WHO 2014, 2018) releasing practices and recommendation guidelines to avoid the mistreatment of women during labour. Ricoy (2016) defines obstetric violence as a medical and social problem that consists of subduing women through practices and behaviours ignoring women's autonomy over their own bodies, sexuality, and babies. In Spain, the existence of obstetric violence has been repeatedly rejected by different medical organizations and attempts to regulate it by law have also been unsuccessful. However, in 2021, for the first time in Spain, a woman from Lugo (Galicia) managed to get the UN to condemn the Spanish government for the obstetric violence she endured during childbirth after a judicial process lasting 11 years. With this context in mind, it is worth noting the important role that Chévere played when backing up Pinheiro's story, as this reality is still being called into question in Spain.

After Pinheiro's water broke, she went to hospital and was induced to labour with barely any explanation as to what was happening to her. She received an episiotomy —a cut in the vagina— and after a few weeks the stitches came loose, which caused her physical injuries that lasted for more than two years. It also took her this long to get an official medical report stating the origin of the pain. As she states in the documentary, during this time she felt misinformed and alone. Pinheiro also wanted to denounce the SERGAS (the Galician Health System), but she was discouraged by her lawyer as there had not been any successful case up to then. Instead, she turned to theatre as a device to come to terms with what had happened to her and share it with other people. Pinheiro's performance could be compared to Anne Deavere's stage work. Charles R. Lyons and James C. Lyons describe this artist's work as 'Brechtian', for she 'stimulates the spectator to judge institutional practices' (Lyons & Lyons 1994: 60). Bertolt Brecht (1964) advocated for an 'epic theatre' that avoided empathy in order to educate rather than entertain in opposition to the theatre that was being produced at the time. He believed this was created for mere entertainment and described it as 'culinary', for its purpose was satisfying bodily pleasure just like food. Only by avoiding emotion did Brecht believe theatre would allow the audience to think critically about how society was structured. Vinci explains how the lack of empathy implies 'a detached and critical gaze and stimulates commitment and the will to change reality' (Vinci 2019: 163). In my view, although Pinheiro's play does not follow all the elements of epic theatre, it manages to achieve what Brecht aimed for: to educate the viewer and make them think about the structures that dominate our society. Pinheiro wrote the script with the poet María Lado, as she explains in the documentary: 'o que fixemos foi reelaborar dun xeito literario toda a historia' ('What we did was to re-elaborate the story in a literary form'). However, Pinheiro does not just talk about her particular situation. In the process prior to writing the script, Pinheiro, Lado, and Chévere met with midwives, activists, and other mothers with similar experiences to gain a better understanding of how obstetric violence came to be regarded as normal. In this way, the text reflects Pinheiro's personal experience entangled with other mothers' feelings and it also gives the audience a way to understand when situations become abusive and how to confront them. In the play, Pinheiro does not judge how a woman's labour experience should be; instead, she compels the audience to challenge their views on how the reality of childbirth is constructed.

Making the Documentary  
*Anatomy of a Mermaid or*  
How to Film Subversive  
Theatre Performances  
Adriana Páramo Pérez

## Pinheiro's Subversive Performance and the Subversive Camera

Author Lara Rozados (2020) claims that Pinheiro takes control back over her body through her performance, making it a radical feminist play. I look here at Griselda Pollock's thoughts on feminist works. When talking about films, she points out that a work is feminist not because it registers the 'ideas, politics or obsessions of its feminist filmmaker' (Pollock 1987: 363), but rather it becomes political 'according to the way the work acts upon, makes demands of, and produces positions for its viewers. It is feminist because it subverts the normal ways in which we view art'. Pinheiro's play is not just about the episiotomy and the other injuries. In fact, she only tells us about these towards the end. The play shows how abusive situations are not just physical but emotional and behavioural too, and how these come to be regarded as normal. Moreover, the play shows how humour can be used as a disruptive tool. I argue that Pinheiro's play is subversive not only because she tells us about what happened to her, but also because of the way she uses parody 'to take the gendered performative experience of the pregnant woman and resignify it, disrupting the image of the pregnant experience that has been perpetuated' (Páramo 2021). In this sense, I wanted the documentary to be in line with the subversion Pinheiro achieves on stage.

The genuinely innovative part of this book is the way it traces Seoane's voice via his collaborations with a series of collective projects, inspired by the focus in recent studies of Modernism on the role of the magazine (see especially the multivolume *Oxford Critical and Cultural History of Modernist Magazines*). In the first part —‘Encuentros de la cultura antifascista’— the focus is on *De Mar a Mar* (1942–1943), read in relation to antifascist praxis from the 1930s and 1940s; in the second —‘Modernidades divergentes’— the focus is on reception of Seoane's artistic production in *Ver y estimar* (1948–1955), and the light this sheds on the political repositioning of the avantgarde in this period; whereas the final part —‘En busca de lo nacional-popular’— scrutinises the alternative vision of a Galician (trans)national project represented by *Galicia Emigrante* (1954–1959). In all three cases, the study is characterised by careful material contextualisation of these Modernist magazines alongside their intertextual relationship with other works by Seoane and others, from his internationally celebrated *Trece estampas de la tradición* and *Homenaje a la Torre de Hércules* to poetry collections like *As cicatrices* and the plays *A soldadeira* and *O irlandés astrólogo*. We are given access to a rich pool of primary data from which to be able to observe, understand and breathe the wider context in which the magazines are inserted and the worlds they seek to create. Furthermore, the inclusion of examples of Seoane's work, as well as particular indices of reception, help us not only to understand the changes in his aesthetic preferences but to attest to the continuities: primarily his commitment to a particular political positioning, which for him means a Gramscian version of humanism and a radically inclusive vision of Galician nationalism that forefronts social justice.

Because of all this, it is a study that enters into greater dialogue with key voices in recent political re-readings of Spanish Republican Exile, especially Mari Paz Balibrea's collective venture *Líneas de fuga* (2017), than

GARCÍA MARTÍNEZ, Pablo  
*Un largo puente de papel:  
Cultura impresa y humanismo  
antifascista en el exilio de Luís  
Seoane (1936-1959)*  
Helena Buffery

with recent Galician historiography. Combining insights from a range of different disciplinary and methodological frameworks, drawing particularly on cultural history, cultural studies, and neo-Marxist historiography (as in the work of Stuart Hall, Raymond Williams and Enzo Traverso), it is a study that will be of interest to scholars of Iberian Studies, as well as Argentine literary movements, and above all Spanish Republican exile studies. It honours a figure without whom a large part of the recent recovery of Spanish Republican voices would not have been possible either in degree or in character, and whose capacity to maintain a critical perspective on his era, while nevertheless moving with the times, always attentive to the need to open and preserve spaces for dialogue, is inspirational. In this and other ways, García Martínez identifies completely with Seoane's project, in spite of the fact that he simultaneously presents it as a failed or residual one, which had to be recovered —by his own efforts— from the archive, as hinted in his reproduction of the following quotation from the original published version of *O irlandés astrólogo*:

Alguien vendrá que recogerá esos nombres que ahora evocamos nebulosamente. Seleccionará fielmente hechos y datos, controlará fechas y contará con toda verdad sus vidas. Serán los niños del país gallego del futuro los que querrán imitarles, igualar su dignidad, su desinterés, sus muertes. (219)

From a materialist perspective, this is a study that would not have been possible without Seoane, thus reminding us of the many invisible figures that underlie contemporary scientific research, discovery and academic achievement.

*Review*

# CASAS, Arturo

## *Procesos da historiografía literaria galega. Para un debate crítico.*

Venézia: Edizioni Ca'Foscari.  
2021. 368 pp.  
ISBN 978-88-6969-531-5

**Lucia Cernadas**  
University of Oxford

A publicação do volume *Procesos da historiografía literaria galega. Para un debate crítico* (doravante *Procesos*) supõe uma achega fundamental, desde os estudos da teoria e a historiografia literária, para a compreensão quer do funcionamento quer do estudo da literatura na Galiza contemporânea. O professor Arturo Casas (1958), catedrático de Teoria da Literatura e Literatura Comparada da Universidade de Santiago de Compostela, arruma e atualiza neste volume uma série de textos já publicados no presente século, todos eles ligados a duas ideias chave: duma parte, a atenção aos processos constitutivos e de institucionalização da historiografia literária galega; da outra, a vontade de favorecer o debate sobre formas alternativas de conceber e praticar esta disciplina, a qual, pelas palavras do autor, ‘no caso galego mostra un excesivo grao de acomodación á tradición herdada nos planos heurístico-metodológico e pragmático-funcional’ (335).

Conforme com estas duas ideias basilares, o volume está inequivocamente dirigido a um leitorado especializado, que poderá oferecer interlocução sobre os assuntos que aparecem no livro. Estes assuntos, alguns mais teórico-metodológicos e outros mais práticos, são organizados em quatro blocos: i) ‘Panorama crítico sobre algúns modelos de historia literaria’, ii) ‘Periodización, xeracións literarias e canonización’, iii) ‘Análises’ e iv) ‘Tres modelos outros’. Antes de nos determos no cerne dos *Procesos*, porém, devemos salientar as precisões feitas pelo autor na introdução à obra e que pairam sobre todas as suas páginas.

Nas páginas iniciais, portanto, destaca a chamada de atenção para como as crises do positivismo e do historicismo parecem ser alheias a sectores com capacidade de decisão no âmbito docente, o qual reproduz a história literária desde um prisma nacional; a ignorância destas crises, anota Casas, procede duma concepción quer ingénua, quer propagandística, da

história literária. Mais uma advertência relevante é a dos défices na hora de a disciplina representar pontos de conflito, tais como as migrações e a hibridação, e também a indicação sobre a suficiência do critério filológico, o qual, aponta Casas, deve ser aplicado de modo relacional e dialético, ultrapassando a predominância do texto.

O bloco I dos *Procesos* abre-se com um texto que revê quatro modelos alternativos para a história literária comparada, precedidos dum a breve valoração sobre a trajetória do comparatismo —o qual, julga o autor, não produziu resultados verdadeiramente satisfatórios por dependência a processos de construção nacional e pela estrutura da academia na atualidade— e da constatação de duas condições *sine qua non* para o sucesso de qualquer novo modelo: o abandono do referente nacional como referente privativo e a consideração não organicista das relações interculturais. Em consonância com estas condições, os quatro modelos apresentados são: os processos interliterários de Dionýz Ďurišin e o Instituto de Literatura Mundial de Bratislava; a história cultural comparada e ‘des-narrativizada’ proposta por Mário J. Valdés e Linda Hutcheon na década de 1990, com desenvolvimento no Coordinating Committee for Comparative Literary History da Associação Internacional de Literatura Comparada; o modelo sistémico-institucional e empírico, e os estudos sobre a pós-colonialidade e a subalternidade. Todos eles, com diferente aplicabilidade, coincidem em refutar a história literária romântica e positivista, revendo o paradigma oitocentista das ciências sociais e levando em conta des- e re- territorialização, espaços difusos, mestiços e fronteiriços.

O segundo capítulo do livro amplia a crítica a um dos modelos apresentados previamente, focando a história da literatura e do sistema literário a partir do trabalho de Itamar Even-Zohar. Após advertir sobre a dimensão performativa da historiografia literária e de que ‘acabou o tempo das narrativas historiográficas unipessoais e das expectativas associadas’ (74), Casas identifica quatro reptos da opção sistémica para a história literária. O primeiro deles é a identificação dos limites do sistema. Partindo da certeza de que a existência num espaço social dum único sistema é excepcional, Casas aponta para as possíveis relações desses sistemas concorrentes: paratáticas ou hipotáticas. Neste último sentido, resulta de especial interesse a exploração do conceito de ‘delegación sistémica’ (81), próximo do de ‘subsistema’ empregado pelo grupo Galabra. A pergunta derivada do anterior, recuperada da conclusão do primeiro artigo, é como historizar essas relações complexas e heterogéneas; ante isto, são propostas como satisfatórias as vias exploradas por José Lambert e Elias Torres Feijó. Além disto, o autor assinala uma circunstância conhecida, mas nem sempre posta em prática: o sistema literário e a literatura nacional não são termos intercambiáveis.

Por outro lado, os outros três reptos e as suas possíveis soluções são enunciados de modo mais esquemático: ante a necessidade de incluir o campo dos possíveis no labor historiográfico, não apenas os produtos, Casas propõe levar em conta a construção de trajetórias de grupos sociais e agentes, tal como indicada por Pierre Bourdieu; ante a insuficiência do modelo lineal de articulação temporal, o professor julga a policronia dinâmica (86) uma alternativa; finalmente, para matizar as duas vertentes da denominada ‘aporía crítica’ (87), o autor reafirma a diferença entre crítica e juízo de valor, ao tempo que postula como soluções a seleção crítica de referentes para representar a heterogeneidade, a inclusão da ‘historia efectual’ (88) e a autoanálise da pessoa analista-historiadora.

Encerrando o primeiro bloco, o terceiro capítulo incide nos quatro reptos assinalados previamente com novas precisões críticas, de modo

CASAS, Arturo  
*Procesos da historiografía literaria galega. Para un debate crítico*  
Lucia Cernadas

que a primeira secção de *Procesos* apresenta um progressivo afunilamento. Dentre os comentários mais incisivos incluídos neste texto destaca o elaborado sobre o critério filológico e a dimensão nacional na história literária, os quais não pretendem ser refutados, mas retificados e problematizados. Num exemplo claro e direto, o autor refere o seguinte:

Abre a porta o que se está a desenvolver a unha incorporación da novelística de Pardo Bazán á literatura galega? Obviamente, non. Ábre a incorporación de Clarice Lispector ou Angela Carter? Tampouco. Pertencen estas narradoras á historia da literatura galega? Non. E Rosalía de Castro, como autora de novelas e relatos en lingua castelá? Non. Pertencerían logo a unha historia do sistema literario galego? Con certeza. [...] (110)

Após os três artigos de maior complexidade conceitual, o segundo bloco do livro contém vários exemplos de visões alternativas à periodologia, às gerações literárias e à canonização tradicionais. O primeiro deles estuda brevemente a crítica de poesia na revista *Nós* como via privilegiada de entendimento dos processos de canonização; por sua vez, o segundo texto aplica a poética histórica bakhtiniana e os supostos da sociologia cultural de Karl Manheim à poesia galega do pré-guerra, com o objetivo de representar o dinamismo e o conflito entre os agentes envolvidos nesta produção. Em terceiro lugar, são expostas as possibilidades da aplicação dum método geracional para a história comparada das literaturas, tarefa para a qual Casas aponta duas possíveis vias: a dos processos interliterários postulados pela já mencionada escola de Bratislava e a aplicação da teoria dos campos de Bourdieu às biografias coletivas das agentes desses campos, denominadas prosopografias. Já em quarto lugar, Casas analisa a proposta historiográfica de Xosé Luís Méndez Ferrín *De Pondal a Novoneyra*, ajudando a desautomatizar algumas inéncias marcadas por esta obra e sublinhando como a proposta cumpre uma dupla função: postular uma dinâmica histórica que afeta grupos e agentes individuais no campo de produção poética e construir a própria consciência criadora de Ferrín. Por último, sendo todos os anteriores contributos valiosos para atingir o propósito do livro, destaca pela sua relevância neste bloco o quinto capítulo, toda a vez que revê a trajetória de Luís Seoane dum prisma dinâmico e relacional, ajudando a saldar a dívida da historiografia literária galega com o tratamento da centralidade do exílio americano, especialmente bonaerense, na conformação do sistema cultural galego contemporâneo.

O bloco III contém três análises pormenorizadas de diferentes projetos de historiografia literária, dois deles de agentes concretos. O primeiro deles é o pontevedrés Víctor Said Armesto, cuja trajetória, aponta Casas, tem tido escassa repercussão devido à não adequação do seu programa às lógicas dos campos historiográfico cultural e nacionalista galego (200). O professor repassa o programa de literatura galaico-portuguesa apresentado por Said em 1914 para a consecução da cátedra de literatura galaico-portuguesa na Universidad Central (hoje Universidad Complutense de Madrid); após este exame, Casas conclui que a tendência natural do trabalho de Said —de não ter falecido prematuramente— seria a duma história literária comparada de âmbito europeu, carente de visão nacional do fenómeno literário e porém convergente com a perspetiva organicista, historicista e centralista espanhola da altura, motivo pelo qual não cumpriria as condições desejadas pelo regionalismo e os subsequentes grupos galeguistas.

CASAS, Arturo  
*Procesos da historiografía literaria galega. Para un debate crítico*  
Lucia Cernadas

O segundo projeto historiográfico pessoal examinado é o de Ricardo Carvalho Calero. Dentre as muitas ideias postas em jogo nesta revisão, destaca a da inherente problemática e provisoriação de toda proposta historiográfico-literária, para o qual Casas coloca como exemplo, entre outros, a crítica realizada desde os feminismos — nomeadamente desde a obra de Helena Miguélez Carballeira — à praxe historiográfica do professor ferrolano. Mais um ponto central deste capítulo é a enunciação das condições de Carvalho Calero para a elaboração das suas propostas: a unicidade e a sistematicidade, a exaustividade de herança positivista, a hierarquização e a organização por autorias. Por último, Casas oferece também uma síntese do alcance e as limitações do projeto da *Historia da Literatura Galega Contemporánea*, tais como a sua origem num encargo que implica a assunção dos princípios de Galaxia, as dialéticas exaustividade-excelência e registo totalizador-cânone, os preconceitos heteropatriarcais do autor e o ecletismo metodológico.

Encerrando o penúltimo bloco, encontramos um estudo comparativo de paratextos de diferentes propostas historiográficas ibéricas no último quartel do século xx, com o intuito de ‘identificar e analizar núcleos de problemática e/ou problematización da historiografía literaria’ no período em foco (264). Este exame aparece baixo o sugestivo título ‘Prologar/prorrogar a nación’ e, portanto, foca o (não) tratamento deste assunto nos múltiplos prólogos revistos. A este respeito, o capítulo inclui também uma série de oito considerações sobre a relação entre história literária e nação, entre as quais destacamos a obriga da disciplina de ‘cuestionar dúas axialidades exclusivistas: a do nacional en detrimento do non só nacional [...] e a do textual-autorial en detrimento do resto de factores [...] sistémicos’ (271) ou a relação entre a ‘multiplicidade funcional e institucional da historia literaria’ e o ‘grao de desenvolvimento e autonomía do sistema cultural documentado’ (273), que repercute no grau de ‘desarme identitario’ (274) exigido a cada cultura.

Finalmente, o quarto bloco dos *Procesos* é dedicado a rever os contributos analíticos e teóricos de três figuras fundamentais dos estudos galegos contemporâneos: Antón Figueroa, Xoán González Millán e Helena Miguélez Carballeira. Sobre Figueroa são apresentadas recensões a duas obras chave para a introdução das teorias sistémicas e dos campos culturais: *Nación, literatura, identidade* (2001) e *Ideoloxía e autonomía no campo literario galego* (2010). Quanto a González Millán, Casas elabora um breve guia de leitura da sua obra, assinalando as suas continuidades desde três ‘núcleos de observación’ (316) — a questão nacional e as análises sobre a subalternidade, a constituição de (protos)sistemas literários e os denominados ‘elementos de inestabilidade e/ou desintegración’ a níveis textual e contextual (317) — e incidindo especialmente nas críticas à teoria dos polissistemas nos seus derradeiros anos. Por último, sobre Miguélez Carballeira, Casas incide no caráter feminista e pós-colonial que esta autora imprime à sua trajetória académica, exemplificada no sucedido *Galicia, a sentimental nation/Galiza, um povo sentimental?* (2013/2014) e ao qual poderíamos acrescentar a sua participação no recente projeto de estudos emancipatórios galegos nucleado em volta da revista *Clara Corbelhe*.

Em definitivo, *Procesos da historiografía literaria galega. Para un debate crítico* cumpre os objetivos marcados desde o seu título e resulta uma útil compilação da produção académica de Arturo Casas no presente século. Com solidez argumental e uma densidade teórica que mostram a altíssima capacidade crítica e intelectual do autor, Casas culmina neste volume uma

129 — Galicia 21  
Issue L '22

CASAS, Arturo  
*Procesos da historiografía  
literaria galega. Para un  
debate crítico*  
Lucia Cernadas

primeira entrega de materiais académicos que transmitem o constante compromisso com o entendimento e a utilidade social da disciplina da história literária, cuja complexidade abarca muito mais do referenciado nestas linhas; ficamos, pois, em espera do segundo volume antecipado pelo professor, que culminará a arrumação dos resultados de um programa investigador incontornável para a Galiza contemporânea.

*Review*

**KEITH PAYNE,  
Lorna Shaughnessy  
& Martín Veiga (eds.)**

Dublín: Dedalus Press, 2021.  
190 pp.  
ISBN 978-1-910251-92-8

*A Different Eden:  
Ecopoetry from  
Ireland and Galicia  
/ Un Edén diferente:  
Ecopoesía de Irlanda  
e Galicia*

**María Xesús Nogueira Pereira  
Manuela Palacios González**  
Universidade de Santiago de Compostela

O interese que suscitan tanto as cuestións relacionadas co medio ambiente como a ecopoesía en canto xénero emerxente fan oportuna a aparición da antoloxía *A Different Eden: Ecopoetry from Ireland and Galicia / Un Edén diferente: Ecopoesía de Galicia e Irlanda*. A obra resulta singular tanto pola súa concepción —unha escolma temática trilingüe— como polo paratexto, do que cómpre salientar a moi significativa ilustración da capa: un detalle da peza *Eve*, de Rachel Parry, que reproduce un corpo de muller con pel de serpe na cima dunha (bíblica) maceira facendo malabarismos coa súa froita. Semellante escolla non só anticipa un particular xeito de relación entre diferentes especies do mundo natural humano e non humano senón tamén a cuestión do xénero, moi presente no libro.

Conforme adianta o seu título, a obra está vertebrada por un fío temático que remite a unha manifestación emerxente como é a ecopoesía,

KEITH PAYNE, Lorna Shaughnessy & Martín Veiga (eds.)

*A Different Eden: Ecopoetry from Ireland and Galicia / Un Edén diferente: Ecopoesía de Irlanda e Galicia*  
Mª Xesús Nogueira Pereira  
Manuela Palacios González

unha fórmula que se insire, tanto na literatura galega como na irlandesa, nunha longa tradición de escritura sobre a natureza, o mar e o mundo rural. Mais alá de debates terminolóxicos, os responsábeis da antoloxía optan por relacionar o seu contido coa ‘crecente conciencia sobre a fraxilidade do mundo que habitamos’ (10).

O interese temático e a procedencia dos textos escolmados gardan unha estreita relación co marco de investigación no que se insiren, o proxecto *O tropo animal: unha análise ecofeminista da cultura contemporánea de Galicia e Irlanda*, do que forma parte Martín Veiga, un dos responsábeis da edición. Neste senso, a antoloxía dá continuidade a unha serie de traballos sobre as literaturas galega e anglo-irlandesa da que destacan as escolmas *To the Winds Our Sails* (Salmon Poetry 2010) e *Six Galician Poets* (Arc Publications 2016).

*A Different Eden* vén avalada polo creto das persoas responsábeis da edición e da tradución. Da primeira das tarefas encargáronse Martín Veiga, poeta, tradutor e director do Irish Centre for Galician Studies do University College Cork, e Lorna Shaughnessy, tamén poeta, tradutora de Manuel Rivas e membro (xunto con Martín Veiga e Keith Payne) do equipo Crosswinds: Irish and Galician Poetry and Translation, e o propio Payne. No referido á tradución, as versións en inglés de textos galegos son da autoría de Keith Payne, poeta e tradutor cunha longa traxectoria na poesía galega da que a mencionada *Six Galician Poets* é só un exemplo. As versións galegas de textos ingleses e irlandeses son do escritor e tradutor Isaac Xubín. Desta nómina destaca a dobre condición de autores-tradutores dos responsábeis dunha escolma que os leva a assumir ‘fascinantes retos culturais’ (10).

A obra antologa un total de 38 poetas, todos eles activos no momento da súa publicación. A escolla mostra un equilibrio na representación de voces galegas —15— e irlandesas —22—, tanto en inglés como en gaélico. Chama tamén a atención o feito de que tan só 5 destas últimas teñan como lingua o irlandés e que aparezan acompañados dunha versión ao inglés, o que evidencia non só a situación sociolingüística do idioma, senón tamén o esforzo de visibilización de linguas minorizadas por parte dos responsábeis da edición. Sobre esta cuestión reflexionan nas páxinas introductorias cando aluden á, a miúdo esquecida ‘contribución da tradución ao ecoloxismo’:

Os tradutores sempre estiveron comprometidos co tema da extinción: a desaparición en curso de idiomas é un subproduto da degradación ambiental que nos legaron séculos de prácticas económicas, coloniais, neocoloniais e neoliberais. Este fenómeno é moi familiar para os poetas que escriben en linguas ‘minorizadas’, como o galego ou o irlandés, cuxa práctica creativa preserva a biodiversidade lingüística das literaturas, tanto as nacionais como as internacionais. (10)

Un aspecto singular de *A Different Eden* radica na disposición do texto da antoloxía. As decisións tomadas polos seus responsábeis van máis alá de razóns estéticas e supoñen unha verdadeira proposta de lectura da obra. Os poemas das dúas literaturas dispónense de maneira continua ocupando os textos en galego as páxinas pares e os textos en inglés e en irlandés as impares. No caso destes últimos, a tradución ao inglés aparece en páxina á parte, en parágrafo corrido e nun corpo de letra menor, en coherencia co compromiso asumido polos editores. Deste xeito proponse unha lectura continua dun corpus que intercala textos procedentes de diferentes

KEITH PAYNE, Lorna Shaughnessy & Martín Veiga (eds.)

*A Different Eden: Ecopoetry from Ireland and Galicia / Un Edén diferente: Ecopoesía de Irlanda e Galicia*  
Mª Xesús Nogueira Pereira  
Manuela Palacios González

literaturas e no que se indica, mediante a presenza dun símbolo ao final, a lingua orixinal do texto. A escolla dunha organización temática en cinco seccións que a seguir se comentarán en lugar dun criterio lingüístico suscita ademais un diálogo entre textos de diferentes tradicións.

Outra decisión ten que ver coa dosificación da información no corpo da antoloxía, que se limita á autoría e á mencionada marca gráfica indicativa da lingua orixinal. A disposición das escasas notas —tan só 4— e das referencias bibliográficas no final do libro permite unha lectura limpia na que o texto acada protagonismo fronte á información erudita. Este ordenamento dos materiais pode causar no entanto, un certo incomodo á hora de contextualizar os poemas ou de facer consultas e implica unha lectura menos académica en favor doutra máis orgánica, autónoma e, polo tanto, persoal.

Partindo destes criterios, os responsábeis de *A Different Eden* estruturan a antoloxía en 5 seccións temáticas. A primeira delas, ‘Aprendendo a ladrar / Learning to Bark’, que colle o título dun verso de Olga Novo, explora as relacións entre linguaxe e natureza coa convicción de que

A ecopoesía ten a capacidade de expoñer as limitacións da linguaxe herdada na contorna porque o enfoque das palabras dun poeta é sempre o da procura, a exploración e a interrogación; é na innovación poética coa forma e na linguaxe onde podemos encontrar xeitos alternativos de percepción, apreciación e comunicación co resto do mundo natural. (12)

É esta unha interesante sección na que voces galegas e irlandesas dialogan sobre a relación entre as palabras e o seu medio: ‘o nome das cousas’ no poema de Luz Pichel; a ‘lingua escordada’ da primeira foca que falou, na composición de Seán Lysaght; a ‘fraga do idioma’ de Chus Pato; o ‘glosario do carballo’ de Seán Hewitt; a perda das palabras que designaban as cousas no texto de Paddy Bushe; a ‘lingua alzada’ que ‘aniña onde doe’, de Manuel Rivas; ou a ‘sebe’ como código que ‘non se pode comprender’, no texto de Simon Ó Faoláin. Trátase en todos os casos de poemas que se sitúan nunha liña de cuestionamento da capacidade de nomear da linguaxe e das adherencias desta. A incorporación da composición ‘29 de xaneiro do 2002’, de Olga Novo, á que pertencen os versos ‘querida mamá: estou aprendendo a ladrar’ e a disposición do texto de Luz Pichel no comezo da antoloxía remarcán a relevancia destas dúas voces na ecopoesía galega e, en particular, na reflexión sobre a linguaxe (literaria).

A sección ‘Que foi o que fixestes co mundo / What Have you Done whith the World’, que debe o seu título aos versos do poema ‘The Question’, de Theo Dorgan, achega, conforme expoñen os editores, ‘os [textos] más crus da antoloxía e tratan sobre o dano infrinxido ao mundo físico e a outras formas de vida pola industria e os afáns humanos’ (12). Neste senso estamos diante dunha das seccións entendidas como más comprometidas e intervencionistas do libro, pois

Moitos destes poemas comunican a conciencia de que ao danar o noso ambiente estamos a danarnos a nós mesmos, que a extinción dunha especie empobrece ecosistemas enteiros e que estamos a coloearnos nunha posición de perigo ao pensarnos fóra deles. Hai un sentido de urxencia aquí, da necesidade de actuar e a necesidade de pasar ‘do ego ao eco’, reconécedo a conexión mutua de todas as formas do planeta. (14)

KEITH PAYNE, Lorna Shaughnessy & Martín Veiga (eds.)

*A Different Eden: Ecopoetry from Ireland and Galicia / Un Edén diferente: Ecopoesía de Irlanda e Galicia*

Mª Xesús Nogueira Pereira  
Manuela Palacios González

Esta parte, que mostra como ‘a ira dos humanos desabou sobre nós / trouxou nesta riveira a súa cobiza’ (Pilar Pallarés), entronca nunha liña desenvolvida na literatura galega e tamén na irlandesa que denuncia a paisaxe agredida pola acción do ser humano e que, no caso galego, tivo como punto de inflexión a poesía xurdida a raíz do afundimento do Prestige. Neste senso poden lerse composicións como ‘Entre os elementos nun tempo de guerra’, de Eamon Grennan; ‘Enumeración nunha praia do norte’, de Xavier Queipo; ‘Benquerido Holdridge’, de Grace Wells; ou ‘Lamento por unha especie extinta’, de Jane Robinson. En textos como ‘A morte do eido’, de Paula Meehan, resulta doadó atopar afinidades con algunha da poesía escrita en Galicia nas últimas décadas:

#### A memoria do eido pérdece coa perda das súas herbas

Malia que as torcازas no salgueiro  
os pimpíns no que queda de estripeiro  
e a lavandeira no sabugueiro  
canten a súa famenta canción de estío. (58)

Outras composicións desta sección (re)escriben motivos cargados dunha forte simboloxía, como ‘a primeira balea’, de Estevo Creus; o ‘canto do cuco’, de Emilio Araúxo; a roda do tractor de Ceaití Ní Bheildiúin; os ósos fráxiles dun paxaro dentro dun cascarón, de Moya Cannon; ou as ‘osamentas que a luz deita no terrazo’, de Ana Romaní.

O afastamento do pensamento antropocéntrico é o trazo común das composicións presentadas en ‘Cando non eramos o centro do universo / When We Were Not the Centre of the Universe’, cuxo título está tomado duns versos do poema ‘Retorno’, de Moyra Donaldson, que sintetizan en boa medida o espírito da sección: ‘a memoria quizais, de cando non eramos o centro / do universo, o locus da súa conciencia, / nin amo, nin dono: ainda podíamos pousar a machada’ (110). Algúns destes textos remíennen aos debates xurdidos nos últimos anos a respecto do estatuto dos animais non-humanos ao iren

máis alá dos convencionais tropos animais para permitir que todo o mundo animal ocupe o centro do escenario, poemas que nos instan a sintonizarnos, observar, escoitar máis de preto e aprender de toda a vida que nos rodea. (14)

Os responsábeis da edición toman partido no debate ao remarcaron ‘a necesidade de humildade entre os membros da nosa especie’ e advertiren como ‘estes poemas, ao mesmo tempo que sublifian a “outredade” e o misterio da vida animal, tamén inspiran un xeito máis respectuoso e sostible de relacionarnos entre todos’. (14)

O conxunto de textos escolmados plasman a explotación do mundo animal e a violencia exercida contra el en textos como ‘Barbas de balea’, de Doireann Ní Ghriofa; ‘dentro da fraga dormen os bichos’, de Luz Pichel; ou ‘Deitado’, de Eamon Grennan. Outras veces exploran matices insólitos da súa simboloxía, como acontece en ‘A rata’, de Mary O’Malley; ‘Corvos, corvos’, de Daniel Salgado; ‘Lobo’, de Olga Novo; ou ‘A vaca de Deus’, de Ailbhe Ní Ghearrbhuiigh. Da escritura agardada afástase tamén a ladaíña ‘Munguir’, de Emilio Araúxo; o poema ‘Soña un fémur co seu can’, de Pilar Pallarés; ou ‘Ostras’, onde Moya Cannon se pregunta ‘que sabemos, por

KEITH PAYNE, Lorna Shaughnessy & Martín Veiga (eds.)  
*A Different Eden: Ecopoetry from Ireland and Galicia / Un Edén diferente: Ecopoesía de Irlanda e Galicia*  
Mª Xesús Nogueira Pereira  
Manuela Palacios González

exemplo, / das cavilacións da ostra / que xace no leito do esteiro'. A superación da mirada antropocéntrica percíbese de maneira nítida na evocación da 'miña outra vida como teixugo, lontra, raposo', feita por Eva Bourke.

Numerosas semellanzas entre as realidades galega e irlandesa en canto sociedades tradicionalmente agrícolas e algunas diferenzas na relación coa terra e as 'distintas formas de vida coas que poboamos a nosa contorna' (10) afloran nas composicións que conforman a cuarta sección, 'Non hai terra mítica / No Mythical Land', que 'recompila poemas que tratan sobre as realidades de vivir e traballar na terra e coa terra' (14). Os responsábeis da edición poñen o foco naquelas 'vozes de poetas que teñen traballado para contradicir os conceptos de administración e dominio humano que tanto dano irreversible causaron ao mundo material' (14). Abondo significativo a este respecto resulta o texto de Dores Tembrás que abre e dá título á sección: 'aquí // non hai terra mítica // a extinción daquel tempo // non devirá en lenda' (126), pertencente a *Auga a través*, un poemario que ten como tema a construción do encoro de Lindoso.

A sección fai visíbel a tendencia a representacións desidealizadoras da aldea que se vén rastrexando, na literatura galega, en voces como a de Lupe Gómez, Luz Pichel ou Emilio Araúxo. Por outra banda, as mudanzas no mundo rural derivadas do proceso de mecanización, así como de intervención de políticas estatais, quedan reflectidas nos textos de Olga Novo, Áine Uí Fhoghlu, Mary O'Malley e Miceál Kearney, quen relaciona unha faia derrubada coa 'Política Agrícola Común, / ALDI e a artrite [que] fixeron redundante / o balde gris co que traía as patacas / á nai' (140).

A escolma péchase coa sección que dá título ao libro tomando emprestado o do poema 'A Different Eden', de Paula Meehan, que, a pesar do diálogo que con el establece o paratexto, non aparece compilado. Estas páxinas finais reúnen 'poemas que nos amosan formas alternativas de estar no mundo'. Os versos de Emilio Araúxo, Miriam Ferradáns, César Souto Vilanova e Manuel Rivas, pola parte galega, e de Cathal Ó Searcaigh, Mark Roper, Michael Longley, Eva Bourke, Seán Lysaght e Grace Wells, pola irlandesa, comparten unha identificación do eu, cando non unha contigüidade, co espazo natural que habitan e constitúen esperanzadores exemplos desoutro 'Edén que agardamos de xeito activo e afouto' (16).

Desde o seu compromiso coa diversidade, *A Different Eden* ofrece múltiples lecturas que, ao tempo que fan visíbeis semellanzas entre dous espazos culturais historicamente relacionados, iluminan con sutileza diferenzas na representación dun discurso emergente como é a ecopoesía.

*Review*

# CARBALLEIRA, Paula

## *E continuaremos a contar. A narrativa oral como ato de visibilidade e sobrevivéncia*

**Antonio Reigosa**

Asociación de Escritoras e Escritores en Lingua Galega (AELG)

Poucas veces temos oportunidade de ler reflexións tan certeiras sobre o acto de contar e de todo o que o rodea, pois áinda que o puidese parecer, por ser a autora desta obra unha recoñecida contadora de historias, o feito de contar non se reduce, como a seguir diremos, só á arte de narrar contos senón que tamén —e sobre todo— á necesidade de darles forma, de facer atractivas as experiencias de cada día de cada unha das nosas vidas.

Agás en breves artigos ou reflexións que soen aparecer en prólogos de libros que tratan sobre contidos orais —e que cita a autora nas notas ao pé e na bibliografía—, non dispoñíamos na Galiza dun ensaio sobre a importancia de contar e de escutar, a pesar de sermos herdeiros dunha cultura predominantemente oral. Aínda nestes tempos, coa abusiva presenza nas nosas vidas de medios e recursos tecnolóxicos, seguimos precisando a voz que nos anaina e o corpo que nos sostén, desde o berce ao cadaleito. Estamos feitos de palabras, de voces que evocan un pasado, o noso, e de ecos que definen a cultura da que formamos parte e que expresamos todas e todos de forma oral nos espazos afectivos e de confort, áínda que este libro, necesario, seguramente imprescindible cando falemos de oralidade de aquí en adiante, trata sobre todo desa xente que, como a autora, se dedican profesionalmente a contar, os que fan da palabra envurullada coa voz un medio de vida.

Santiago de Compostela:  
Através Editora. 2021. 147 pp.  
ISBN 978-84-16545-55-1

CARBALLEIRA, Paula  
*E continuaremos a contar.*  
*A narrativa oral como ato de visibilidade e sobrevivência*  
Antonio Reigosa

*E continuaremos a contar. A narrativa oral como ato de visibilidade e sobrevivência*, da autoría de Paula Carballeira, comeza con dous prólogos; o primeiro asinado pola xornalista Lara Rozados e o segundo pola narradora oral, psicóloga educacional e bibliotecaria, Cristina Taquelim.

Lara Rozados lémbrase do primeiro encontro coa autora, sendo ela ainda unha adolescente, cando lle escotara o conto coñecido como *Os sete cabritos*. Quedou tan impresionada polas formas e recursos expresivos que, dalgunha maneira, aquel acto guioulle a vida. Opina que este libro é un alegato sobre a necesidade de contar, de escotitar e de establecer, en definitiva, unha comunicación bidireccional entre as persoas. Contar e que nos conten, disposición que tanto precisamos para estarmos e para sermos no mundo.

Cristina Taquelim fai memoria dunha experiencia persoal, a de percorrer a casa onde vivía de cativa cos ollos pechados como experiencia creativa do ‘animal imaginario’ que somos, o que é quen de religar coas imaxes soñadas un decorado para o tempo que ha vir; o tempo das 43 palabras más repetidas pola autora no seu ensaio. Considera esta obra un xesto de profunda xenerosidade.

### Contar para sobrevivir

A obra desenvólvese en 27 capítulos breves nos que se mesturan historias e reflexións sobre aspectos ou situacións a ter en conta no oficio de contar. En xeral, apóiase nas experiencias propias que o tempo lle foi revelando des que se dedica profesionalmente a contar historias, sexa cal sexa o formato pois, amais de narradora, a autora conta cun importante currículo como escritora e actriz.

A primeira reflexión, non se podería obviar, repara na coincidencia do tempo da escrita deste ensaio co desenvolvemento das progresivas ondas da pandemia provocada pola COVID-19, o que obrigou a reducir drásticamente a actividade cultural xeral e tamén, xa ora, as sesións presenciais de narración oral. Aínda así, dunha ou doutra maneira continuamos a contar para, como apunta a autora, non quedarmos sós.

O seguinte capítulo trata da identidade e da decisiva circunstancia de ser ela muller. A outra cuestión relacionada coa identidade ten que ver cos dous valores primordiais a defender: a nosa lingua e a nosa cultura, aspectos que para a autora son irrenunciabes á hora de recrear calquera historia.

No capítulo seguinte, titulado ‘A avó’, desenvólvese unha pequena e tenra historia que fala da forza reparadora tanto do acto de contar como do de escotitar. Confronta o mundo que se vai, representado pola avoa que ten necesidade de deixar memoria, co da vida que comeza, representado pola súa propia neta, mentres a xeración intermedia asiste como espectadora. Eis a necesidade de transcender que temos os humanos, de deixar pegada sequera inmaterial na mente dos nosos descendentes.

A seguir, a autora dedica unhas páxinas a definir e dar a súa opinión sobre os elementos básicos que forman parte da narración oral, o que, por outra parte, segundo afirma, así concibida como espectáculo é unha actividade recente. Comenta os recursos da oralidade e a importancia que teñen a estrutura, cronoloxía, as repeticións cando son necesarias, a xestualidade, a entoación, as pausas e silencios ou as fórmulas de entrada e saída. Recomenda as frases simples, apelando a quen escota, motivándoo e reclamando a súa atención. Tamén repara nas características da oralidade como acto efémero, de memoria e evocador.

CARBALLEIRA, Paula  
*E continuaremos a contar.*  
*A narrativa oral como ato de visibilidade e sobrevivência*  
Antonio Reigosa

Ao tratar a visibilidade da narración oral fala dos espazos onde desenvolven a súa actividade os profesionais e que é diferente segundo o xénero de quen conta. Afirma que as mulleres foron progresivamente conquistando chanzos pero que queda aínda moito para a igualdade efectiva neste campo. Máis alá dos espectáculos programados para as idades infantís, nos do mundo adulto a presenza da muller redúcese drasticamente, tanto na faceta de narradoras como na de espectadoras. A isto, que é froito da súa experiencia e quizais tamén de ser a primeira muller que comezou a contar contos entre nós, engade a súa concepción do feito de narrar que o compara a espirse dun mesmo, a poñer sobre o escenario a carga emocional persoal, a de facer visible o oculto e a de dar voz a quen, por prexuízos ou invisibilidade social, non a ten ou ninguén escucha.

Contar pode combater as experiencias traumáticas e aborrece o esquecemento. Canda os contos van as nosas inquietudanzas, os noso medos. A bagaxe fundamental, a que nos cohesiona é a cultura que marca rumbos e que, ao nutrirse de memoria e tradición, actúa como unha coiraza contra imposicións, manipulacións e opresións. Contar, ao rememorar pasado, serve para sobrevivir.

### **A memoria, fonte da sabedoria, serve para sobrevivir**

Varias das reflexións que propón a autora xiran arredor da idea de memoria como nexo co pasado e como capacidade humana para recrear o que xa foi, o que escouitou ou o que experimentou. Na memoria viaxa ese pasado que sempre deixá pegada, unha sorte de cuño da tradición metamorfoseada en historias con vontade de sobrevivirnos.

Pon un exemplo, a fábula da tartaruga e a elefanta. A tartaruga vive preocupada pois non atopa quen desexe herdar a pesada carga da súa memoria. Só a elefanta acepta, xa que está disposta a recibir e transmitir esa carga que tanto lle pesa á tartaruga. Pero ningunha transmisión sería posible sen as emocións, mesmo as commocións, sempre comedidas, que son a chispa que provoca que compartamos as historias. Transmitir emocións a través das historias que contamos altera o noso estado de ánimo; o de quen conta e quen escucha. De aí a importancia de saber escutar para captar todos os matices, para dixerilos e gozalos. A atención, o silencio atento, acompañan a quen narra.

A autora pon de exemplo unha lembranza: as lecturas que unha profesora lles regalaba dos contos de E. A. Poe. Rememora os silencios dos que escouitaban, a importancia de modular a luz ambiente e a forza comunicativa das miradas intercambiadas entre a profesora e o alumnado que escouitaba. As miradas falan!

### **A comunicación non verbal, o silencio e a distancia**

É sabido que todo o noso corpo comunica; non só coa voz. Dicimos moi e moi importante cos xestos, consciente ou inconscientemente. As mans que acompañan a historia, os pés que danzan, que dubidan e achegan ou afastan a historia, e tamén a quen narra, do auditorio. Todo o noso conta, mesmo os silencios forman parte dessa comunicación non verbal; é outra maneira, normalmente complementaria, de expresármonos.

A propósito desta xestualidade, a autora dedica un capítulo a avaliar a linguaaxe audiovisual, medio que se viron obrigados a usar narradoras

CARBALLEIRA, Paula  
*E continuaremos a contar.*  
*A narrativa oral como ato de visibilidade e sobrevivência*  
Antonio Reigosa

e narradores mentres estivo suspendida a actividade presencial. E conclúe que non é o mesmo, que se perden demasiados matices, que a interacción non funciona igual de ben e que, como mínimo, se perde o que a persoa que escoita pode expresar coas súas miradas, risos ou sorrisos, acenos... e que exemplifica marabillosamente na historia que relata o desexo dunha filla por reencontrarse co seu pai morto. Un encontro frío e baleiro, como corresponde a citarse con quen non está en ningures.

## O repertorio e as emocións

Cadaquén busca as historias que quere contar en mil fontes, sexan orais ou escritas, tradicionais ou de creación. Un suceso ou unha conversa poden influír decisivamente nun repertorio que, á fin, é o resultado desa procura e desa experiencia, da calidade da receptividade coa que o público os recibe e do acerto de quen conta por atopar as palabras precisas, os xestos e os momentos para as historias que escolleu para contar como moi ben ilustra a autora no relato ‘Por cada conto un dente’.

‘A vida vai-se contando entre palabras e silêncios’, frase que resume a reflexión da autora sobre as sensacións do tempo e o que en cada tempo cada idade prefire escoitar. Quen narra debe saber adaptar o seu repertorio a cada tipo de público, ao lugar e ao momento de contar, pois, como ela tamén afirma, os contos non teñen idade pero quen escoita, si.

‘O humor ilumina, desprende faíscas’. O humor é outra ferramenta imprescindible que libera a quen padece opresións, pero a autora fai referencia á necesidade de ter coidado cos recursos humorísticos cando se usan para afogueirar lumes que incitan ao odio, violencia ou sexismoxo.

Outra emoción que aparece con frecuencia nos contos, e que comenta a autora, é o medo. Os contos poden axudar a controlar os medos, todos os medos, incluído o medo maior posible que é o medo á morte, como reflicte o relato titulado ‘O barco fantasma’, evocación dunha experiencia persoal.

E cunha reflexión sobre a idea de tradición que, ao seu ver, está en permanente renovación e actualización, que non é un fósil senón un camiñar sempre cara adiante co impulso da bagaxe do tempo do que somos herdeiros, remata a obra.

## Conclusións

Para concluir, aplaudimos a publicación desta obra, pois é necesario que profesionais da narración oral como Paula Carballeira compartan reflexións sobre o acto cultural de contar e sobre os seus significados, considerados desde a meditación e a experiencia.

A estrutura da obra en capítulos breves, centrados en aspectos moi concretos e ilustrados didacticamente, facilita a lectura e a comprensión das ideas que nos ofrece. A exposición concisa e clara das características e elementos que interveñen na comunicación oral provoca, como entendo que pretendía a autora, que nós tamén reflexionemos sobre a nosa propia experiencia de contadores da vida, pois todos somos, dunha ou doutra maneira, narradoras e narradores orais.

Contar, como insiste a autora, é unha necesidade; probablemente o único recurso que temos os humanos para podermos sobrevivir.